



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 83
27 de xaneiro de 2021

Fascículo 4



CSV: BOPGDSPGms.JjkVFH7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9006) [30188](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9004) [30211](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 9007) [30248](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 8937 (11/PNP-000897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como dos centros de día e discapacidade [30277](#)

Admisión a trámite e publicación

I 8040 (11/PNP-000829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia instando o Goberno de España a garantir a viabilidade da industria naval por medio do mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos *Next Generation* e a reclamación ante a Unión Europea da garantía do principio de igualdade na recepción das axudas [30282](#)

I 8059 (11/PNP-000830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia [30286](#)



I 8069 (11/PNP-000831)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer de forma inmediata novas medidas extraordinarias de apoio económico, e particularmente axudas directas, para os sectores económicos máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense

[30291](#)**I 8105 (11/PNP-000833)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 3 máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para demandar do Consello Económico e Social a elaboración e remisión á Cámara dun estudo específico sobre a situación económica galega

[30294](#)**I 8111 (11/PNP-000834)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación con abordar a problemática da factoría de Siemens-Gamesa no concello das Somozas

[30298](#)**I 8120 (11/PNP-000835)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para realizar cribados masivos de PCR entre o persoal sanitario da área de Ferrol

[30302](#)**I 8156 (11/PNP-000836)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que tome en consideración a necesidade da ampliación da formación académica en gaita de fol nos estudos musicais comprometéndose cunha maior oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidades, así como a inclusión do grao superior de Instrumentos de Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña e a creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música

[30305](#)**I 8182 (11/PNP-000838)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para informar no primeiro trimestre deste ano do grao de execución do Plan estratéxico do Xacobeo 2021

[30309](#)**I 8190 (11/PNP-000839)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que informe, no primeiro trimestre deste ano por provincias, de cales foron as actuacións nas que se investiron os 105 millóns do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021 [30311](#)

I 8207 (11/PNP-000840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa situación xerada pola crise da covid-19 no sector do pequeno e mediado comercio e a súa reactivación [30314](#)

I 8214 (11/PNP-000841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa renovación das demandas de emprego [30318](#)

I 8232 (11/PNP-000842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da reforma legislativa prevista polo Goberno central no status dos pactos sucesorios que reflicte o dereito civil de Galicia [30321](#)

I 8238 (11/PNP-000843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de instalación dunha central hidroeléctrica reversible promovido por Naturgy nos encoros das Conchas e Salas [30325](#)

I 8256 (11/PNP-000844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun protocolo de evacuación de todas as persoas residentes en centros de atención residencial, positivas en covid-19, para o seu traslado a centros intermedios ou hospitalarios [30328](#)

I 8301 (11/PNP-000845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a dación en conta polo Goberno galego da execución do orzamento investido no ano 2020 na organización do Xacobeo 2021, así como do proxecto cultural adaptado ao actual marco epidémico [30330](#)

I 8340 (11/PNP-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre a continuación polo Goberno galego das reunións de traballo para elaborar o Plan integral de danza de Galicia [30333](#)

I 8343 (11/PNP-000847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra [30335](#)

I 8380 (11/PNP-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia no ano 2021 das obras de reforma necesarias no Centro de Saúde de Ribeira e sobre a garantía da total cobertura do seu cadro de persoal sanitario [30337](#)

I 8381 (11/PNP-000849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a realización pola Xunta de Galicia das xestións oportunas para a inclusión do galego entre os idiomas que Twitter ofrece como opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido [30339](#)

I 8385 (11/PNP-000850)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto das medidas establecidas no artigo 42 do Real decreto lei 11/2020, en relación coa flexibilidade dos contratos de subministración de electricidade para autónomos e empresas [30341](#)

I 8389 (11/PNP-000851)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa universalización da educación infantil [30344](#)

I 8417 (11/PNP-000852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a asunción polo Goberno galego das recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu Informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016 [30348](#)

I 8420 (11/PNP-000853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para a reapertura e o funcionamento da base de helicópteros contra incendios na localidade de Porqueirós, no concello de Muíños, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés [30350](#)



I 8430 (11/PNP-000854)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto no artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia [30354](#)**I 8443 (11/PNP-000855)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalaría [30356](#)**I 8449 (11/PNP-000856)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a liquidez e supervivencia do sector do pequeno e mediano comercio en Galicia [30359](#)**I 8462 (11/PNP-000857)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para facilitar o acceso da mocidade ao transporte público [30362](#)**I 8468 (11/PNP-000858)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas ao alugueiro de vivenda [30365](#)**I 8487 (11/PNP-000859)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural [30369](#)**I 8499 (11/PNP-000860)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural [30372](#)**I 8500 (11/PNP-000861)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co procedemento de contratación do servizo de mantemento no centro de Navantia Ría de Ferrol [30375](#)

I 8503 (11/PNP-000862)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas demandas dos representantes do sector da hostalaría referidas á crise que está a atravesar, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [30386](#)

I 8504 (11/PNP-000863)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e/ou con discapacidade ao cargo de familias monoparentais no caso de que haxa positivos ou corentena pola covid-19 [30383](#)

I 8516 (11/PNP-000864)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para resolver as carencias e deficiencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Hospital Psiquiátrico de Conxo [30386](#)

I 8524 (11/PNP-000865)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos [30388](#)

I 8529 (11/PNP-000866)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e a mellora da competitividade da estación de montaña de Manzaneda [30391](#)

I 8534 (11/PNP-000867)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de programar a vacinación fronte á covid-19 do persoal do servizo de axuda no fogar e dos técnicos de emerxencias sanitarias [30396](#)

I 8541 (11/PNP-000868)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións precisas para a retirada do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés da motobomba calcinada nos incendios de 2020 [30400](#)

I 8563 (11/PNP-000869)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a actividade e programación cultural da cidade de Ourense [30403](#)

I 8581 (11/PNP-000870)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o ano 2021, dun plan de prevención para minimizar o risco de incendios forestais e aumentar a resiliencia en Galicia [30406](#)

I 8583 (11/PNP-000871)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e desenvolver o Plan de mellora da atención no rural mediante a dinamización e modernización das oficinas agrarias comarcais [30409](#)

I 8585 (11/PNP-000872)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre o impulso e desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia para o sector cárnico [30413](#)

I 8606 (11/PNP-000873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a ampliación do número de xulgados de primeira instancia no partido xudicial de Vigo [30416](#)

I 8611 (11/PNP-000874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a realización do Goberno galego das actuacións necesarias co fin de habilitar no Xulgado vello da Parda, en Pontevedra, unhas dependencias axeitadas para as vítimas de violencia de xénero [30418](#)

I 8622 (11/PNP-000875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia [30421](#)

I 8624 (11/PNP-000876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co legado material e inmaterial de Sargadelos [30424](#)

I 8640 (11/PNP-000877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis



Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que coordine unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros [30429](#)

I 8642 (11/PNP-000878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que retire os elementos separadores instalados no pavimento do vial do Porto de Raxó e instale no seu lugar unha varanda de protección tanto para vehículos como para persoas, así como acordar co concello de Poio e coa comisión de seguimento das obras os proxectos, o calendario e a contratación das obras dos portos do Covelo e Raxó comprometidas no ano 2009, para que poidan executarse entre os anos 2021 e 2022

[30431](#)

I 8675 (11/PNP-000879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para a apertura dun centro de día ou recurso similar para persoas maiores e/ou dependentes no concello de Touro

[30434](#)

I 8769 (11/PNP-000882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o aprazamento de operacións do Complexo Hospitalario de Ourense durante a vaga de covid-19 do mes de outubro e aos protocolos activados

[30436](#)

I 8793 - 8961 (11/PNP-000883)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas

[30440](#)

I 8800 (11/PNP-000884)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para que proceda á redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21 % a un 10 %, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade por mor da crise da covid-19

[30445](#)

I 8808 (11/PNP-000885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra

[30447](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 8569 (11/INT-000518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación [30450](#)

I 8941 (11/INT-000527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para a vacinación fronte á covid-19 [30456](#)

Admisión a trámite e publicación

I 8063 (11/INT-000496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia [30461](#)

I 8109 (11/INT-000498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación económica de Galicia nesta nova vaga de gromos e das previsións macroeconómicas referentes ao balance dos anos 2020 e 2021 [30465](#)

I 8115 (11/INT-000499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os centros produtivos de instalación para a enerxía eólica [30469](#)

I 8124 (11/INT-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia tendentes á eliminación da reiteración de gromos de covid-19 aparecidos entre o persoal do Sergas e entre doentes dos centros hospitalarios da área de Ferrol [30472](#)

I 8160 (11/INT-000501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a planificación polo Goberno galego dunha proposta académica tendente á ampliación, por unha banda, da oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cul-



tura e Universidade de gaita de fol e, pola outra, á creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música [30475](#)

I 8184 (11/INT-000503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o grao de execución do Plan estratéxico do Xacobeo 2021, elaborado pola Xunta de Galicia

[30479](#)

I 8192 (11/INT-000504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que informe, no primeiro trimestre deste ano por provincias, de cales foron as actuacións nas que se investiron os 105 millóns do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

[30481](#)

I 8211 (11/INT-000505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise da covid-19 no sector comercial

[30483](#)

I 8230 (11/INT-000506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa demarcación xudicial en Galicia

[30487](#)

I 8259 (11/INT-000507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios

[30490](#)

I 8302 (11/INT-000508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa programación cultural para a celebración do Ano Xacobeo 2021

[30492](#)

I 8418 (11/INT-000509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego en relación coa extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia

[30496](#)

I 8438 (11/INT-000510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos



Sobre a política do Goberno galego en relación cos informes do Consello Económico e Social de Galicia
[30499](#)

I 8445 (11/INT-000511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise sanitaria xerada pola covid-19 no sector da hostalaría
[30501](#)

I 8451 (11/INT-000512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto económico da crise xerada pola covid-19 no sector do comercio
[30503](#)

I 8466 (11/INT-000513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co acceso da mocidade ao transporte público
[30505](#)

I 8472 (11/INT-000514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas ao alugueiro de vivenda
[30508](#)

I 8483 (11/INT-000515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento do Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural
[30512](#)

I 8508 (11/INT-000516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención das persoas dependentes e con discapacidade na actual situación de pandemia
[30515](#)

I 8536 (11/INT-000517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19
[30519](#)

I 8625 (11/INT-000519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia
[30523](#)



I 8628 (11/INT-000520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos espazos de creación artística e cultural [30525](#)

Admisión da retirada e publicación do acordo

I 7470 (11/INT-000475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que se deben tomar diante da nova onda de contaxios por covid-19 e a estratexia de vacinación [30187](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9006)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9004)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 9007)

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 8937 (11/PNP-000897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como dos centros de día e discapacidade.



Admisión a trámite e publicación

- 8040 (11/PNP-000829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia instando o Goberno de España a garantir a viabilidade da industria naval por medio do mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos *Next Generation* e a reclamación ante a Unión Europea da garantía do principio de igualdade na recepción das axudas

- 8059 (11/PNP-000830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento e aprobación dun novo Plan sectorial eólico para Galicia

- 8069 (11/PNP-000831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe de levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer de forma inmediata novas medidas extraordinarias de apoio económico, e particularmente axudas directas, para os sectores económicos máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense

- 8105 (11/PNP-000833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 3 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para demandar do Consello Económico e Social a elaboración e remisión á Cámara dun estudo específico sobre a situación económica galega

- 8111 (11/PNP-000834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación con abordar a problemática da factoría de Siemens-Gamesa no concello das Somozas

- 8120 (11/PNP-000835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para realizar cribados masivos de PCR entre o persoal sanitario da área de Ferrol

- 8156 (11/PNP-000836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que tome en consideración a necesidade da ampliación da formación académica en gaita de fol nos estudos musicais comprometéndose cunha maior oferta



formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidades, así como a inclusión do grao superior de Instrumentos de Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña e a creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música

- 8182 (11/PNP-000838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para informar no primeiro trimestre deste ano do grao de execución do Plan estratéxico do Xacobeo 2021

- 8190 (11/PNP-000839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que informe, no primeiro trimestre deste ano por provincias, de cales foron as actuacións nas que se investiron os 105 millóns do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

- 8207 (11/PNP-000840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa situación xerada pola crise da covid-19 no sector do pequeno e mediado comercio e a súa reactivación

- 8214 (11/PNP-000841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa renovación das demandas de emprego

- 8232 (11/PNP-000842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia da reforma lexislativa prevista polo Goberno central no status dos pactos sucesorios que reflicte o dereito civil de Galicia

- 8238 (11/PNP-000843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co proxecto de instalación dunha central hidroeléctrica reversible promovido por Naturgy nos encoros das Conchas e Salas

- 8256 (11/PNP-000844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre a elaboración polo Goberno galego dun protocolo de evacuación de todas as persoas residentes en centros de atención residencial, positivas en covid-19, para o seu traslado a centros intermedios ou hospitalarios

- 8301 (11/PNP-000845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a dación en conta polo Goberno galego da execución do orzamento investido no ano 2020 na organización do Xacobeo 2021, así como do proxecto cultural adaptado ao actual marco epidémico

- 8340 (11/PNP-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a continuación polo Goberno galego das reunións de traballo para elaborar o Plan integral de danza de Galicia

- 8343 (11/PNP-000847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra

- 8380 (11/PNP-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia no ano 2021 das obras de reforma necesarias no Centro de Saúde de Ribeira e sobre a garantía da total cobertura do seu cadro de persoal sanitario

- 8381 (11/PNP-000849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a realización pola Xunta de Galicia das xestións oportunas para a inclusión do galego entre os idiomas que Twitter ofrece como opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido

- 8385 (11/PNP-000850)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto das medidas establecidas no artigo 42 do Real decreto lei 11/2020, en relación coa flexibilidade dos contratos de subministración de electricidade para autónomos e empresas

- 8389 (11/PNP-000851)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis



Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa universalización da educación infantil

- 8417 (11/PNP-000852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a asunción polo Goberno galego das recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu Informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016

- 8420 (11/PNP-000853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para a reapertura e o funcionamento da base de helicópteros contra incendios na localidade de Porqueirós, no concello de Muíños, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

- 8430 (11/PNP-000854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto no artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia

- 8443 (11/PNP-000855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalaría

- 8449 (11/PNP-000856)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a liquidez e supervivencia do sector do pequeno e mediano comercio en Galicia

- 8462 (11/PNP-000857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para facilitar o acceso da mocidade ao transporte público

- 8468 (11/PNP-000858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas ao alugueiro de vivenda



- 8487 (11/PNP-000859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural

- 8499 (11/PNP-000860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural

- 8500 (11/PNP-000861)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co procedemento de contratación do servizo de mantemento no centro de Navantia Ría de Ferrol

- 8503 (11/PNP-000862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas demandas dos representantes do sector da hostalaría referidas á crise que está a atravesar, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia)

- 8504 (11/PNP-000863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e/ou con discapacidade ao cargo de familias monoparentais no caso de que haxa positivos ou corentena pola covid-19

- 8516 (11/PNP-000864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para resolver as carencias e deficiencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Hospital Psiquiátrico de Conxo

- 8524 (11/PNP-000865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral en que se atopan os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago, anteriormente inserida na liña Lugo-Santiago, con anexos



- 8529 (11/PNP-000866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e a mellora da competitividade da estación de montaña de Manzaneda

- 8534 (11/PNP-000867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de programar a vacinación fronte á covid-19 do persoal do servizo de axuda no fogar e dos técnicos de emerxencias sanitarias

- 8541 (11/PNP-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións precisas para a retirada do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés da motobomba calcinada nos incendios de 2020

- 8563 (11/PNP-000869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar a actividade e programación cultural da cidade de Ourense

- 8581 (11/PNP-000870)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o ano 2021, dun plan de prevención para minimizar o risco de incendios forestais e aumentar a resiliencia en Galicia

- 8583 (11/PNP-000871)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e desenvolver o Plan de mellora da atención no rural mediante a dinamización e modernización das oficinas agrarias comarcais

- 8585 (11/PNP-000872)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre o impulso e desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia para o sector cárnico

- 8606 (11/PNP-000873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a ampliación do número de xulgados de primeira instancia no partido xudicial de Vigo



- 8611 (11/PNP-000874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a realización do Goberno galego das actuacións necesarias co fin de habilitar no Xulgado vello da Parda, en Pontevedra, unhas dependencias axeitadas para as vítimas de violencia de xénero

- 8622 (11/PNP-000875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia

- 8624 (11/PNP-000876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co legado material e inmaterial de Sargadelos

- 8640 (11/PNP-000877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que coordine unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros

- 8642 (11/PNP-000878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que retire os elementos separadores instalados no pavimento do vial do Porto de Raxó e instale no seu lugar unha varanda de protección tanto para vehículos como para persoas, así como acordar co concello de Poio e coa comisión de seguimento das obras os proxectos, o calendario e a contratación das obras dos portos do Covelo e Raxó comprometidas no ano 2009, para que poidan executarse entre os anos 2021 e 2022

- 8675 (11/PNP-000879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para a apertura dun centro de día ou recurso similar para persoas maiores e/ou dependentes no concello de Touro

- 8769 (11/PNP-000882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o aprazamento de operacións do Complexo Hospitalario de Ourense durante a vaga de covid-19 do mes de outubro e aos protocolos activados



- 8793 - 8961 (11/PNP-000883)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 8961.

- 8800 (11/PNP-000884)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para que proceda á redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21 % a un 10 %, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade por mor da crise da covid-19

- 8808 (11/PNP-000885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 8569 (11/INT-000518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación

- 8941 (11/INT-000527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para a vacinación fronte á covid-19

Admisión a trámite e publicación

- 8063 (11/INT-000496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia



- 8109 (11/INT-000498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación económica de Galicia nesta nova vaga de gromos e das previsións macroeconómicas referentes ao balance dos anos 2020 e 2021

- 8115 (11/INT-000499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os centros produtivos de instalación para a enerxía eólica

- 8124 (11/INT-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia tendentes á eliminación da reiteración de gromos de covid-19 aparecidos entre o persoal do Sergas e entre doentes dos centros hospitalarios da área de Ferrol

- 8160 (11/INT-000501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a planificación polo Goberno galego dunha proposta académica tendente á ampliación, por unha banda, da oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidade de gaita de fol e, pola outra, á creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música

- 8184 (11/INT-000503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o grao de execución do Plan estratéxico do Xacobeo 2021, elaborado pola Xunta de Galicia

- 8192 (11/INT-000504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que informe, no primeiro trimestre deste ano por provincias, de cales foron as actuacións nas que se investiron os 105 millóns do plan de investimentos recollido dentro do Plan estratéxico Xacobeo 2021

- 8211 (11/INT-000505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise da covid-19 no sector comercial

- 8230 (11/INT-000506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego en relación coa demarcación xudicial en Galicia

- 8259 (11/INT-000507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios

- 8302 (11/INT-000508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa programación cultural para a celebración do Ano Xacobeo 2021

- 8418 (11/INT-000509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego en relación coa extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia

- 8438 (11/INT-000510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego en relación cos informes do Consello Económico e Social de Galicia

- 8445 (11/INT-000511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise sanitaria xerada pola covid-19 no sector da hostalaría

- 8451 (11/INT-000512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto económico da crise xerada pola covid-19 no sector do comercio

- 8466 (11/INT-000513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co acceso da mocidade ao transporte público

- 8472 (11/INT-000514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas ao alugueiro de vivenda



- 8483 (11/INT-000515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento do Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural

- 8508 (11/INT-000516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención das persoas dependentes e con discapacidade na actual situación de pandemia

- 8536 (11/INT-000517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19

- 8625 (11/INT-000519)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia

- 8628 (11/INT-000520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos espazos de creación artística e cultural

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 7470 (11/INT-000475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que se deben tomar diante da nova onda de contaxios por covid-19 e a estratexia de vacinación

BOPG nº 75, do 13.01.2021

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 8570.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE
SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN
ECONÓMICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-000002).**

Emenda nº1, de Modificación. Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Proponse substituír en todo o texto a expresión "Oficina Doing Busines Galicia" por "Oficina Facendo Negocios Galicia."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Adición. Artigo 1

Débese engadir *in fine*, neste artigo o seguinte texto:

"... con plenas garantías da súa sostibilidade económica, social e ambiental, reducindo as barreiras normativas e administrativas, establecendo unha serie de medidas que modernicen a administración autonómica, permitindo unha xestión máis áxil e eficiente."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo bis, neste artigo que terá o seguinte contido:

bis. Esta lei ten tamén por obxecto facilitar a programación, orzamentación, xestión e execución das actuacións financiadas con fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020 co fin de impulsar o crecemento económico e a creación de emprego, recuperar e reparar os danos da crise ocasionada pola pandemia do SARS-CoV-2 e promover un proceso de transformación estrutural mediante o impulso do investimento público e privado e o apoio



ao tecido produtivo, a aceleración da dupla transición ecolóxica e dixital, e o reforzo e incremento da resiliencia e da cohesión económica, social e territorial no marco do mercado único europeo."

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

No punto 1 deste artigo, despois de: "... da pandemia da covid-19 ...", débese engadir a seguinte frase: "... así como establecer as bases para os necesarios cambios no sistema produtivo que sustenta a economía galega, ..."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

Débese engadir *in fine*, no punto 1 deste artigo, o seguinte texto:
"... e a mellora da calidade da calidade de vida da cidadanía de Galicia."

Emenda nº6, ao apartado 2.d) bis), de Adición. Artigo 2

No punto 2 deste artigo débese crear unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

d) bis. Aumentar a coordinación entre unidades administrativas para a xestión eficaz dos fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, mediante a creación de grupos de traballo ou comisións paritarias que garantan unha xestión eficaz dos proxectos, que coordinen as materias transversais de xestión e solucións comúns a todos os departamentos en materias tales como a contratación pública, os procesos de convocatoria de subvenciones ou axudas, a creación de vehículos para a colaboración público privada, a adopción de sistemas informáticos ou solucións dixitais para a xestión dos fondos ou, calquera outras materias que sexan precisas para a mellor implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."



Emenda nº7, ao apartado 2.d) ter), de Adición. Artigo 2

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

d) ter. Establecer mecanismos de mellora continua dos procedementos administrativos, a partires dun coñecemento real, transparente e rigoroso do desempeño real das administracións galegas no ámbito dos procedementos necesarios para a posta en marcha, modificación e/ou ampliación de proxectos empresariais. Estes mecanismos serán publicados no momento da súa aprobación."

Emenda nº8, ao apartado 2 quater), de Adición. Artigo 2

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) quater, que terá o seguinte contido:

"d) quater. Establecer canles de comunicación e colaboración coas organizacións empresariais para lograr os fins previstos nesta lei."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 3

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., así como ás administracións públicas galegas que desenvolvan calquera actuación dirixida á programación, orzamentación, xestión, execución e/ou control de proxectos e actuacións que sexan financiáveis cos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación."

Emenda nº10, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 4

Proponse unha nova redacción para a letra a) do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, no Estatuto de autonomía, no dereito comunitario e na



normativa estatal aplicable en consonancia coa promoción da competencia efectiva nos mercados."

Emenda nº11, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 4

Proponse unha nova redacción para a letra b) do punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) Obxectividade, eficacia, eficiencia, responsabilidade e coordinación das actuacións das administracións públicas de Galicia con competencias en materia de implantación das iniciativas empresariais e xestión de fondos europeos, especialmente os que proveñan do fondos do Instrumento Europeo de Recuperación."

Emenda nº12, ao apartado 1.b) bis), de Adición. Artigo 4

Débese engadir no punto 1 deste artigo unha nova letra b) bis, que terá o seguinte contido:

"b) bis. Planificación estratéxica e xestión por obxectivos co establecemento de indicadores a tal efecto."

Emenda nº13, ao apartado 1.b) ter), de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra b) ter no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) ter. Axilidade, celeridade, complicitade e claridade nos procedementos, procesos e execución de tarefas."

Emenda nº14, ao apartado 1.b) quater), de Adición. Artigo 4

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) quater, que terá o seguinte contido:

b) quater. Racionalización e eficiencia administrativa e no uso de recursos e medios, así como transparencia dos resultados e procesos de mellora continua."



Emenda nº15, ao apartado 1.b) quinquies), de Adición. Artigo 4

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) *quintus*, que terá o seguinte contido:

"b) *quintus*. Participación, diálogo e transparencia en concordancia cunha correcta avaliación, seguimento e reprogramación para o cumprimento de obxectivos."

Emenda nº16, ao apartado 1.b) *sexies*), de Adición. Artigo 4

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) *sextus*, que terá o seguinte contido:

"b) *sextus*. Control eficaz do gasto público, responsabilidade na xestión e rendición de contas e prevención eficaz dos conflitos de intereses, a fraude e as irregularidades."

Emenda nº17, ao apartado 1.b) *septies*), de Adición. Artigo 4

No punto 1 deste artigo débese engadir unha nova letra b) *septimus* que terá o seguinte contido:

"b) *septimus*. Igualdade, mérito, capacidade e publicidade nas provisións de persoal de duración determinada previstas."

Emenda nº18, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir a letra c) do punto 1 deste artigo.

Emenda nº19, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 4



Na letra d), do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"..., sen comprometer a capacidade de futuras xeracións, garantindo o equilibrio entre o crecemento económico, o coidado do medio ambiente e o benestar social."

Emenda nº20, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1.bis En concordancia co exposto no apartado anterior, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa, exercerá a coordinación entre unidades administrativas para a xestión eficaz dos fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, mediante a creación de grupos de traballo que garantan unha xestión eficaz dos proxectos, que coordinen as materias transversais de xestión e solucións comúns a todos os departamentos."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 6

No punto 2 deste artigo. Onde di: " Para os efectos previstos no número anterior ...", debe dicir: "Para os efectos previstos nos apartados anteriores ..."

Emenda nº22, ao apartado 2.d) bis), de Adición. Artigo 6

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. Coordinará a programación, orzamentación, xestión, execución e/ou control de proxectos e actuacións que sexan financiáveis cos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 7



Proponse unha nova estrutura para este artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"Corresponde á consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa:

a) A asistencia e colaboración coa consellaría con competencias en materia de economía e empresa nas tarefas de planificación dos procesos de revisión periódica do marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais e, en xeral, á actividade económica, co fin de facer efectivo o principio de boa regulación."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 7

Segundo a emenda anterior débese engadir unha nova letra b), que terá o seguinte contido:

"b) A proposición de mellora desta normativa, en virtude do resultado de seguimento realizado previamente."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 7

Segundo a estrutura proposta para este artigo, débese crear unha letra c) que terá o seguinte contido:

"c) A elaboración dun sistema de avaliación para o Sistema de atención ao investimento que permita visualizar o cumprimento dos obxectivos perseguidos e establecidos previamente."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 8

Débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., así como os reportes de indicadores de seguimento de resultados da mellora e simplificación a través de informes periódicos que se farán públicos."



Emenda nº27, de Modificación. Artigo 9

Propónse unha nova redacción para o primeiro parágrafo deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Corresponde aos concellos galegos, no seu ámbito competencial propio, contribuír á recuperación da actividade económica e do emprego, entre outras, facendo así efectivo o principio de boa regulación e seguindo o disposto no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia mediante as seguintes medidas e actuacións no marco previsto nesta lei:"

Emenda nº28, ao apartado a), de Adición. Artigo 9

Na letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... , respectando en todo caso o principio de autonomía local."

Emenda nº29, ao apartado b), de Supresión. Artigo 9

A letra b) deste artigo débese suprimir.

Emenda nº30, ao apartado c), de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir a letra c) deste artigo

Emenda nº31, ao apartado d), de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir a letra d) deste artigo.

Emenda nº32, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 9



Débase engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. Prever as medidas fiscais e os instrumentos de estímulo da cohesión económica, social e territorial dos seus municipios e da súa competencia que favorezan a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal, cando se trate de deseñar e executar os eixos transversais de transición ecolóxica, transformación dixital, igualdade de xénero e a dita cohesión."

Emenda nº33, ao apartado d) ter), de Adición. Artigo 9

Débase engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d) ter. Coadxugar, co resto das administracións públicas, na simplificación de todo tipo de trámites e procedementos administrativos xa en marcha ou futuros."

Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Desenvolverase regulamentariamente un sistema de avaliación periódica anual que permita visualizar o cumprimento dos obxectivos perseguidos polo sistema de atención ao investimento."

Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 12

Proponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"1. Poderán incorporarse ao Sistema de atención ao investimento aqueles concellos que teñan adquirida a condición de «concellos emprendedores» mediante a súa adhesión ao Protocolo Xeral asinado polos presidentes da Xunta de Galicia e da Fegamp o día 10 de outubro de 2017, que estean en



trámite de adhesión ou que procedan ao dito trámite dentro do prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei ."

Emenda nº36, ao apartado 2.d), de Modificación. Artigo 12

Proponse unha nova redacción para a letra d) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de comunicación, cando sexan esixibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial; respectando, en todo caso, o disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de refundición da Lei de facendas locais, especialmente o seu artigo 103."

Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 13

Proponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo que terá o seguinte contido:

1. O Sistema de atención ao investimento incluírá información completa, actualizada e necesaria nas seguintes áreas: "

Emenda nº38, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 13

Na letra b) do punto 1, deste artigo, onde di:: "A tramitación administrativa necesaria ...", debe dicir: "... A tramitación administrativa integral necesaria ..."

Emenda nº39, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 13

Na letra c) do punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., así como todos aqueles dos que se poidan beneficiar os interesados ou interesadas."



Emenda nº40, ao apartado 1.d) bis), de Adición. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. A tramitación para optar aos fondos europeos, así como o asesoramento para a súa obtención."

Emenda nº41, ao apartado 1.d) ter), de Adición. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d) ter.Os proxectos presentados para a obtención de fondos europeos, con indicación do tipo de fondo, contía, prazos, órgano xestor e o estado de tramitación, así como da súa execución no caso de seren concedidos."

Emenda nº42, ao apartado 6, de Adición. Artigo 14

No punto 6, deste artigo, débese engadir, despois de: "... co principio de boa regulación previsto nesta lei. ...", a seguinte frase: "... e someterse a informe do Consello Consultivo de Galicia. ..."

Emenda nº43, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 14

Na letra b) do punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "... entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, ..." a seguinte frase: "... así como para a obtención de fondos europeos, ..."

Emenda nº44, de Supresión. Artigo 15



No título deste artigo, débese suprimir a seguinte palabra: "... externa."

Emenda nº45, de Modificación. Artigo 15

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"A consellaría con competencias en avaliación e reforma administrativa elaborará semestralmente unha avaliación do funcionamento e eficacia do Sistema de atención ao investimento, no que debe incluír as valoracións de todos os seus integrantes. Os informes faranse públicos e elaboraranse de maneira clara e actualizada como parte da información que ofrezca o dito sistema.

Anualmente, no marco do seu Plan de traballo anual o Consello de Contas de Galicia avaliará o funcionamento do Sistema de atención ao investimento."

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 16

Proponse unha nova estrutura para o contido deste artigo, que debe quedar redactado en dous parágrafos:

"A Oficina Facendo Negocios Galicia é o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, así como a coordinación do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais.

A Oficina depende da Secretaría Xeral Técnica da consellaría con competencias en materia de economía e empresa na súa condición de autoridade designada pola Comunidade Autónoma como punto de contacto para a unidade de mercado."





Emenda nº47, de Adición. Artigo 16 bis. Fins e obxectivos do Portal electrónico único para os operadores económicos

Propónse a creación dun novo artigo 16 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 16 bis.

1. A información en relación cos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais en relación co acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias canalizarase a través dun portal electrónico único a disposición dos operadores económicos.

2. Corresponde aos órganos competentes da Xunta de Galicia a obriga de manter permanentemente actualizada a información relativa ao marco xurídico aplicable, os réximes de intervención administrativa e os requisitos habilitantes en relación cos proxectos industriais estratéxicos, as iniciativas empresarias prioritarias, así como as posibilidades de apoio financeiro no marco do Instrumento europeo de recuperación ou outros esquemas de apoio público.

3. No portal electrónico único incorporárase unha carpeta para cada operador económico na que se integrarán as diferentes actuacións administrativas en relación con este, de forma que opere como repositorio de documentación para facer efectivo o dereito de non presentar documentos que se atopan en poder de calquera administración pública, podendo ser consultada e actualizada tanto polos operadores económicos como polas administracións públicas, salvaguardando a normativa de protección de datos así como a autonomía municipal."

Emenda nº48, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 17

Na letra c) do punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "... como proxectos industriais estratéxicos, ..." a seguinte frase: "... iniciativas empresariais prioritarias ou fondos europeos ..."

Emenda nº49, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 17

Na letra h) do punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:



"... , que será colgado na páxina *web* da consellaría con competencias en economía e empresa, e remitido e presentado ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº50, ao apartado 1.j) bis), de Adición. Artigo 17

Débese engadir unha nova letra j) bis, no punto 1, que terá o seguinte contido:

"j) bis. Velar para que o censo de solo industrial de Galicia estea actualizado."

Emenda nº51, ao apartado 1.j) ter), de Adición. Artigo 17

Débese engadir unha nova letra j) ter, no punto 1, que terá o seguinte contido:

"j) ter. Xestionar as propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos á actividade empresarial e coordinar accións pertinentes cos organismos afectados para eliminar os devanditos obstáculos."

Emenda nº52, de Adición. Artigo 19

Ab initio, neste artigo, debe crearse o seguinte parágrafo:

"A rede de oficinas de apoio á empresa, dependente da Oficina de Facendo Negocios Galicia, será a encargada do acompañamento individualizado ás persoas empresarias para a posta en marcha das iniciativas empresariais."

Emenda nº53, de Adición. Artigo 19 bis. Ventanilla única para o exercicio da actividade económica

Débese engadir un novo artigo 19 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 19 bis.



1. De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, as administracións públicas de Galicia deberán garantir que desde un único punto se poidan realizar todos os procedementos para o acceso e o exercicio da actividade económica previstos nesta lei.

2. A ventanilla única para o exercicio da actividade económica deberá comprender a información, o asesoramento e a tramitación unificada en cantos trámites sexan precisos para o acceso e o exercicio da actividade económica."

Emenda nº54, ao apartado 1, de Adición. Artigo 20

No punto 1 deste artigo, despois de: "... en materia de economía e empresa creará ,...", débese engadir a seguinte frase: "... dentro da Oficina de Facendo Negocios Galicia, ..."

Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 22

No punto 1 deste artigo, onde di: "... ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ...", debe dicir: "... empregados públicos para prestarlle"

Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

O punto 2 deste artigo debe suprimirse.

Emenda nº57, ao apartado 3 , de Supresión. Artigo 27

No punto 3, deste artigo, primeiro parágrafo, débese suprimir a expresión: "..., de ser o caso, ..."



Emenda nº58, ao apartado 1, de Adición. Artigo 30

No punto 1 deste artigo, despois de "... solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros, ...", débese engadir a seguinte expresión: "... en todo caso de carácter público, ..."

Emenda nº59, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o punto 3 deste artigo (está mal numerado, en realidade é o punto 2)

Emenda nº60, de Supresión. Artigo 35

Débese suprimir.

Emenda nº61, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir o punto 2, deste artigo.

Emenda nº62, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº63, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir o punto 2 deste artigo.

Emenda nº64, ao apartado 2, de Adición. Artigo 39

De non aceptaren a emenda de supresión do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* no segundo parágrafo do punto 2 a seguinte frase:



"..., sempre que teñan carácter público."

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 41

Debe suprimirse este artigo.

Emenda nº66, de Supresión. Artigo 54

Debe suprimirse este artigo.

Emenda nº67, de Adición. Artigo 58 bis. Instrumento de planificación estratéxica para a xestión dos fondos europeos

Débese engadir un novo artigo 58 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 bis. Instrumento de planificación estratéxica para a xestión dos fondos europeos

1 No prazo de dous meses desde a entrada en vigor da lei, a Xunta de Galicia aprobará un instrumento de planificación estratéxica en relación coa xestión dos proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no que se incluírá para cada un dos departamentos e entidades instrumentais responsables:

- a) Un plan de xestión de persoas asignadas á execución dos fondos procedentes do plan.
- b) Un plan de axilización dos procedementos de contratación vinculados á execución dos fondos procedentes do plan.
- c) Un plan de axilización dos procedementos de tramitación de subvencións e convenios administrativos para a execución de proxectos con cargo a fondos europeos.

2. O dito instrumento de planificación estratéxica deberá contemplar as sinerxias existentes no Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 da Unión Europea."



Emenda nº68, de Modificación. Artigo 60

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. A Comisión estará composta polas vicepresidencias Primeira e Segunda, pola Consellería de Facenda, Administración Pública, Mar, Medio Rural, Vivenda e Transporte e por aquelas outras consellarías ou centros directivos que se determinen mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia. Formará parte tamén da dita Comisión unha representación da Fegamp, un representante de cada grupo político con representación parlamentaria e unha representación dos axentes económicos e sociais máis representativos de Galicia."

Emenda nº69, de Adición. Artigo 62

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... no prazo máximo de tres meses."

Emenda nº70, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 63

No punto 1 deste artigo, onde di: "... poderase contar coas achegas ...", debe dicir: "... contarase coas achegas ..."

Emenda nº71, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 63

No punto 1 deste artigo, onde di: "... que determine a comisión ...", debe dicir: "... que se determine pola comisión ..."

Emenda nº72, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 63

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:



"2. Coa fin de favorecer o máximo diálogo social, constituirase un foro de participación específico conformado por representantes das organización empresariais e dos sindicatos máis representativos, sen prexuízo de utilizar os mecanismos de participación xa existentes."

Emenda nº73, de Adición. Artigo 63 bis. Colaboración coa Fegamp

Débesse crear un novo artigo 63 bis) que terá o seguinte contido:

" Artigo 63 bis. Colaboración coa Fegamp

1. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

2. A dita comisión estará conformada por cinco representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia, correspondendo a súa presidencia á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Administración local."

Emenda nº74, de Modificación. Disposición adicional quinta

Proponse unha nova redacción para esta disposición, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional quinta. Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable

Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación a través da Conferencia Sectorial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia prevista no artigo 19 do Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo



que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."

Emenda nº75, de Modificación. Disposición adicional sexta

Onde di: "No prazo de seis meses ...", debe dicir: "No prazo de dous meses ..."

Emenda nº76, de Adición. Disposición adicional sexta bis)

Débese engadir una nova disposición adicional sexta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional sexta bis. Modificación nome Oficina Doing Bussines Galicia

Adaptarase en toda a normativa actual vixente a nova denominación da "Oficina Doing Bussines Galicia" que pasará a denominarse como "Oficina Facendo Negocios Galicia."

Emenda nº77, ao apartado Dous.c), de Supresión. Disposición derradeira segunda

No apartado Dous, punto 1, débese suprimir a letra c)

Emenda nº78, ao apartado Dous.e), de Supresión. Disposición derradeira segunda

No apartado Dous, punto 1, débese suprimir a letra e)

Emenda nº79, de Adición. Disposición derradeira sexta

No apartado Quinto, punto 12, débese engadir logo de: "... aprobación do proxecto sectorial, dando ..." a seguinte palabra: "... sempre ..."



Emenda nº80, de Modificación. Exposición de motivos

Propónse unha nova redacción para a epígrafe I da exposición de motivos, que terá o seguinte contido:

"I

A situación da economía galega presentaba no comezo do ano 2020 unha serie de indicadores que facían pensar nun crecemento da riqueza do país sustentable no medio prazo. Porén, a declaración mundial de pandemia pola covid-19, realizada o 11 de marzo pola OMS, truncoou por completo calquera tipo de perspectiva e provocou unha caída do PIB absolutamente imprevisible a comezos do presente exercicio.

A covid-19 causou estragos na Unión Europea e nos seus Estados membros, cobrándose a vida de preto de 150.000 persoas e inflixindo unha dor irreparable a milleiros de persoas. Lamentablemente, e unha vez máis, a Unión Europea non estaba preparada para facer fronte a esta nova crise ao non contar cos instrumentos comunitarios necesarios para combatela de xeito inmediato, colectivo, eficaz e solidario.

A crise puxo de manifesto a fragilidade das nosas capacidades e instrumentos comúns de goberno económico e social ante tal desafío, nun momento no que se comprobou que a única resposta posible é una acción pública firme e ambiciosa.

Con todo, e a diferenza da anterior crise económica, a pesar do desconcerto inicial, a UE soubo reaccionar ante a pandemia de xeito diferente e moito máis áxil: o Banco Central Europeo adoptou en marzo un programa de adquisición de activos por valor de 750.000 millóns de euros, ampliado posteriormente a 1,35 billóns para inxectar liquidez na economía europea. Pola súa banda, a Comisión Europea activou por primeira vez a cláusula xeral de escape flexibilizando ao máximo as normas orzamentarias da Unión para que os Estados membros puidesen contrarrestar os efectos da pandemia sen dificultade; flexibilizou ao máximo as normas de axudas de Estado e mobilizou paquetes de axudas para proporcionar liquidez ás pequenas e medianas empresas e á asistencia sanitaria. Así mesmo, puxo en marcha o programa SURE, mobilizando 100.000 millóns de euros en créditos para sustentar programas de apoio temporal ao emprego como os ERTE españois.

Non obstante, a virulencia da pandemia e as medidas adoptadas para combatela, con peches e confinamentos ao longo e ancho dos 27 Estados membros, esixía una resposta fiscal capaz non só de frear o golpe no inmediato, senón de





asentar a recuperación da actividade e o emprego a medio e longo prazo.

Así o entendeu o Goberno de España, que desde o primeiro momento, xunto con outros países gravemente afectados pola covid-19 como Italia e Francia, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de estímulos fiscais a nivel comunitario capaz de asentar a recuperación económica sen deixar a ninguén atrás.

Tras semanas de intensas negociacións, tales medidas cristalizaron no Consello Europeo do pasado 21 de xullo, onde os líderes europeos pecharon un acordo histórico para a creación dun Fondo de Recuperación e Resiliencia, a principal ferramenta do Plan coñecido como Next Generation EU, por valor de 750.000 millóns de euros para investir na reactivación da economía no período 2021-2023, unha parte do cal -390.000 millóns- se destinará a subvencións e o resto -360.000 millóns- a préstamos aos Estados membros.

Como país fortemente golpeado pola covid-19, España será un dos Estados membros máis beneficiados do Fondo de Recuperación ao percibir arredor de 72.000 millóns de euros en axudas a fondo perdido e arredor de 68.000 millóns en préstamos que deben servir para impulsar a recuperación da economía española e propiciar a transformación do seu modelo produtivo.

Pero a liberación dos fondos non é automática: cada Estado membro deberá solicitar o acceso a eles presentando plans de investimentos e reformas orientadas a impulsar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, resultando indispensables ademais neste contexto os proxectos que contribúan á transición ecolóxica e dixital.

O Fondo de Recuperación abre, polo tanto, un escenario de oportunidade que Galicia non pode deixar pasar. Como comunidade afectada de importantes desequilibrios socioeconómicos e golpeada por una profunda crise demográfica, pero tamén como comunidade cun rico e dinámico tecido produtivo en campos cruciais para as transicións, ecolóxica e dixital, como as enerxías renovables, a construción naval ou a mobilidade sustentable, Galicia debe dotarse dunha estratexia capaz de sacar o máximo rendemento do Fondo de Recuperación europeo.

Galicia, co Goberno autonómico ao fronte, debe elaborar un plan global para a captación e investimento dos fondos comunitarios nos sectores estratéxicos da comunidade co obxectivo de combater non só as consecuencias negativas da pandemia senón para contrarrestar a dinámica de atonía económica da última década e reconstruír un novo modelo





produtivo capaz de facer fronte ás revolucións ecolóxica e dixital desde a xustiza social."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 25/01/2021 18:08:35



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN
ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE
GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-000002).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do Artigo 1 polo seguinte:

“Esta lei ten por obxecto establecer unha batería de medidas urxentes do ámbito económico e administrativo para abordar as consecuencias da pandemia da Covid-19 e sentar as bases da futura reactivación socioeconómica en función das necesidades e consensos, impulsando a participación pública da economía para a reorientación dos sectores produtivos e a garantía dos principios de xustiza social, igualdade de oportunidades e salvagarda do medio ambiente.”

Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 2

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 2 polo seguinte:

“1. As medidas previstas por esta lei teñen como finalidade sentar as bases para a recuperación e o incremento da actividade económica, da riqueza e do emprego en Galiza, apostando por combinar a estratexia de superación das consecuencias da covid-19 e da crise financeira coa reorientación do modelo económico e produtivo, dando prioridade ao reforzo da capacidade produtiva, ao emprego de calidade e ao aumento do contido en coñecemento e innovación das actividades económicas, reforzando a especialización cara ás actividades máis intensivas en coñecemento, apostando polo papel dinamizador da economía do sector público, con participación directa ou a través de empresas mixta, e por salvagardar o medio ambiente.”



Emenda nº3, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 2

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 2 polo seguinte:

“2. Con esta finalidade, perséguese os seguintes obxectivos:

a) Fortalecer a coordinación da actuación dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza e das entidades instrumentais do sector público autonómico galego, entre si e coas entidades locais galegas, dentro do respecto á autonomía local, así como cos organismos de participación social, para dar unha resposta áxil, dialogada e conxunta á crise da covid-19 e ás súas consecuencias nos ámbitos económicos e produtivos.

b) Impulsar ferramentas de participación pública na economía, singularmente impulsar a creación dun Instituto Galego de Crédito, como unha vía para dinamizar o crédito á economía produtiva de forma inmediata, achegar liquidez en momentos críticos como o actual e actuar como motor financeiro para o tecido produtivo galego, en especial as PEMES, autónomos e autónomas e sectores máis castigados pola pandemia e as restricións sanitarias ademais de orientar o financiamento cara a proxectos estratéxicos na reorientación do tecido produtivo.

c) Simplificar trámites administrativos mediante unha mellor coordinación das administracións e o reforzamento do persoal destas.

d) Impulsar medidas que vinculen os proxectos económicos ao fortalecemento do tecido económico galego, freen a deslocalización e vinculen o apoio público aos compromisos de mantemento do emprego e marxes mínimas de compoñente innovadora para o apoio ao investimento .”

Emenda nº4, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 3

Suprimir o apartado 3 do Artigo 3.

Emenda nº5, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 3

Suprimir o apartado 4 do Artigo 3.



Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 4 polo seguinte:

“1. As medidas previstas por esta lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos seguintes principios:

- a) o respecto e colaboración do goberno galego e dos seus instrumentos coas institucións galegas, singularmente coas administracións locais galegas, co Parlamento Galego e cos organismos estatutarios en materia de asesoramento económico, e a defensa do autogoberno.
- b) o reforzo do papel da administración galega no desenvolvemento dun novo modelo económico galego para dar unha saída propia e xusta social, ambiental e territorialmente á crise orixinada pola covid-19 e aos efectos non superados da crise financeira.
- c) a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, e sobre o desenvolvemento de iniciativas económicas, primando o principio de precaución respecto das posíbeis intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da situación de emerxencia climática.”

Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición. Artigo 4

Engadir no apartado 2 do Artigo 4 in fine o seguinte texto:

“En todo caso, preveranse medidas complementarias para poder atallar situacións de fenda dixital, que serán sempre asumidas desde o punto de vista técnico e económico por parte da Administración galega.”

Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Engadir no apartado 1 do Artigo 5 in fine o seguinte texto:

“Para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e da representación da sociedade civil organizada na vida económica, social e cultural o goberno galego conta co órgano consultivo do Consello Económico e Social.”



Emenda nº9, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 5

Suprimir o apartado 2 do Artigo 5.

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 6

Substituír o nome e o texto do Artigo 6 polo seguinte:

"A consellaría con competencias en materia de economía e innovación.

Corresponde á consellaría con competencias en materia de economía e innovación, baixo a superior dirección e coordinación do Consello da Xunta de Galicia, deseñar e executar as políticas de recuperación da actividade económica en Galiza, en particular mediante o impulso de ferramentas propias de participación na economía, sen prexuízo das competencias atribuídas ás demais consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza."

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 9

Substituír o nome e o texto do Artigo 9 polo seguinte:

"Artigo 9.- Colaboración en materia de impulso económico da Xunta de Galiza cos concellos.

Corresponde á Xunta de Galiza a colaboración cos concellos galegos, desde o recíproco respecto ao marco competencial de cada unha das administracións, para estimular e apoiar a súa contribución á recuperación da actividade económica e do emprego, mediante as seguintes medidas:

a) colaborar no apoio, asesoramento e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas económicas no seu territorio.

b) colaborar na revisión do marco regulatorio da súa competencia para facer efectivo o principio de boa regulación e simplificación daqueles trámites meramente administrativos necesarios para o establecemento de empresas, respectando a autonomía local e fomentando a participación dos concellos naquelas materias polas que se vexan afectados.



- c) posta a disposición da Xunta de Galiza para colaborar técnica e economicamente coas entidades locais na planificación, desenvolvemento e posta a disposición de solo empresarial e no establecemento de medidas que garantan a preservación do medio ambiente.
- d) colaborar coas entidades locais financeira e economicamente, con criterios de transparencia e obxectividade, no impulso daquelas iniciativas, especialmente de participación pública, de especial interese para o desenvolvemento da economía galega, a fixación de emprego e o peche de ciclos produtivos."
-

Emenda nº12, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 10

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 10 polo seguinte:

"2. O Sistema de Atención ao Investimento incluírá, entre outros aspectos, a información sobre tramitación de documentación e asesoramento, os posibles apoios en forma de incentivos e de financiamento empresarial, os instrumentos económicos e financeiros ao abeiro do Instituto galego de Crédito e Investimento, centros e programa de investigación da rede investigadora galega e sobre aqueles sectores e ámbitos nos que a administración galega está a impulsar proxectos de participación pública."

Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 10

Substituír no apartado 3 do Artigo 10 o texto que vai despois de: "entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia", polo seguinte: "e incorporaranse aqueles trámites competencia dos concellos galegos que se determinen por convenio coa FEGAMP, sen prexuízo da autonomía local. Para tal efecto, a comunidade autónoma asumirá os posibles gastos derivados dos procesos de dixitalización e dos soportes técnicos necesarios."

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 11

Substituír o texto do Artigo 11 polo seguinte:



“O Sistema de Atención ao Investimento dependerá da Consellaría competente en Economía e Innovación e terá unha relación colaborativa co Instituto Galego de Crédito e Investimento, regulado no capítulo II deste título, entidade do sector público autonómico dependente tamén da consellaría con competencias en materia de economía e innovación.”

Emenda nº15, de Substitución. Artigo 12

Substituír o nome e o texto do Artigo 12 polo seguinte:

“Adhesión dos concellos ao Sistema de Atención ao Investimento.

Poderá incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento calquera concello galego no momento que o considere, mediante adhesión ao convenio referido no Artigo 10 desta lei.”

Emenda nº16, ao apartado 2.d), de Substitución. Artigo 13

Substituír o texto do subapartado d) do apartado 2 do Artigo 13 polo seguinte:

“Consultar as bonificacións das taxas e dos impostos das diferentes administracións e as condicións de acceso aos servizos de créditos ofertados polo Instituto Galego de Crédito e Investimento”.

Emenda nº17, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 13

Engadir un novo subapartado f) no apartado 2 do Artigo 13 co seguinte texto:

“f) Empregar unha caixa de correo electrónica para canalizar a participación pública e para a recepción de consultas e a exposición de respostas de interese.”



Emenda nº18, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 14

Substituír o texto do apartado 3 do Artigo 14 polo seguinte:

“3. Os catálogos serán elaborados pola Xunta de Galiza coa colaboración das diferentes consellerías con competencias por razón da materia, previa consulta á Fegamp, ao Consello Económico e Social e ás universidades galegas. Na súa elaboración priorizaranse aqueles sectores de actividade que presenten unha maior compoñente innovadora, un maior dinamismo na implantación ou cuxa demanda precise ser acelerada por razóns estratéxicas previamente acordadas polo Parlamento Galego. Colaborarase na elaboración dos contidos dos catálogos cos colexios profesionais, cámaras de comercio, organizacións sociais, empresariais e outras entidades representativas dos sectores afectados.”

Emenda nº19, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 14

Substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:

“4. Os catálogos e as súas actualizacións serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, previa remisión á Cámara galega.”

Emenda nº20, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 14

Substituír o texto do apartado 5 polo seguinte texto:

“5. A aprobación dos catálogos deberá incluír un trámite de audiencia pública, por un prazo de 20 días hábiles, a entidades locais e ás distintas consellarías da Comunidade, seguido do prazo de exposición pública á cidadanía por un prazo de 30 días hábiles.”

Emenda nº21, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 14

Suprimir o apartado 6 do Artigo 14.



Emenda nº22, de Substitución. Artigo 15

Substituír o texto do Artigo 15 polo seguinte:

“Bianualmente realizarase unha avaliación externa e independente do funcionamento do Sistema de Atención ao Investimento, previo concurso público da súa contratación. Os informes elaborados polas entidades avaliadoras estarán dispoñibles como parte da información que ofrezca o sistema e será remitidos ao Consello Económico e Social e ao Parlamento Galego para a formulación, se proceder, de propostas de mellora, actuación ou actualización.”

Emenda nº23, de Supresión. Artigo 16

Suprimir o Artigo 16.

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 17

Suprimir o Artigo 17.

Emenda nº25, de Supresión. Artigo 18

Suprimir o Artigo 18.

Emenda nº26, de Adición. CAPÍTULO II bis

Engadir un novo CAPÍTULO II bis, co seguinte nome:

“CAPÍTULO II bis- Medidas urxentes de impulso do tecido produtivo, industrial e innovador e freo á deslocalización”.



Emenda nº27, de Adición. Artigo 18 bis

Engadir un novo Artigo 18 bis, co seguinte texto:

"Artigo 18 bis. Adópanse as seguintes medidas urxentes para frear o impacto da covid-19 no aumento e na sobreexposición do fenómeno de deslocalización e as súas consecuencias na economía galega, de forma que as medidas de apoio económico arbitradas pola Comunidade Autónoma revertan no desenvolvemento económico e social de Galiza.

Un. Enténdese que son medidas de apoio e desenvolvemento económico arbitradas pola Comunidade Autónoma aquelas axudas recibidas das institucións da Comunidade Autónoma de Galiza no marco da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións e da correspondente lei de orzamentos xerais, e aquelas que se outorgan por parte de organismos autónomos, entes públicos instrumentais, sociedades públicas e fundacións públicas, con cargo aos seus respectivos orzamentos. Así mesmo, inclúense aquelas medidas económicas directamente xestionadas por parte da comunidade autónoma como parte dos mecanismos europeos e estatais habilitados para a reactivación económica.

Dous. Para a obtención das medidas de apoio e desenvolvemento económico sinaladas no apartado Un será esixida a sinatura do compromiso empresarial de non deslocalización durante os dez anos seguintes á obtención das medidas de apoio e desenvolvemento económico por parte da Comunidade Autónoma.

Tres. No caso de comprobación de deslocalización significativa ou total da actividade produtiva deberán ser reingresadas as axudas obtidas, podendo acrecentarse unha penalización naqueles programas de apoio da comunidade que contribúan á transferencia de I+D+i.

Catro. No prazo máximo dun mes acordarase ao abeiro do Consello Económico e Social os parámetros obxectivos para a consideración de deslocalización.

Cinco. Facúltase ao goberno galego para ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento do recollido neste capítulo, a transitoriedade das axudas xa concedidas con anterioridade e os mecanismos de fiscalización e monitorización oportunos."



Emenda nº28, de Adición. Artigo 18 ter

Engadir un novo Artigo 18 ter co seguinte texto:

"Artigo 18 ter. Adópase a seguinte medida urxente para o impulso á compoñente innovadora na actividade económica e empresarial: O goberno galego desenvolverá medidas concretas a través da Consellaría competente en Economía e innovación para incrementar a compoñente innovadora no sistema produtivo e no emprendemento privado e aumentar a relación coa I+D+i. A tal fin establecerá unhas marxes mínimas para o apoio ao investimento e para a concesión dunha porcentaxe das axudas e créditos públicos, determinando a contía en función do seu tamaño, prestando especial atención ás medianas e grandes empresas."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 18 quater

Engadir un novo Artigo 18 quater co seguinte texto:

"Artigo 18 quater. Adópase a seguinte medida urxente para o impulso da contratación pública na reactivación económica e social e na reorientación económica. A consellaría competente en materia de facenda elaborará unha estratexia para a inmediata inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e de normalización da lingua galega. Así, introduciranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero e fomento da igualdade. Terase en conta ademais a necesidade de valorar neste ámbito ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social. Tales cláusulas, no caso concreto das sociais, deben servir para crear emprego, mais tamén para garantir que as persoas que traballan nas empresas contratistas teñen unhas condicións laborais óptimas. Ademais, desenvolverase a figura dos contratos reservados a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción."



Emenda nº30, de Substitución. CAPÍTULO III

Substituír o título e o contido do CAPÍTULO III polo seguinte:

“CAPÍTULO III Creación do Instituto Galego e Crédito e Investimento como ferramenta para o impulso da reactivación económica galega.

Artigo 19. Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.

1. Autorízase a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento, entidade pública empresarial adscrita á consellaría competente en materia de economía, con personalidade xurídica propia, das previstas no artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza, para contribuír ao impulso da reactivación económica galega e do acceso a crédito e financiamento dos sectores produtivos e innovadores e, particularmente das pequenas e medianas empresas e autónomos e autónomas.

2. O Instituto Galego de Crédito e Investimento será o instrumento principal da política económica de reactivación e fornecemento de crédito público do Goberno Galego, estará sometido á normativa de aplicación do sector público galego e á do dereito privado que lle sexan de aplicación no exercicio da súa actividade. O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá patrimonio e tesouraría propia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións disporá de autonomía financeira, patrimonial, funcional e de xestión, con submisión á presente lei e ao resto do ordenamento xurídico. O seu Estatuto fixará o réxime patrimonial e económico, consonte as disposicións aplicábeis ao sector público galego.

3. O Instituto Galego de Crédito e Investimento, a fin de cumprir o seu cometido, poderá utilizar instrumentos de dereito público e privado e asinar convenios de colaboración, concertos e protocolos de actuación coa Administración pública e con calquera ente ou institución pública ou privada.

4. Os obxectivos e fins xerais do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán os seguintes:

- a) Promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria.
- b) A participación ou concesións directa de créditos ás empresas e emprendedores de Galiza, dentro das áreas



prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego.

c) A redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma.

d) Contribuír a xerar unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.

e) atender a situación de emerxencia e dificultade de acceso ao crédito do sector das e dos autónomos e da pequena e mediana empresa galega derivadas da transformación do mercado financeiro e da crise da covid-19.

5. En desenvolvemento de ditos obxectos, o Instituto Galego de Crédito e Investimento poderá:

a) Desenvolver aquelas actividades financeiras que lle encomende o Goberno Galego no ámbito das súas competencias, incluída a xestión dos instrumentos económicos que possibiliten fondos extraordinarios habilitados para dar resposta á crise da covid por parte das institucións europeas e estatais, cando sexa compatible coa regulación vixente.

b) Tomar participacións ou prestar apoios financeiros en empresas e entidades non financeiras públicas ou privadas.

c) Constituír, no marco da normativa mercantil e nos termos e condicións establecidos pola lexislación aplicábel, sociedades mercantís dedicadas ao financiamento de empresas baixo calquera modalidade, ou sociedades de investimento en participacións financeiras ou patrimoniais. Ao seu tempo, ditas sociedades poderán participar igualmente en sociedades mercantís, financeiras ou fondos, sexan públicos ou privados, cuxas actividades se dirixan ao investimento en sectores relacionados coa innovación ou co tecido produtivo de Galiza, en sociedades e fondos de garantía, e en sociedades ou fondos de capital risco.

d) Outorgar e formalizar créditos, operacións de financiamento, avais e outras garantías en favor de institucións, administracións ou corporacións públicas, persoas físicas, autónomos e autónomas, e de persoas xurídicas, públicas e privadas. En todo caso, os créditos e avais que se concedan a persoas xurídicas deben destinarse ao financiamento de investimentos en activos materiais, inmateriais e financeiros, así como de capital circulante, coa excepción do sector da promoción inmobiliaria (agás a vivenda de protección oficial) que non poderá ser financiada polo Instituto.

e) Prestar asesoramento en materia financeira e emitir informes para o Goberno galego ou o departamento competente en materia de finanzas, a petición destes ou a iniciativa propia.



f) Exercer a representación da Comunidade Autónoma de Galiza nos eidos financeiro e crediticio.

A actividade descrita, particularmente a concesión de créditos e avais, dirixirase a actividades que se realizan en Galiza e, excepcionalmente, para actividades que se desenvolven fóra deste territorio. Neste último caso, con todo, a empresa ou o beneficiario afectado debe ter o seu enderezo social en Galiza.

6. Os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento regularán os órganos de goberno e existirá ademais un Comité Asesor, como órgano de participación dos axentes sociais e institucións e entidades representativas no eido económico, designadas na súa metade por ditas institucións e entidades, e na outra metade polo Parlamento de Galiza a proposta dos grupos parlamentares, entre persoas de competencia recoñecida, procedentes do ámbito financeiro, económico, social ou universitario

7. Os recursos económicos do Instituto Galego de Crédito e Investimento estarán constituídos por:

a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.

b) As subvencións, achegas ou doazóns que se concedan ao seu favor por persoas físicas, xurídicas ou outras administracións ou institucións públicas.

c) Os ingresos derivados dos bens e dereitos integrados no seu patrimonio, e os ingresos ordinarios e extraordinarios derivados do exercicio das súas actividades.

d) As achegas doutras institucións financeiras, públicas ou privadas, que se establezan consonte a normativa en vigor, ou a través de convenios ou acordos de financiamento.

e) As emisións de valores de renda fixa, variábel, ou outras operacións de endebedamento e os recursos derivados da xestión integral dos seus activos e pasivos.

f) Os rendementos procedentes doutras operacións financeiras distintas das indicadas anteriormente, acordos coa propia finalidade do Instituto.

g) Outros recursos que poidan serlle atribuídos na normativa sectorial ou orzamentaria.

8. O réxime económico e orzamentario, así como o seu control e fiscalización, do Instituto Galego de Crédito e Investimento será o establecido na normativa de réxime orzamentario de Galiza para as entidades instrumentais públicas. Así mesmo, as obrigas patrimoniais do Instituto Galego de Crédito e Investimento terán a garantía da administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

9. Os postos de traballo do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán desempeñados por persoal laboral contratado polo Instituto, ademais de persoal da Administración





da Comunidade Autónoma de Galiza, segundo as funcións asignadas a cada posto de traballo. Neste caso, o réxime de adscrición será o establecido pola normativa de función pública de Galiza. O resto dos postos de traballo serán seleccionados en convocatorias públicas, conforme os principios de mérito e capacidade.”

Emenda nº31, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o Artigo 19.

Emenda nº32, de Supresión. Artigo 20

Suprimir o Artigo 20.

Emenda nº33, de Supresión. Artigo 21

Suprimir o Artigo 21.

Emenda nº34, de Supresión. Artigo 22

Suprimir o Artigo 22.

Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 24

Substituír o texto do segundo parágrafo do apartado 1 do Artigo 24 polo seguinte:

“Transcorrido o devandito prazo sen que se tivesen emitido ou sen resolución expresa, terá a consideración de desfavorable á implantación da iniciativa empresarial, agás nos supostos nos que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.”



Emenda nº36, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 24

Suprimir o apartado 2 do Artigo 24.

Emenda nº37, ao apartado 1, de Adición. Artigo 27

Engadir no apartado 1 do Artigo 27 no segundo parágrafo in fine o seguinte texto:

“así mesmo, velarase polo principio de custodia do medio ambiente e do territorio e do principio de transparencia”

Emenda nº38, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 30

Suprimir no apartado 1 do Artigo 30 o seguinte texto:

"ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario."

Emenda nº39, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 30

Suprimir o apartado 2 do Artigo 30.

Emenda nº40, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o segundo parágrafo do apartado 4 do Artigo 31.

Emenda nº41, ao apartado 4, de Adición. Artigo 31





Engadir no apartado 4 do Artigo 31 no primeiro parágrafo o seguinte texto in fine:

“no caso daqueles proxectos relacionados, será necesaria avaliación conxunta, sen prexuízo de que sexa preciso elaborar un novo plan ou programa se este non tivo avaliación ambiental estratéxica.”

Emenda nº42, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 32

Substituír no apartado 1 do Artigo 32 o termo: "simultáneo", por: "previo".

Emenda nº43, ao apartado 4.a), de Modificación. Artigo 32

Substituír no subapartado a) do apartado 4 do Artigo 32 a expresión: "efectos ambientais significativos dos", por: "calquera cambio respecto dos efectos".

Emenda nº44, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 35

Substituír no subapartado a) do apartado 1 do Artigo 35 o termo: "dous", por: "tres".

Emenda nº45, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 35

Suprimir no subapartado b) do apartado 1 do Artigo 35, o texto:

“O prazo previsto nesta letra reducirase a un mes cando o estudo ambiental estratéxico estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.”

Emenda nº46, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 35



Substituír no apartado 3 do Artigo 35 a expresión: "30 días", por: "50 días".

Emenda nº47, ao apartado 5, de Adición. Artigo 35

Engadir un novo apartado 5 no Artigo 35 co seguinte texto:

“5. Os prazos previstos neste artigo, especialmente aqueles referentes á exposición pública, poderán ser suspendidos ou ampliados por razóns excepcionais que impidan o normal funcionamento das administracións e as posibilidades da cidadanía e das partes interesadas de ter un adecuado acceso á información para a presentación, se o consideraren, das alegacións oportunas.”

Emenda nº48, de Modificación. Artigo 37

No Artigo 37 substituír a expresión: “órgano substantivo”, por: “órgano con competencias en materia ambiental”.

Emenda nº49, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 38

No subapartado a) do apartado 1 do Artigo 38 substituír: “dous”, por: “tres”.

Emenda nº50, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 38

No subapartado b) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: “20”, por: “30”.

Emenda nº51, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 38



No subapartado d) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: "30", por: "60".

Emenda nº52, ao apartado 1.h), de Modificación. Artigo 38

No subapartado h) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: "10", por "20".

Emenda nº53, ao apartado 1.i), de Supresión. Artigo 38

No subapartado i) do apartado 1 do Artigo 38 suprimir o terceiro e último parágrafo.

Emenda nº54, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 38

No subapartado b) do apartado 2 do Artigo 38, substituír: "20", por: "30".

Emenda nº55, ao apartado 5, de Adición. Artigo 38

Engadir un novo apartado 5 no Artigo 38 co seguinte texto:

"5. Os prazos previstos neste artigo, especialmente aqueles referentes á exposición pública, poderán ser suspendidos ou ampliados por razóns excepcionais que impidan o normal funcionamento das administracións e as posibilidades da cidadanía e das partes interesadas de ter un adecuado acceso á información para a presentación, se o consideraren, das alegacións oportunas."

Emenda nº56, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o Artigo 39.



Emenda nº57, de Supresión. Artigo 39

Suprimir a expresión: "de xeito apreciable" en todo o texto do Artigo 39.

Emenda nº58, de Supresión. Artigo 40

Suprimir o Artigo 40.

Emenda nº59, de Supresión. Artigo 41

Suprimir o Artigo 41.

Emenda nº60, de Supresión. Artigo 42

Suprimir o Artigo 42.

Emenda nº61, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 47

Suprimir o apartado 3 do Artigo 47.

Emenda nº62, ao apartado 2, de Adición. Artigo 48

No apartado 2 do Artigo 48 engadir despois de: "terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente", o seguinte: "así como ás entidades consultadas no procedemento".



Emenda nº63, ao apartado 2, de Adición. Artigo 49

No apartado 2 do Artigo 49 engadir o seguinte texto in fine :

“A administración desenvolverá fiscalizacións aleatorias e selectivas para comprobar a veracidade destas certificacións”.

Emenda nº64, de Supresión. Artigo 50

Suprimir o Artigo 50.

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 51

Suprimir o Artigo 51.

Emenda nº66, de Supresión. Artigo 52

Suprimir o Artigo 52.

Emenda nº67, de Substitución. Artigo 53

Substituír o texto do Artigo 53 polo seguinte:

“Se o proxecto de instalación enerxética afecta a montes veciñais enmán común, o trámite será o disposto no artigo 6 do Regulamento para a execución da lei de montes veciñais (Lei 13/1989, do 10 de outubro, aprobado por decreto 260/1992 de 4 de setembro).”

Emenda nº68, de Supresión. Artigo 54



Supresión do Artigo 54.

Emenda nº69, de Supresión. Artigo 55

Suprimir o Artigo 55.

Emenda nº70, de Supresión. Artigo 56

Suprimir o Artigo 56.

Emenda nº71, de Supresión. Artigo 57

Suprimir o Artigo 57.

Emenda nº72, de Modificación. Artigo 58

No Artigo 58 substituír o texto: “de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”, polo seguinte: “de iniciativas de reactivación económica, reorientación do sistema produtivo e impulso á innovación e investigación”.

Emenda nº73, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 59

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 59 polo seguinte:

“1. Teñen a consideración de proxectos tractores para a economía galega aqueles proxectos significativos de impulso económico, reorientación do sistema produtivo e impulso á innovación e investigación, que supoñan unha especial capacidade de incidir en diversos sectores económicos para xerar crecemento, competitividade, o peche de ciclos produtivos en Galiza, a creación de valor engadido e transferencia de coñecemento e a creación e consolidación de



emprego de calidade nos que a Xunta de Galiza participe directamente ou a través de empresas mixtas, e con control efectivo, e que reúnan os requisitos técnicos para ser susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou calquera outro instrumento internacional ou estatal que poida habilitarse para dar resposta á covid-19.”

Emenda nº74, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 59

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 59 polo seguinte:

“2. A consideración como proxecto tractor será aprobada polo Parlamento Galego por proposta do grupo de traballo do Consello Económico e Social, polo grupo de traballo coas entidades locais, por proposta das Universidades galegas e centros de investigación ou polo Consello da Xunta de Galiza e irá acompañado dos correspondentes informes técnicos e da xustificación duns parámetros mínimos en indicadores relativos a cuestións ambientais, sociais, de risco económico e de compoñente innovadora que serán aprobados no prazo máximo dun mes após a entrada en vigor desta lei. Así mesmo, habilitaranse os correspondentes mecanismos de participación pública para a remisión de propostas a estes foros de participación.”

Emenda nº75, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 60

No apartado 1 do Artigo 60 substituír: "iniciativas empresariais", por: "proxectos".

Emenda nº76, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 60

No apartado 1 do Artigo 60 substituír: "no presente capítulo", por: "na presente lei".



Emenda nº77, ao apartado 1, de Adición. Artigo 60

No apartado 1 do Artigo 60 engadir o seguinte texto in fine:

“Esta Comisión constitúe unha delegación operativa do Consello da Xunta de Galiza”.

Emenda nº78, ao apartado 4.a), de Substitución. Artigo 60

Substituír o texto do subapartado a) do apartado 4 do Artigo 60 polo seguinte:

“a) A proposta de proxectos e liñas de traballo que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a súa aprobación por parte do Parlamento galego”.

Emenda nº79, ao apartado 4.c), de Modificación. Artigo 60

No subapartado c) (no segundo ao estar esta letra repetida) do apartado 4 do Artigo 60, substituír: "no presente capítulo", por: "na presente lei".

Emenda nº80, ao apartado 4.c), de Adición. Artigo 60

Engadir ao final do subapartado c) do apartado 4 do Artigo 60 por: “e colaborar e remitir os informes necesarios para a deliberación e traballos de proposición do CES e do Parlamento galego”.

Emenda nº81, ao apartado 1.e), de Substitución. Artigo 61

Substituír o texto do subapartado e) do apartado 1 do Artigo 61 polo seguinte:



“e) unha persoa representante do Instituto Galego de Crédito e Investimento”.

Emenda nº82, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 61

Engadir un novo subapartado f) no apartado 1 do Artigo 61 co seguinte texto:

“f) unha persoa representante da Consellaría ou entidade pública galega con competencias en materia de innovación e investigación”.

Emenda nº83, ao apartado 3, de Adición. Artigo 61

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 61 co seguinte texto:

“3. Por solicitude do Consello Económico e Social ou do grupo de traballo coas entidades locais, o apoio técnico poderá estenderse a estes foros de participación, habilitándose as dinámicas de colaboración precisas.”

Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición. Artigo 62

Engadir no apartado 2 do Artigo 62 in fine o seguinte:

“Esta información será remitida de forma permanente ao CES e ao Palamento Galego, habilitando cantas cláusulas de confidencialidade sexan precisas.”

Emenda nº85, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 63

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 63 polo seguinte:

“1. Para a aprobación de plans e proxectos e directrices contarase coa participación do Consello Económico e Social, ao abeiro do cal se constituirá un grupo específico de traballo



que poderá ampliar o número e relación de participantes por acordo do Pleno para incorporar a representación suficiente de sectores afectados e de centros investigadores e tecnolóxicos. O grupo técnico de traballo Next Generation da Xunta de Galiza colaborará co Consello Económico e Social en cantas cuestións sexan precisas. As conclusións de dito grupo serán remitidas ao Parlamento Galego para coñecemento e participación dos grupos con representación na cámara. Así mesmo, habilitaranse as procedentes canles de participación e información pública para a sociedade galega, a través dun soporte web e fisicamente nas delegacións territoriais da Xunta de Galiza.”

Emenda nº86, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 63

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 63 polo seguinte:

“2. Sen prexuízo do recollido no punto 1, a Xunta de Galiza poderá manter cantas reunión sexan precisas cos sindicatos máis representativos de Galiza e coas organizacións máis representativas da patronal sen que iso supoña un subterfuxo dos mecanismos de participación e diálogo social legalmente existentes nin a exclusión de algunha das partes”

Emenda nº87, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 63

Substituír o texto do apartado 3 do Artigo 63 polo seguinte:

“3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia creárase un grupo de traballo en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a información, inclusión ou valoración de propostas de actuación así como para o asesoramento ás entidades locais na obtención de fondos e proxectos de ámbito europeo e o traballo en iniciativas compartidas. Ademais destas cuestións, sen prexuízo da autonomía local, colaborárase no acordo de procedementos tipo e na axilización administrativa. O grupo de traballo terá unha composición equilibrada a determinar por convenio coa FEGAMP, correspondendo a súa presidencia á Xunta de Galiza e a súa vicepresidencia ás entidades locais.”



Emenda nº88, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 63

Suprimir o apartado 4 do Artigo 63.

Emenda nº89, ao apartado 3, de Adición. Artigo 64

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 64 co seguinte texto:

"3. Anualmente a Xunta de Galiza emitirá un informe para a súa remisión e debate no Parlamento Galego que previamente será informado polo Consello Económico e Social."

Emenda nº90, ao apartado 1, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir ao final do apartado 1 da Disposición adicional primeira o seguinte texto:

"así como a aqueles sectores e necesidades indicados polas organizacións sindicais con representación no noso país e polo Consello Económico e Social".

Emenda nº91, ao apartado 1, de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir ao final do apartado 1 da Disposición adicional segunda o seguinte texto:

"Estes servizos ofertaranse garantindo os principios de transparencia, obxectividade e igualdade de oportunidades e establecerase un sistema de avaliación e calidade para supervisar o retorno das actuacións e intervencións."





Emenda nº92, ao apartado 2 bis), de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir un novo apartado 2 bis na Disposición adicional segunda co seguinte texto:

“2. bis. Así mesmo, coa finalidade de evitar a entrada de fondos voitre e de especulación nos sectores estratéxicos da economía galega, desenvolverase unha estratexia específica de supervisión en colaboración co Consello Económico e Social, programas de investigación económica e foros de debate e estudo económico.”

Emenda nº93, de Supresión. Disposición adicional terceira

Suprimir a Disposición adicional terceira.

Emenda nº94, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional cuarta

Suprimir o apartado 2 da Disposición adicional cuarta.

Emenda nº95, de Substitución. Disposición adicional quinta

Substituír o texto da Disposición adicional quinta polo seguinte:

“Defensa dos principios de soberanía e autogoberno: o goberno galego colaborará coas institucións autonómicas, nomeadamente co Parlamento Galego e co Consello Económico e social, na defensa do autogoberno e do respecto ás competencias exclusivas que o noso país ten establecidas, opoñéndose ás inxerencias de decisións comunitarias ou estatais en relación con ámbitos competencialmente atribuídos ao noso país, especialmente pola súa relevancia no ámbito económico aqueles en materia orzamentaria e financeira,



agraria, pesqueira, forestal, de infraestruturas, medio ambiente, e enerxética.

O goberno galego reclamará meirande representación institucional de Galiza en Bruxelas e a negociacións directa sobre aquelas cuestións que atinxan aos sectores económicos e produtivos galegos para garantir a defensa dos intereses de Galiza perante as institucións comunitarias.”

Emenda nº96, de Supresión. Disposición adicional sexta

Suprimir a Disposición adicional sexta.

Emenda nº97, de Adición. Disposición adicional sétima

Engadir unha nova Disposición adicional sétima co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional sétima. "Defensa do autogoberno galego.

Habílitate ao goberno galego para emprender aquelas actuacións precisas, tamén legais, para a defensa da xestión territorializada e do exercicio das súas competencias propias na xestión e decisión respecto da concreción das actividades desenvolvidas ao abeiro dos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou calquera outro instrumento internacional ou estatal que poida habilitarse para dar resposta á covid-19 e verse sobre as competencias galegas recollidas no Estatuto de Autonomía."

Emenda nº98, de Adición. Disposición adicional oitava

Engadir unha nova Disposición adicional oitava co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional oitava. Plan de reforzo da contratación de persoal.





En aras de axilizar os procedementos a que se refire a presente Lei farase un estudo do persoal adscrito aos diferentes órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que teñan relevancia aos efectos aquí previstos a fin de determinar contratacións de persoal necesarias para reforzar a Administración Pública. Así mesmo, crearase un órgano administrativo específico na Xunta de Galiza que colabore non só no apoio, asesoramento e acompañemento das iniciativas contempladas nesta lei, senón na emisión de informes técnicos e xurídicos por parte de funcionarios e funcionarias habilitados para tal efecto, a fin de colaborar cos concellos galegos nos supostos de falta de persoal técnico e xurídico cualificado, evitando calquera risco de derivación a entidades que suplanten a función da administración."

Emenda nº99, de Adición. Disposición adicional novena

Engadir unha nova Disposición adicional novena co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional novena. Protección da Rede Natura e das súas previsións de ampliación.

Modifícase o Artigo 32 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

Artigo 32.-Rede Natura e ampliación:

Quedan excluídos da implantación de novos aeroxeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formaren parte da Rede Natura 2000, así como aqueles que fosen propostos nos procesos de 2008 e 2012. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando a dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aeroxeradores previamente instalados na dita zona de Rede Natura ou proposta de ampliación, avaliado o impacto ambiental directo e indirecto de dito procedemento de repotenciación."

Emenda nº100, de Adición. Disposición adicional décima



Engadir unha nova Disposición adicional décima co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional décima. Demanda de poxas específicas de renovábeis para os territorios afectados pola transición enerxética.

Con carácter inmediato á aprobación da presente lei, a Consellaría competente en economía e enerxía, previa consulta coa Mesa das Pontes, dirixirse ao goberno central cunha proposta da Comunidade para demandar posta en marcha dunha nova orde de regulación dun mecanismo específico de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis no marco do período 2020-2025, de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar poxas específicas de renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima)."

Emenda nº101, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Supresión da Disposición transitoria primeira.

Emenda nº102, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Suprimir a Disposición transitoria segunda.

Emenda nº103, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Suprimir a Disposición transitoria terceira.

Emenda nº104, de Modificación. Disposición transitoria cuarta



Substituír o nome da Disposición transitoria cuarta polo seguinte:

"Disposición transitoria cuarta. Procedementos iniciados á entrada en vigor desta lei".

Emenda nº105, ao apartado 1, de Substitución. Disposición transitoria cuarta

Substituír o texto do apartado 1 da Disposición transitoria cuarta:

"1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedimentais recollidas nesta, agás no que respecta aos prazos, que continuarán calculándose conforme ao establecido na normativa anterior."

Emenda nº106, de Adición. Disposición transitoria quinta

Engadir unha nova Disposición transitoria quinta co seguinte nome e texto:

"Disposición transitoria quinta. Medidas de garantía de non discriminación das entidades locais no acceso.
No prazo dun mes o goberno galego procederá á eliminación da condición de Concello doing business como condicionante para os programas de emprego e estímulo económico da Xunta de Galiza."

Emenda nº107, de Adición. Disposición transitoria sexta

Engadir unha nova Disposición transitoria sexta co seguinte nome e texto:

"Disposición transitoria sexta."



Emenda nº108, de Adición. Disposición transitoria sétima

Engadir unha nova Disposición transitoria sétima co seguinte nome e texto:

"Disposición transitoria sétima. Impulso dun novo consenso eólico con base á protección ambiental, a xustiza social e o retorno económico no marco do desenvolvemento da transición enerxética e dun novo modelo enerxético galego.

No prazo máximo de 15 días depois de aprobada esta lei, o goberno galego impulsará a aprobación dunha nova regulación e un novo Plan Sectorial Eólico coa participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, concellos, etc.) e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

Entre outras cuestións, darase prioridade a:

- a) ordenar o marco lexislativo actualizándoo ás normativas ambientais na procura das máximas garantías
- b) dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións.
- c) implicar o desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.
- d) adecuación dos proxectos en canto a súa ubicación e tamaño ás características do territorio: catálogo de usos do solo, prevalencia e protección dos usos agrogandeiros, forestais..., e complementariedade dos aproveitamentos eólicos.
- e) medidas de socialización dos beneficios mediante a participación pública (empresa pública de enerxía, participación da Xunta e concellos nos parques) e das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras), de maneira que xere rendas complementarias. Concretamente, elaboración de contratos tipo para particulares e comunidades de monte e posta en funcionamento dun rexistro público de prezos.
- f) medidas de democratización da enerxía e promoción das redes de enerxía distribuída, fronte ao oligopolio das redes centralizadas cun operador dominante. Fomento de iniciativas



como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

g) definición das necesidades eólicas e do papel da súa contribución ao modelo enerxético galego a través da elaboración dun mapa de necesidades enerxéticas de Galiza, para que a expansión do sector e as demandas de futuras poxas sexan acordes con esas necesidades.

h) medidas de colaboración estable co tecido innovador e universitario galego para a investigación sobre o sector nos seus diferentes ámbitos.

l) medidas de reforzo do papel da administración galega, nomeadamente para apoio e asesoramento dos sectores sociais e económicos implicados.

m) medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país, establecendo medidas para favorecer que unha parte dos compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza."

Emenda nº109, ao apartado 1, de Substitución. Disposición derogatoria única

Substituír o texto do apartado 1 da Disposición derogatoria única. Derrogación normativa polo seguinte:

por "

"1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei."

Emenda nº110, de Adición. Disposición derradeira primeira

Engadir na Disposición derradeira primeira un novo punto Tres co seguinte texto:

"Tres. Os beneficios fiscais establecidos nesta lei serán revisados dous anos despois da súa posta en marcha para avaliar seu impacto na reactivación económica e necesidade de os manter segundo se superasen ou non as consecuencias da pandemia da covid-19, para o que elaborarán informes específicos a consellaría ou consellarías competentes en materia de facenda e economía e o Consello Económico e Social".



Emenda nº111, de Supresión. Disposición derradeira segunda
Suprimir a Disposición derradeira segunda.

Emenda nº112, de Supresión. Disposición derradeira terceira
Suprimir a Disposición derradeira terceira.

Emenda nº113, de Supresión. Disposición derradeira cuarta
Suprimir a Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº114, de Supresión. Disposición derradeira quinta
Suprimir a Disposición derradeira quinta.

Emenda nº115, ao apartado Dous, de Supresión. Disposición
derradeira sexta

Suprimir o apartado Dous da Disposición derradeira sexta que
modifica o número 4 do Artigo 6 da Lei 8/2009, do 22 de
decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en
Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación
Ambiental.

Emenda nº116, ao apartado Catro, de Supresión. Disposición
derradeira sexta





Suprimir no apartado Catro da Disposición derradeira sexta o seguinte texto:

"«e) De ser o caso, proxecto sectorial, xunto coa documentación exixida no artigo 10 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa."

Emenda nº117, ao apartado Sexto, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Supresión do apartado Sexto da Disposición derradeira sexta.

Emenda nº118, ao apartado Quinto, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Supresión do apartado Quinto da Disposición derradeira sexta.

Emenda nº119, ao apartado Sétimo, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Suprimir o apartado Sétimo da Disposición derradeira sexta.

Emenda nº120, de Adición. Disposición derradeira sétima

Na Disposición derradeira sétima engadir no apartado "Un", despois de: "determinarase regulamentariamente", o seguinte texto: "no prazo dun mes despois da entrada en vigor desta lei."

Emenda nº121, ao apartado Seis, de Supresión. Disposición derradeira sétima





Suprimir o apartado Seis.

Emenda nº122, de Supresión. Disposición derradeira novena
Suprimir a Disposición derradeira novena.

Emenda nº123, de Supresión. Disposición derradeira décima
Suprimir a Disposición derradeira décima.

Emenda nº124, de Supresión. Disposición derradeira décimo
primeira
Suprimir a Disposición derradeira décimo primeira.

Emenda nº125, de Supresión. Disposición derradeira décimo
segunda
Suprimir a Disposición derradeira décimo segunda.

Emenda nº126, de Supresión. Disposición derradeira décimo
terceira
Suprimir a Disposición derradeira décimo terceira.

Emenda nº127, de Adición. Disposición derradeira décimo
cuarta
Engadir na Disposición derradeira décimo cuarta o seguinte
texto in fine:

"previa consulta ao Consello Económico e Social."



Emenda nº128, de Modificación. Disposición derradeira décimo quinta

Na Diposición derradeira décimo quinta substituír o texto que vai desde: “agás”, até: “2020”; polo seguinte: “agás o disposto no apartado tres da disposición derradeira terceira que producirá os efectos desde o 26 de outubro de 2020.”

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2021 17:50:14

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2021 17:50:25



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN
ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE
GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPL-000002).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 12

Modifícase o número 1 do artigo 12 que pasa a ter o seguinte teor literal:

“1. Poderán incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento aqueles concellos coa condición de “Concellos Emprendedores” mediante a súa adhesión ao Protocolo Xeral asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, ou os instrumentos que o substitúan, que xa teñan adquirida tal condición no momento de entrada en vigor da presente lei ou que a adquiren con posterioridade.”“1. Poderán incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento aqueles concellos coa condición de “Concellos Emprendedores” mediante a súa adhesión ao Protocolo Xeral asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, ou os instrumentos que o substitúan, que xa teñan adquirida tal condición no momento de entrada en vigor da presente lei ou que a adquiren con posterioridade.”

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 12

Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 12 que pasa a ter o seguinte teor literal:

“d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de comunicación, cando sexan esixibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial; respectando en todo caso, o disposto no Real



Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, de refundición da Lei de Facendas Locais, especialmente o seu artigo 103.”

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 24

No Artigo 24.2:
Substitúese a expresión “para terceiros” por “para terceiras persoas”

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 27

No Artigo 27.1, parágrafo 2:

Substitúese a expresión contida no segundo parágrafo “o interesada” por “persoa interesada”

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 30

No Artigo 30.2:
Substitúese a expresión “banco de suxeitos expertos” por “banco de persoas expertas”

Emenda nº6, de Substitución. Artigo 47

No Artigo 47.4:

Substitúese a expresión “o promotor” por “persoa promotora”

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 56

No Artigo 56



Substitúese a expresión “investidores privados” por “persoas investidoras privadas”
Substitúese a expresión “o promotor” por “persoa promotora”

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 56

A rúbrica desta disposición quedará redactada como segue
“Instrumentos específicos de financiamento para iniciativas promovidas por startups, por persoas emprendedoras e outras pequenas empresas”

Emenda nº9, de Substitución. TÍTULO V

Substituirase a denominación do título V que pasa a ter a seguinte rúbrica:

"Instrumentos de gobernanza e especialidades da xestión dos fondos de recuperación"

Emenda nº10, de Adición. Capítulo I

Engadimos un novo capítulo neste título V coa denominación:

"Estruturas de Gobernanza"

Emenda nº11, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo capítulo II no título V coa seguinte denominación:

"Capítulo II
Especialidades en materia de xestión e execución dos fondos"



Emenda nº12, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 65 co seguinte teor literal:

“Artigo 65. Aprobación das normas adoptadas no marco da execución destes fondos.

O procedemento de elaboración de normas regulado no Capítulo II, do Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se adopten no marco da execución destes fondos terá o carácter de urxente.

Reduciranse á metade os prazos cando se soliciten informes preceptivos sen que sexa preciso neste motivar a urxencia. Transcorrido o prazo sen terse recibido estes, o centro directivo competente poderá continuar coa tramitación deixando debida constancia na memoria. En todo caso, e antes da súa aprobación formal, incorporáranse ao expediente cantos informes, consultas ou ditames fosen preceptivos. A memoria esixida polo artigo 41 apartado 3 letra a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, conterá un apartado específico no que se xustifique a súa vinculación con estes fondos.”

Emenda nº13, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 66 co seguinte teor literal:

“Artigo 66 Tramitación de urxencia dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos.

1. Declárase a aplicación da tramitación de urxencia e do despacho prioritario, nos termos previstos nos artigos 33 e 71 respectivamente da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dos procedementos administrativos que impliquen a execución de gastos con cargo a estes fondos. O órgano administrativo motivará esta circunstancia de urxencia no correspondente acordo de inicio, sen prexuízo do establecido no artigo 50 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro.
2. En ningún caso será obxecto de redución a duración dos prazos referidos á presentación de solicitudes e de recursos.”



Emenda nº14, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 67 co seguinte teor literal:

“Artigo 67 Tramitación anticipada dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos

1. No caso de que se inicie no exercicio corrente a tramitación de expedientes de gasto pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, podendo chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

2. No caso de que os citados expedientes se tramiten antes da aprobación do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, o documento contable de tramitación anticipada substituirase por un informe a emitir polo órgano xestor no que se faga constar que normalmente vai existir crédito axeitado e suficiente para o gasto a efectuar.

Emenda nº15, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 68 co seguinte teor literal:

“Artigo 68 Utilización de medios propios

Para a aplicación destes fondos, os poderes adjudicadores autonómicos e as entidades contratantes poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obra e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose dun medio propio, de acordo coa lexislación aplicable, sendo esixible nestes casos a autorización do Consello da Xunta previa á subscripción dun encargo cando ou seu importe supere os 4.000.000 euros.”

Emenda nº16, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 69 co seguinte teor literal:

“Artigo 69. Convenios subscritos para a execución de proxectos con cargo aos fondos.



1. A tramitación dos convenios que celebre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os seus organismos públicos e entidades de dereito público, vinculados ou dependentes, para a execución dos proxectos con cargo aos fondos, rexeráse polo previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coa seguinte especialidade:

Excepcionalmente, o prazo de vixencia destes convenios poderá ter unha duración superior á legalmente establecida, podendo chegar como máximo aos seis anos, coa posibilidade dunha prórroga de ata seis anos de duración. Esta excepción deberá xustificarse motivadamente polo órgano competente con especial mención a que a dita extensión ou prórroga non limitará a competencia efectiva nos mercados.

2. Así mesmo, aos convenios mencionados no apartado anterior non lles será esixible a autorización do Consello da Xunta, excepto cando impliquen a asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 300.000 euros."

Emenda nº17, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 70 co seguinte teor literal:

“Artigo 70. Requisitos para a tramitación de subvencións financiábeis con cargo aos fondos

1. Na concesión de subvencións e axudas ás que resulte de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será esixible a autorización do Consello da Xunta prevista no artigo 7.2 da devandita lei cando ou seu importe supere 3 millóns de euros.

2. Na concesión de préstamos concedidos con cargo a estes fondos o informe previsto na normativa orzamentaria para estes supostos integrárase no informe de fiscalización das bases ou instrumentos reguladores da súa concesión.

3. A concesión directa de subvencións cando, con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública» prevista no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 da mesma Lei para estes fondos cando o importe supere os 300.000 euros.



Nas propostas de acordo ou resolución de concesión especificarase as circunstancias que xustifican a dita modalidade de subvención.

4. As resolucións de concesión directa de subvencións correntes e de capital que se definan en termos de persoa beneficiaria e ano, así como das que vaian ser formalizadas nun convenio ou instrumento bilateral, que se financien con cargo a estes fondos e para as que “con carácter excepcional, se acrediten as razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública» segundo o previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a autorización previa do Consello da Xunta cando o importe a conceder supere os 300.000 euros.”

Emenda nº18, de Adición. Capítulo II

Engádesse un novo artigo 71 co seguinte teor literal:

“Artigo 71. Bases reguladoras e convocatoria das subvencións financiáveis con estes fondos.

1. Para a tramitación da aprobación das bases reguladoras e a convocatoria destas subvencións contempladas no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 18.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, serán esixibles o informe dos Servizos Xurídicos correspondentes, o de planificación e fondos e o informe da Intervención Xeral que, en todo caso, será emitido no prazo improrrogable de dez días naturais.

2. Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pago das obrigas de reembolso de calquera outros préstamos ou anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión destes fondos nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O cumprimento de tales condicións poderá acreditarse mediante unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha administración pública. Todo iso sen prexuízo da verificación do cumprimento con anterioridade ao pagamento xunto co resto de obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.”



Emenda nº19, de Adición. Capítulo II

Engádesse un novo artigo 72 co seguinte teor literal:

“Artigo 72. Subvencións de concorrencia non competitiva
No caso de subvencións relacionadas financiadas con estes reguladas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto sexa financiar actuacións ou situacións concretas que non requiran de valoración comparativa con outras propostas, poderanse ditar as resolucións de concesión pola orde de presentación das solicitudes unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da situación ou actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos esixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria.”

Emenda nº20, de Adición. Capítulo II

Engádesse un novo artigo 73 co seguinte teor literal:

“Artigo 73. Xustificación da aplicación das subvencións.
a) Elévase o limiar económico previsto no artigo 51.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para a presentación dunha conta xustificativa simplificada por parte do beneficiario da subvención, ampliándose o devandito importe ata os 100.000 euros.
b) Elévase ata os 10.000 euros o límite para acreditar o cumprimento das obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social contemplado no artigo 11, letra i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
c) Para os supostos en que as solicitudes deban vir acompañadas de memorias económicas, flexibilizaranse os compromisos plasmados nas mesmas, no sentido de que se permitan compensacións entre os conceptos orzados, sempre que se dirixan a alcanzar o fin da subvención”



Emenda nº21, de Adición. Capítulo II

Engádesse un novo artigo 74 co seguinte teor literal:

Artigo 74. Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de subvencións

1. As bases reguladoras para a concesión de subvencións de actividades vinculadas con estes fondos poderán establecer que poidan ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O seu funcionamento rexeráse polas previsións establecidas no artigo 67 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro.”

Emenda nº22, de Adición. Capítulo II

Engádesse un novo artigo 75 co seguinte teor literal:

“Artigo 75. Especialidades en materia de xestión de persoal

1. Naquelas consellerías ou entidades dependentes delas onde se xestionen proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou con outros fondos europeos corresponderá ás persoas titulares das Secretarías xerais técnicas realizar unha análise da carga de traballo existente nas diferentes unidades co fin de poder reasignar efectivos, de acordo co establecido nesta lei, naquelas que, de xeito prioritario, teñan por finalidade xestionar ditos fondos. Para os efectos desta lei entenderase como reasignación de efectivos a encomenda temporal de tarefas ou funcións propias da súa clasificación profesional. diferentes das do posto de traballo que en ningún caso suporá cambio de localidade A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería terá como prioridade na xestión do persoal asignado o aproveitamento do talento das persoas ao servizo do departamento

2 A cobertura das necesidades de persoal para a xestión dos fondos realizarase prioritariamente con efectivos da propia consellería ou dos entes dependentes dela mediante unha reasignación temporal de funcións ou tarefas sen prexuízo da posible utilización dos mecanismos previstos con carácter xeral na lexislación de emprego público. A persoa titular da



secretaría xeral técnica da correspondente consellería impulsará coa máxima celeridade as accións indicadas que sexan necesarias para axilizar a absorción e execución dos fondos europeos

3. Cando as necesidades de persoal non puideran ser atendidas con efectivos da consellería ou dos seus entes poderá recorrerse ao mecanismo de nomeamento de persoal temporal, a través dun programa especial, polo tempo imprescindible para a execución dos proxectos, nos termos e cos requisitos establecidos na lexislación vixente na comunidade autónoma. Adicionalmente a Dirección Xeral da Función Pública poderá reasignar efectivos procedentes doutras consellerías ou doutras entidades instrumentais.

4. O persoal adscrito aos grupos de traballo ou ás unidades de apoio temporal que xestionen ditos fondos poderá, nos termos establecidos na lexislación orzamentaria e reguladora do emprego público, percibir complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

5. Mediante instrución conxunta das direccións xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública, adoptaranse medidas para fomentar a capacitación do persoal e o recoñecemento do seu traballo, tanto do esforzo colectivo como do esforzo individual, e poderán percibir complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.”

Emenda nº23, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 76 co seguinte teor literal:

“Artigo 76. Creación de unidades administrativas de carácter provisional

1. Por razóns de eficacia e eficiencia poderán constituírse unidades administrativas de carácter provisional mediante a modificación da correspondente relación de postos de traballo, para a xestión e execución dos proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos.

2. Os postos de traballo provenientes da relación de postos de traballo do departamento ou organismo cos que se dote esta unidade serán reasignados á súa unidade de orixe unha vez cumprese este prazo. A constitución destas unidades requirirá informe favorable da Dirección Xeral competente en materia de función Pública



3. A provisión de postos de traballo destas unidades temporais realizarase consonte á normativa de emprego público de Galicia. Como regra xeral, contarase primordialmente con aqueles empregados públicos que teñan experiencia directa ou indirecta na xestión de proxectos relacionados con fondos europeos. A provisión de postos destas unidades por persoal estatutario temporal, persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal efectuarase con carácter subsidiario.”

Emenda nº24, de Adición. Capítulo II

Engádese un novo artigo 77 co seguinte teor literal:

“Artigo 77. Asignación de funcións a tempo parcial

1.Exclusivamente no ámbito de xestión de proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería encargada da xestión destes poderá acordar a asignación de funcións a tempo parcial ata un máximo do 80% da súa xornada ao persoal funcionario ao servizo do departamento sen cambio de adscrición nin do posto de traballo nin da persoa.

Mediante resolución conxunta das direccións xerais da Función Pública e de Avaliación e Reforma Administrativa poderá asignarse persoal de distintas consellerías ou entidades funcións a tempo parcial para colaborar na xestión dos ditos fondos, previa proposta motivada da Consellería de destino, que deberá indicar que non dispón de efectivos suficientes e co informe favorable da consellería de orixe do empregado público.

2. Coa finalidade garantir a adecuada prestación dos servizos públicos no suposto de asignación de funcións a tempo parcial, poderase nomear persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal para o apoio nas funcións propias do empregado publico que voluntariamente coopere durante a súa xornada laboral na confección ou xestión dos proxectos que se sinalan no punto 1.”

Emenda nº25, de Substitución. Artigo 58

O artigo 58 terá ao seguinte teor literal:





"As normas do presente título son de aplicación para ou exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en relación coa planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos (en adiante "os fondos") financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020, e dos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou polos mecanismos que os substitúan, que teñan por finalidade o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Todo elo sen prexuízo do establecido no artigo 2 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."

Emenda nº26, de Substitución. Artigo 60

No Artigo 60.3

Substitúese a expresión "poderá delegar no titular da vicepresidencia da comisión" por poder delegar na persoa titular da vicepresidencia"

Emenda nº27, ao apartado 3, de Adición. Artigo 60

Engádesse un novo apartado ao artigo 60 co seguinte teor literal:

"3. O proxecto tractor poder ser un proxecto único ou un grupo de proxectos que compartan ou mesmo obxectivo".

Emenda nº28, de Substitución. Artigo 61

No Artigo 61 apartado d)





Substitúese a expresión “os altos cargos de determine a Comisión” por “as persoas que determine a Comisión de entre as que teñan a condición de alto cargo”.

Emenda nº29, de Substitución. Artigo 61

No Artigo 61 apartado e)
Substitúese a expresión “Un representante da unidade de proxectos tractores do IGAPE” por “unha persoa en representación da unidade de proxectos tractores do IGAPE”

Emenda nº30, de Adición. Artigo 61

Débese engadir un último párrafo ao artigo 61.1 coa seguinte redacción:

“Na designación das persoas que forman parte do Comité Técnico de Fondos de Recuperación atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes”.

Emenda nº31, de Substitución. Artigo 62

No Artigo 62.3:
Substitúese a expresión “asignación de funcións a tempo parcial a funcionarios das diferentes consellerías” por “asignación de funcións a tempo parcial ao persoal funcionario das diferentes consellerías”

Emenda nº32, de Adición. Artigo 62

Débese engadir un novo apartado 4 ao artigo 62 coa seguinte redacción:





“4. Na designación do persoal funcionario público que forme parte dos grupos técnicos sectoriais atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes”.

Emenda nº33, de Substitución. Artigo 63

No Artigo 63.1:

Substitúese a expresión “comité de expertos económicos de Galicia” por “comité, integrado por persoas expertas en Economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Emenda nº34, de Substitución. Artigo 63

No artigo 63.1, apartado 2:

Substitúese a expresión “representantes” por “persoas representantes”

Emenda nº35, de Modificación. Artigo 63

Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 63 que pasa a ter o seguinte teor literal:

“3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

4. A dita comisión estará conformada por cinco persoas representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia, correspondendo a súa presidencia a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de administración local.

5. Na designación das persoas expertas e na composición dos grupos de traballo atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes”.



Emenda nº36, de Adición. Disposición adicional sétima

Engádesse unha nova disposición adicional sétima co seguinte contido:

"Disposición adicional sétima.

Referencias normativas á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia

A partir da entrada en vigor desta lei, todas as referencias normativas á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia entenderanse feitas á Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo prevista nesta lei."

Emenda nº37, de Substitución. Disposición transitoria primeira

A rúbrica desta disposición quedará redactada como segue "Consulta ás persoas expertas nos procedementos de avaliación ambiental"

Emenda nº38, de Substitución. Disposición transitoria primeira

Substitúese a expresión "banco de suxeitos expertos" por "banco de persoas expertas"

Emenda nº39, de Modificación. Disposición transitoria cuarta

A disposición transitoria cuarta quedará redactada do seguinte xeito:

"Disposición transitoria cuarta. Procedementos iniciados á entrada en vigor desta lei

1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedimentais recollidas nesta, agás no que respecta aos prazos que comezaran a





computarse antes da súa entrada en vigor, que continuarán calculándose conforme ao establecido na normativa anterior.

2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación á data de entrada en vigor desta lei, será de aplicación o prazo establecido no artigo 35.1.b para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, dende a notificación ao promotor do documento de alcance.

3. O establecido no artigo 35 sobre o prazo de vixencia das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos, e as solicitudes das correspondentes prórrogas, será de aplicación a todas as declaracións e informes publicados no Diario Oficial de Galicia nos catro anos anteriores á entrada en vigor desta lei, no caso das declaracións ambientais estratéxicas, e nos seis anos anteriores á devandita entrada en vigor, no caso dos informes ambientais estratéxicos.

4. Os informes sectoriais e os trámites realizados antes da entrada en vigor desta lei, incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que se refiran a unha mesma iniciativa empresarial, así como, no seu caso, para os efectos de obter o título habilitante de competencia municipal, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron os ditos pronunciamentos."

Emenda nº40, de Adición. Disposición transitoria quinta

Engádese unha nova disposición transitoria quinta co seguinte teor:

"Disposición transitoria quinta.

Constitución da Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo

Mentres non estea constituída a Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo prevista nesta lei, continuará a exercer as súas funcións a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia"





Emenda nº41, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Substitúese o contido da disposición derradeira terceira, polo seguinte texto:

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un artigo 3 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 3 bis. Definicións

1. Enténdese por solo empresarial o solo destinado maioritariamente por un instrumento de ordenación territorial ou urbanística aos usos produtivos do sector secundario ou terciario.

2. Enténdese por área empresarial unha superficie delimitada de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme á lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas cales desenvolver usos e actividades económicas predominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario”.

Dous. Modifícase o artigo 42, que quedan redactado como segue:

“1. Poderán ser declaradas polo Consello da Xunta de Galicia como iniciativas empresariais prioritarias aquelas que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, de 1 millón de euros, incluíndo aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables nos que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.

c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sostible de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.

d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencan a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento “instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU”.





2. Para o caso dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non estean asociados ao autoconsumo industrial, poderán ser consideradas como iniciativas empresariais prioritarias aqueles proxectos que xustifiquen un compromiso industrial asociado á implantación do proxecto eólico que supoña a creación ou consolidación dun volume mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos en Galicia, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, así como aqueles proxectos que teñan xustificando a totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde de 29 de marzo de 2010 ou aqueles proxectos que supoñan un volume de investimento, tendo en conta o valor medio anual en función da tecnoloxía de mercado, superior a 20 millóns de euros, sempre que contén cun permiso de acceso e conexión firme e vixente e que contén con infraestruturas de evacuación autorizadas ou executadas e en funcionamento que permita o vertido á rede de transporte ou distribución da enerxía eléctrica xerada.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados nas letras a) e b) do apartado 1 cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración socio laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.

Tres. Elimínase o apartado 2 da disposición transitoria cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición transitoria cuarta. Prazos para solicitar autorizacións de explotación de parques eólicos”

1. As persoas titulares de autorizacións administrativa previa e de construción, ou, no seu caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei disporán dun prazo de catro anos, a contar dende a entrada en vigor da mesma, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Sobrepasado o prazo indicado sen ter solicitada a autorización de explotación, a dirección xeral con competencias en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revocación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou no seu caso, aprobación do proxecto, con audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de explotación para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construción en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei será como máximo de tres anos, a contar dende a data de notificación da autorización de construción. Sobrepasado este prazo sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral





competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revocación das autorizacións administrativa previa e de construción, con audiencia das personas titulares.”

Emenda nº42, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Substitúese o contido desta disposición derradeira sexta polo seguinte texto:

"Disposición derradeira sexta.

Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

“1. Quedan sometidas ao disposto na presente lei aquelas instalacións de produción de electricidade obtida da enerxía eólica cuxa autorización, conforme ao previsto no artigo 27.13 do Estatuto de Autonomía, sexa competencia da Comunidade Autónoma. Ao resto de instalacións do mesmo tipo situadas no territorio de Galicia seranlles de aplicación en todo caso as disposicións do título II, III e V da presente lei.”

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 6, que queda redactado como segue:

“4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e





será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas”.

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 29, que queda redactado como segue:

“2. Solo poderá solicitarse o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos establecidos nos artigos 30,31 e 32, así como que conte co permiso de acceso á rede de transporte e distribución. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumpran estes requisitos”.

Catro. Modifícanse as letras e) e f) do número 4 do artigo 29, que quedan redactadas como segue:

e)”De ser o caso, proxecto sectorial co contido e a documentación esixida nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia para os proxectos de interese autonómico.

f) Para aqueles casos en que a persoa promotora solicitase a declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 44, relación de bens e dereitos afectados así como a xustificación da necesidade da expropiación, xunto cunha declaración responsable dos acordos acadados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados”.

Quinto. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

1. “As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes indicados no artigo 29.2.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

4. No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificara á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante disporá dun prazo máximo dun mes para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación. Se o suxeito promotor non achegase a xustificación prevista no apartado





anterior no prazo establecido, o órgano competente terao por desistido da súa solicitude.

5. A orde de tramitación das solicitudes de autorización administrativa admitidas poderase determinar mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía, tendo en conta as posibilidades de evacuación da enerxía eléctrica destes proxectos, así como os proxectos tractores ou que se declaren iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

6. Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

8. Así mesmo, o dito órgano poderá solicitar informes previos aos órganos sectoriais en función das posibles afeccións que poidan resultar incompatibles co proxecto. O prazo máximo para a emisión destes informes será dun mes. Transcorrido este prazo sen pronunciamento expreso continuarase co procedemento. Será condición necesaria para continuar co procedemento que estes informes non teñan carácter desfavorable. De ser o caso, arquivarase a solicitude por incompatibilidade, previa audiencia do promotor, procedéndose á devolución das garantías económicas correspondentes.

9. Obtido o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente á unidade tramitadora. Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte a máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

10. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso o proxecto





sectorial, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia así como na páxina web da consellería competente en materia de enerxía. No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

11. Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou parte da mesma que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

12. De xeito simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, solicitando, a lo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviarase de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectadas, con bens e dereitos ao seu cargo, ao obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

13. No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2.^a do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

14. Aplicarase o regulado na sección 1.^a do capítulo I da Lei xxx/2020 de simplificación administrativa e de apoio da reactivación económica de Galicia, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución que se reduce a 1 mes dende a recepción da solicitude. De non recibirse estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, continuándose a tramitación do procedemento.

15. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo de 1 mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non presentarse esta documentación no prazo indicado, entenderase que o promotor desiste da solicitude de autorización administrativa e se





arquivará a solicitude, sen máis trámites. O arquivo da solicitude realizarase pola unidade tramitadora, quen o comunicará ao órgano competente.

16. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, no seu caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación, o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

17. A valoración positiva ambiental esixible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, así como o informe de cumprimento de distancias indicado no punto 7 deste artigo serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

18. Así mesmo deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa previa e de construción”.

Sexto. Dáse unha nova redacción aos apartados 1 e 3 e engádese o apartado 4 e 5 no artigo 40, que queda redactado como segue:

“Artigo 40. O proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico)

1. Todas as referencias ao proxecto sectorial entenderanse referidas á figura de proxecto de interese autonómico da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro de Ordenación do Territorio de Galicia. Cumprimentados os trámites previstos no artigo 33 da presente lei relativos ao proxecto sectorial, o Consello da Xunta, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de enerxía, e previo informe preceptivo do organismo con competencias en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses, aprobará definitivamente, se procedese, o proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que estime convenientes.

2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestrutura concreta estea sendo ou sexa sometido a avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Nos casos en que o proxecto sectorial do parque eólico autorizado estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e





a persoa promotora presentase unha modificación non substancial das contempladas no apartado 1 do artigo 37 recoñecida como tal, enviarase ao órgano competente en ordenación do territorio e urbanismo o recoñecemento de esta modificación non substancial, así como o informe favorable do órgano ambiental indicado no apartado d) do punto 1 do artigo 37 e a addenda do proxecto sectorial na que se recollan estas modificacións, aos efectos de que se emita o informe preceptivo previo á aprobación da modificación do proxecto sectorial polo Consello da Xunta.

4. Exceptúanse da obriga da aprobación dun proxecto sectorial aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Para estes casos deberase achegar, xunto coa documentación da solicitude, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial.

5. En todo caso, e aos efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente.

Sétimo. Elimínase o apartado 2 do artigo 34, que queda redactado como segue:

“Artigo 34. Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento

1. Logo de realizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado por parte da persoa solicitante o acceso e a obtención do punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, a dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora dispoñerá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

3. A resolución publicarase integramente no Diario Oficial de Galicia e notificarase a todas as terceiras persoas que





formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpoñer os recursos que procedan.

4. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, poñerán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continuo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, acordarase de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.”

Oitavo. Engádese unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional cuarta. Réxime xurídico

No procedemento de autorizacións administrativas das instalacións de parques eólicos serán de aplicación os artigos 50, 51 e 52 da Lei xxx/2020, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia”.

Emenda nº43, de Modificación. Disposición derradeira sétima

A disposición derradeira sétima para a ter o seguinte contido:

Disposición derradeira sétima.

Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 55, que queda redactado como segue:

“2. O procedemento e a forma de cesión a título gratuito ou oneroso destes locais determinarase regulamentariamente. Entre outros supostos, poderá cederse o uso gratuito a entidades prestadoras de servizos sociais durante 10 anos prorrogables, por causas debidamente motivadas no expediente”.





Dous. Engádesse un novo número 4 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

“4. No suposto de que sexa preciso facer obras de acondicionamento nos locais que se adxudiquen en réxime de alugueiro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer un período de carencia no pagamento das rendas de ata 3 anos”.

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“2. Para o resto das vivendas protexidas, a duración do réxime legal de protección determinarase en función do ámbito territorial de localización das vivendas e do seu destino”.

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“3. Conforme o establecido no punto anterior, o réxime de protección das vivendas de protección autonómica situadas no denominado ámbito territorial de prezo máximo superior terá unha duración de vinte e cinco anos, o das vivendas situadas na zona territorial primeira terá unha duración de vinte anos e o das vivendas situadas na zona territorial segunda, de quince anos, desde a data da cualificación definitiva. Regulamentariamente determinarase os concellos incluídos en cada zona territorial.

A duración do réxime de protección das promocións que se cualifiquen como vivendas de protección autonómica con destino a alugamento será de quince anos, salvo que se edifiquen sobre un solo desenvolvido por un promotor público”.

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“4. A duración do réxime de protección das vivendas protexidas edificadas en solo público por unha persoa promotora titular dun dereito de superficie poderá estenderse ata acadar a duración total do dereito de superficie, aínda que esta sexa superior a 30 anos”.

Seis. Engádesse un novo número 5 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

“5. En todo caso, para as vivendas que se acollan ao financiamento ou ás axudas estatais, estarase, en canto á duración do réxime de protección, ao que dispoña a correspondente normativa reguladora das citadas axudas”.

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 61, que queda redactado como segue:

“3. As vivendas protexidas non poderán ser obxecto de descualificación mentres dure o seu réxime legal de protección”.

Oito. Elimínase o número 4 do artigo 61 e noméase de novo o número 5, que pasa a ser o número 4.





Nove. Modifícase o número 1 do artigo 63, que queda redactado como segue:

“1. Poderán acceder a unha vivenda protexida, en réxime de dominio ou dereito de uso ou gozo, inter vivos, en primeira ou posteriores transmisións, a título oneroso ou gratuito, voluntariamente ou en vía executiva, as persoas que, carecendo dunha vivenda en propiedade, acrediten os ingresos que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, se concreten por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo e cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan para o acceso a este tipo de vivendas”.

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 66, que redactado como segue:

“1. Durante o período legal de protección, calquera acto de disposición ou de arrendamento de vivendas protexidas en primeira ou posteriores transmisións estará suxeito a un prezo de venda ou renda máximo que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, será fixado por acordo do Consello da Xunta de Galicia”.

Once. Engádese unha disposición adicional vixésima, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional vixésima. Posibilidade excepcional de concesión de exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro de vivendas e locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia, en casos excepcionais de marcado carácter social debidamente motivados, poderá conceder exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro das vivendas e locais da súa titularidade”.

Doce. Engádese unha disposición adicional vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional vixésimo primeira. Exención na aplicación dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica

Non será esixible o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social para obter a condición de persoa beneficiaria para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica, debido á natureza social destas subvencións”.



Emenda nº44, de Adición. Disposición derradeira décima bis

Engádesse unha nova disposición derradeira décima co seguinte contido:

"Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Engádesse unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional cuarta. Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo

Crearase a Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e Urbanismo, como órgano con funcións específicas de carácter consultivo nas referidas materias, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa composición, organización e funcionamento estableceranse regulamentariamente, garantindo a representación das administracións públicas con competencias urbanísticas.

A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, prevista no artigo 9 desta lei, pasará a integrarse na Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a partir da súa creación, continuando no desenvolvemento das súas funcións ata ese momento.”

"

Emenda nº45, de Substitución. Exposición de motivos

Na Exposición de motivos. Parágrafo sétimo, apartado I :

Substitúese as referencias ao “colectivo de autónomos” pola expresión “colectivo de persoas traballadoras autónomas”

Emenda nº46, de Substitución. Exposición de motivos

Na Exposición de motivos. Parágrafo vinte e cinco, apartado III:





Substitúese “emprendedores” por “persoas emprendedoras”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2021 18:18:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o desenvolvemento da campaña de vacinación do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, os centros de discapacidade, centros de día e outros servizos sociais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido á grave situación epidemiolóxica existente en Galiza, a vulnerabilidade das persoas usuarias así como a situación de risco á que están expostas as traballadoras do SAF e outros servizos sociais de axuda á dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2020 comezou a campaña de vacinación fronte á COVID19, apenas dez meses despois de declararse a pandemia. Un fito histórico e científico que permitirá inmunizar a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As autoridades sanitarias, a través do Plan de vacinación, fixaron alén dun procedemento, grupos de poboación para desenvolvelo de maneira ordenada. As primeiras persoas en recibir as doses foron as persoas usuarias e traballadoras das residencias de maiores, a seguir polo persoal sanitario que traballa na primeira liña fronte ao virus.

Segundo informou o Ministerio de sanidade e tal e como consta no Plan estatal de vacinación, as persoas consideradas grandes dependentes (grao III) e as persoas que as coidan nos seus fogares tamén están incluídas na primeira fase de vacinación (grupo 4) porén, non se especifica cando serán vacinadas e, en ningún caso, aparece recollido como un grupo en si propio o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Cómpre lembrar que en Galiza o SAF presta servizo a máis de 24.000 persoas sendo un dos servizos sociais con máis usuarias e usuarios. As súas traballadoras, persoal sociosanitario como categoría profesional, tamén se enfrenta á COVID19 en primeira liña aínda que non sexa nun centro senón no fogar das persoas dependentes.

O mesmo acontece con outros servizos sociais como os centros de día e centros de discapacidade que, até o momento, non foron incorporados na campaña de vacinación malia representar un servizo sociosanitario fundamental con colectivos de risco.

Polas características do traballo que desenvolven, nomeadamente a asistencia a varios domicilio cada día, deben ser un grupo prioritario na campaña de vacinación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incorporar, de inmediato, as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar como un grupo prioritario na campaña de vacinación fronte á COVID19 así como as persoas usuarias deste servizo. De igual maneira, a Cámara insta o Goberno galego a planificar á maior brevidade posíbel a vacinación nos centros de día e discapacidade.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2021 09:35:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/01/2021 09:35:55

Mercedes Queixas Zas na data 25/01/2021 09:36:13

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2021 09:36:21

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2021 09:36:31

Daniel Pérez López na data 25/01/2021 09:36:43

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2021 09:36:59

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2021 09:37:15

Daniel Castro García na data 25/01/2021 09:37:28

María del Carmen Aira Díaz na data 25/01/2021 09:37:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2021 09:37:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2021 09:37:54

María González Albert na data 25/01/2021 09:38:14

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2021 09:38:24

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2021 09:38:32

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2021 09:38:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2021 09:38:49

María do Carme González Iglesias na data 25/01/2021 09:38:58

Paulo Ríos Santomé na data 25/01/2021 09:39:05



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Para Galicia, o sector naval é un sector estratéxico. Constatamos cunha industria naval situada maioritariamente nas rías de Vigo, Pontevedra e Ferrol, que da emprego a máis de 9.500 persoas e que aposta pola innovación, a dixitalización e a formación para ofrecer unha ampla gama de servizos para a construción e reparación de buques.

De feito, a pesar do impacto da covid-19, Galicia segue a liderar a construción naval en España cunha carteira valorada en 824 millóns de euros segundo o informe do Secretaría Xeral da Industria e Peme para o segundo trimestre de 2010.

A Xunta seguirá ofrecendo a súa máxima colaboración á industria naval para consolidar a Galicia como un referente nacional e internacional, desenvolvendo os diferentes programas de apoio á competitividade e a modernización do sector que devolveron a actividade ás gradas dos estaleiros galegos nos últimos anos. Tamén facilitando a súa liquidez coa posta en marcha o pasado ano 2019 dunha liña de préstamos para atender a situación financeira de 22 auxiliares galegas, á que se suma a nova liña de crédito para que as pemes galegas poidan facer fronte ao novo contexto económico.

Por iso cremos necesario que o Goberno amose a mesma implicación que están demostrando outros países como Alemaña ou Holanda para garantir a viabilidade e o financiamento da industria naval, dando continuidade ao esforzo de Galicia por garantir o seu presente e o seu futuro. En paralelo, debe acompañar ao sector na súa reclamación ante a Unión Europea para que vele por garantir o principio de igualdade e que as axudas doutros Estados membros se axusten ás directrices comunitarias.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Para a Grupo Parlamentario Popular é irrenunciable colaborar con este sector estratéxico para Galicia, apostando pola diversificación de mercados e produtos, a innovación e a formación como pancas para garantir a actividade e o emprego.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- 1) A que garanta a viabilidade e o financiamento da industria naval, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation.
- 2) A que acompañe ao sector na súa reclamación ante a Unión Europea para que vele por garantir o principio de igualdade e que as axudas doutros Estados membros se axusten ás directrices comunitarias”.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/01/2021 16:20:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/01/2021 16:20:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Borja Vereza Fraiz na data 14/01/2021 16:20:52

José Antonio Armada Pérez na data 14/01/2021 16:21:10

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 16:21:29

Ovidio Rodeiro Tato na data 14/01/2021 16:21:46

Cristina Sanz Arias na data 14/01/2021 16:22:00

Sandra Vázquez Domínguez na data 14/01/2021 16:22:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o modelo eólico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste a unha nova fase de expansión ou boom do sector eólico con importantes consecuencias sociais e ambientais froito do modelo fracasado do Partido Popular, enfocado exclusivamente ao produtivismo e baseado nunha normativa obsoleta, aproveitando ademais un baleiro provocado no ámbito da protección natural do territorio e renunciando de forma decidida a calquera tipo de deseño ou participación pública.

Esta cuestión está a traer unha ampla contestación social que o Partido Popular contesta con falta de diálogo e co impulso de reformas normativas unilaterais. Así mesmo, nos últimos meses teñen saído á luz numerosas sentenzas que son absolutamente demoledoras respecto das prácticas abusivas co consentimento e colaboración activa da administración galega, como é o caso de Sasdónigas ou do Iribio.

Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con h 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos. Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacións de desamparo e desigualdade de concidións. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado.

Por todos estes motivos, neste momento de previsión de nova instalación de numerosos parques e de mudanzas normativas sen control por parte do goberno galego, é preciso dar un cambio de rumbo a esta mala praxe e procurar un consenso amplo arredor dun novo modelo eólico con garantías para todas as partes e cunha planificación estratéxica ao servizo dos intereses xerais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.Desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel así como incrementar as garantías medioambientais desenvolvendo figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura (reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012), Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Desenvolver as modificacións legais oportunas para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións. Na valoración dos proxectos deberá terse en conta a construción de compoñentes e subministros no noso país.

3. Reforzar o persoal e o papel da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover unha oficina específica para o asesoramento técnico e administrativo necesario e atender as demandas de información pública que puideren existir así como a creación dun rexistro de información pública de contratos con información sobre os prezos pactados nos distintos parques.

4. Vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando:

a) a participación pública da Xunta de Galiza, dos concellos galegos e das e dos propietarios das terras dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento de proxectos de desenvolvemento rural e industrial.

b) un modelo de contrato tipo para particulares e comunidades de montes conforme propón o Observatorio Eólico Galego.

c) Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen os novos parques.

d) Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

e) Programas de investigación e xeración de valor engadido en colaboración co tecido universitario e centros tecnolóxicos galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente:

a) o canon eólico deberá calcularse en función da potencia instalada, non do número de aerogeradores

b) modificar o Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2021 17:28:28

Ramón Fernández Alfonso na data 14/01/2021 17:28:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2021 17:28:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Noa Presas Bergantiños** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre medidas de apoio aos sectores máis afectados de Ourense e contorna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa unha profunda crise económica derivada da situación xerada pola pandemia e polos diferentes gromos e restricións sanitarias. Porén, esta crise non afecta por igual a todas as zonas do país, sendo máis dura nas zonas de gran poboación e nas zonas nas que existía unha crise económica e social preexistente, como é o caso de Ourense. Cómpre recordar que Ourense é a terceira cidade de Galiza en poboación, e iso sen ter en conta os concellos da contorna, que concentran tamén unha gran poboación, por exemplo en Barbadás, San Cibrao ou O Pereiro.

Durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa situación. De forma especial o de Ourense e o de Barbadás. Así as cousas, finalmente o 6 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza acordaba restrinxir a mobilidade nos concellos de Ourense e Barbadás. Así mesmo, acordaba incrementar as medidas nos concellos de Barbadás, Verín e O Barco de Valdeorras, e na comarca do Carballiño prohibindo xuntanzas de non convivintes, ademais de manter a mesma restrición en Ourense. Daquela, tamén se anunciaba que a partir das 00 do xoves nos concellos de Ourense e Barbadás





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aplicaríanse as medidas de nivel 3, polo que pasa a estar prohibido que bares e cafeterías poidan servir no interior, limitándose a atender nas terrazas a grupos de 5 persoas. Por outra banda, entran en nivel 2 os concellos das comarcas do Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Allariz, Verín e O Barco. Entre estas restricións xerais deste nivel destacan a limitación dos aforos ao 50% nos establecementos comerciais, de restauración e hostalería -onde ademais estará prohibido o consumo en barra.

A Xunta de Galiza tomou esas medidas demorando a adopción de liñas extraordinarias de axudas ata que foron máis zonas do país que se sumaron a estas medidas e ata que a presión social se fixo inaguantable para o goberno. Ademais de tardías, foron insuficientes.

Así as cousas, pasadas as festas do Nadal, Galiza viviu un grave empeoramento da situación sanitaria e a Xunta de Galiza anunciaba o 13 de xaneiro novas restricións que afectan fundamentalmente á hostalería, o turismo e o pequeno e mediano comercio.

Estas recomendacións buscan atallar a incidencia da covid-19 e requiren de respaldo por parte das forzas políticas. Mais é evidente que traen canda si importantes consecuencias no ámbito económico e que polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza aposte por respaldar estes sectores, permanecendo vixiante e activa para evitar que este aumento das medidas sanitarias nesta nova vaga non teña consecuencias irreversíbeis na economía dunha cidade e dunhas vilas que xa teñen unha situación socioeconómica moi grave previa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer de forma inmediata novas medidas extraordinarias de apoio económico, e particularmente axudas directas, para os sectores económicos máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos da área metropolitana de Ourense, que derivan no peche temporal ou redución drástica de ingresos de ámbitos como o hostaleiro, comercial ou turístico.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2021 17:45:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/01/2021 17:45:53

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2021 17:46:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación económica galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia do coronavirus e das novas vagas de gromos ten un indubidábel impacto na economía internacional, estatal e galega, un impacto que é dunha profundidade e impacto sen precedentes e de incerta previsión. Esta é, xa que logo, unha cuestión que se debe analizar e atender desde o ámbito galego para así poder deseñar as mellores respostas posíbeis para que esta nova crise económica sexa abordada de forma diferente á crise financeira desatada a partir do ano 2008 e que nin Galiza teña un papel subsidiario nin sexan as maiorías sociais quen asuman as consecuencias máis negativas.

Recentemente, o Foro Económico de Galiza publicaba os resultados do seu Informe de Conxuntura Socioeconómica referido ao III trimestre de 2020 e ás previsións de peche de ano. Segundo indica, atendendo aos datos prevén unha caída do 9% do PIB galego en 2020, entre as comunidades con menor descenso, prevéndose unha caída de até o 11% para o conxunto do Estado, superior en ambos os dous casos á previsión de ámbito europeo cunha media de caída do 4,2%. Así mesmo, este Informe volve sinalar unha cuestión clave: a menor velocidade na caída acompañouse na anterior



crise económica, a crise financeira a partir de 2008, dunha menor velocidade nos índices de recuperación.

Durante a presentación de dito informe, as persoas expertas do Foro facían fincapé na imprevisibilidade do contexto, que dá lugar a previsións moi dispares, e no gran risco da afectación dun desplome económico no primeiro semestre do 2021 aínda que polo momento non se estea a formular a posibilidade dun confinamento homologábel ao de marzo.

Entre outras cuestións, resulta especialmente preocupante a constatación de que esta crise está a afectar máis aos sectores laborais máis debilitados e vulnerábeis. O informe sinala, singularmente, que “o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese en maior medida no caso das mulleres que no dos homes, así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea”

Así mesmo, fronte á lectura autoconpracente que fai a Xunta de Galiza respecto do diferencial galego/estatal do PIB, o Foro Económico sinala que “Ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (-4,2% no primeiro e -21,5% no segundo trimestre)”. Así mesmo, tamén observa que “se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que na economía española. Con todo, cómpre destacar que esta caída da actividade económica é superior á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza debe permanecer alerta respecto da evolución da economía galega con base a estes e outros indicadores, así como do seu impacto na vida dos galegos e galegas, na clase traballadora e nos índices de pobreza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do Consello Económico e Social a elaboración e remisión á Cámara dun estudo específico sobre a situación económica galega sobre os efectos do primeiro ano de pandemia e as propostas máis destacadas por sectores que complemente á memoria anual do ano 2020 de forma que a administración poida corrixir e poñer en marcha aquelas orientacións que sexan precisas e os grupos parlamentarios poidan consensuar aquelas resolucións que sexan pertinentes.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2021 09:45:56

Daniel Pérez López na data 15/01/2021 09:46:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 09:46:09

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2021 09:46:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación do centro de traballo da empresa SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toman corpo as peores expectativas para o persoal da fábrica de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

A falta de carga de traballo para o presente ano 2021 que a dirección da empresa anunciara ao persoal hai un par de meses ven de concretarse na comunicación formal do peche da fábrica e do consecuente despedimento colectivo.

As causas non se lles escapan a ninguén, os modelos de palas que se fabrican na fábrica das Somozas son pequenos para os actuais requirimentos do mercado, mais nin a propia dirección da empresa oculta que aínda que existiran pedidos do modelo de palas que fabrican nas Somozas a súa produción sería máis rendíbel na fábrica de Vagos, en Portugal. Un proceso de deslocalización empresarial de libro.

O grupo Parlamentar do BNG xa ten presentado con anterioridade a esta iniciativa outra de semellante teor. Naquela ocasión o PP votou en contra por, segundo manifestaron, ter dúbidas sobre a legalidade do contido da parte resolutiva. O PSOE abstívose.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa falta de apoio para coas medidas propostas resultan no presente escenario absolutamente escandalosas, dado o fracaso dos intentos realizados até o de agora por parte dos gobernos estatal e autonómico ante a determinación amosada pola empresa, que veñen demostrar a necesidade de poñer en marcha políticas de promoción empresarial que superen de unha vez por todas a vella (e fracasada) dinámica de ofrecer prebendas, privilexios ou condicións máis vantaxosas para a produción en competencia con outros países ou territorios. As deslocalizacións non deixan de ser unha constante da nosa historia industrial recente e presente.

Pola contra, esixencias de certas cotas produción local para as empresas que queren acceder a un determinado mercado nacional, son actualmente empregadas entre os países da nosa contorna e dentro do mesmo sector de actividade, por exemplo Franza na instalación de potencia eólica mariña.

Por iso, nun momento en que está previsto que a potencia eólica instalada na Galiza pase dos actuais 3.700 MW a 13.700, non é de recibo que a Xunta non tome medidas eficaces para garantir que este novo boom eólico sirva para industrializar o noso país, servindo tal e como se ven anunciando (dun xeito, polo visto, retórico ou meramente propagandístico), de chave de bóveda para a reactivación económica de Galiza.

Galiza ten un enorme potencial eólico, temos os montes e o vento, e o seu aproveitamento non é gratuítu para nós como pobo, pagamos custes ambientais, paisaxísticos, e sociais, pola instalación dos muíños e das infraestruturas necesarias para evacuar e distribuír a enerxía, e resulta absolutamente lexítimo, e sobre todo no actual contexto, absolutamente necesario, poñer estes recursos naturais ao servizo da reactivación económica, e da creación de riqueza para a sociedade galega no seu conxunto.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover un marco de negociacións coa empresa e o comité onde se aborden solucións que garantan investimentos e ocupación para todo o actual cadro de persoal.
2. Demandar do goberno do estado a súa participación activa nos foros que se poidan constituír para abordar a problemática da factoría de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.
3. Condicionar as autorizacións de proxectos de aproveitamento eólico da súa competencia a que sirvan para promover e/ou consolidar na Galiza iniciativas empresariais e máis emprego nos sectores de actividade relacionados co sector eólico, primando aqueles que impliquen investimentos de capital, como por exemplo a fabricación de compoñentes.
4. Demandar do Goberno do estado que no marco das súas competencias condicione as autorizacións de proxectos para aproveitamento eólico situados na Galiza a que sirvan para promover e/ou consolidar na Galiza iniciativas empresariais e máis emprego nos sectores de actividade relacionados co sector eólico, primando aqueles que impliquen investimentos de capital, como por exemplo a fabricación de compoñentes.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2021 10:12:05

María do Carme González Iglesias na data 15/01/2021 10:12:09

Daniel Pérez López na data 15/01/2021 10:12:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 10:12:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os gromos aparecidos nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición de contaxios nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol ven sendo recorrente desde o inicio da pandemia, mais a súa repetición nos últimos tempos, case son solución de continuidade, é dunha grande gravidade, en canto que evidencia a falta dunha correcta planificación da prevención de riscos entre o persoal sanitario que está a poñer en risco non só ás persoas traballadoras do sistema público de saúde, senón tamén e por extensión, ás persoas doentes ou familiares que por diferentes motivos vense na obriga de acudir as anteditas instalacións hospitalarias.

Unha das medidas que máis insistentemente ven reclamando o grupo parlamentar do BNG é a realización de cribados masivos PCR (e non dobre banda) entre o persoal do SERGAS alén do propiamente destinado ao coidado ou atención directa das persoas contaxiadas de COVID ou sospeitosas. Xa que, salvo mellores ou máis convincentes explicacións que polo de agora a Xunta tampouco ofrece, parece evidente que unha das razóns polas que se espallan os contaxios é a existencia entre o persoal sanitario, igual que en calquera outro ámbito, de contaxios asintomáticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar cribados masivos PCR entre o persoal sanitario da área de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2021 11:08:37

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2021 11:08:40

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2021 11:08:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 11:08:58





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre en demanda da ampliación dos estudos de gaita de fol e de música tradicional e popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gaita de fol na Galiza conta con estudos elementais, profesionais e superiores de música. O instrumento está presente en 4 dos 7 conservatorios profesionais (Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo) e en 1 dos 2 conservatorios superiores (Vigo) dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Alén disto, existen arredor doutros 16 conservatorios municipais ou privados, non dependentes da Consellería, que imparten ensinanzas de gaita de fol en todo o país.

No entanto, non existen na Galiza estudos musicais de posgrao relacionados coa gaita de fol ou a música tradicional. Non hai no territorio galego ningún posgrao oficial relacionado coa música en ningunha das súas vertentes: interpretación, investigación, composición ou produción. A USC conta, iso si, cun Curso Avanzado de Especialización Orquestral impartido pola Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, un título propio de posgrao destinado a formar instrumentistas de orquestra sinfónica. Mais sendo un título propio da USC, non ten recoñecemento académico en oposicións nin para o acceso a programas de doutoramento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, si existe a posibilidade nas universidades galegas de cursar doutoramentos en campos de investigación musicais, o que redunda na incoherencia de carecermos de estudos musicais de posgrao.

Ante a dificultade ou mesmo imposibilidade de acceso a esta formación musical académica nos estudos dos nosos instrumentos tradicionais e populares, nomeadamente a gaita de fol, persoas a título individual mais tamén desde a Asociación de Gaiteiros Galegos, fannos chegar a necesidade de inclusión dos estudos de gaita de fol en todos os conservatorios profesionais galegos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Á parte de que semella lóxico pensar que un instrumento patrimonial e identitario para o pobo galego deba estar presente en todos os centros públicos xestionados polo goberno galego, tanto na disposición adicional primeira do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, coma na disposición adicional cuarta do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establécese que as especialidades das ensinanzas de música poderán ser ampliadas para dar acollida a outras en razón do seu grao de interese etnográfico, histórico ou cultural. Coidamos que o estudo da gaita de fol na Galiza presenta interese nos tres puntos e pensamos que presenta o mesmo interese en Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, cuxos conservatorios a teñen incluída nos seus programas, ca na Coruña, Santiago e Pontevedra, onde non pode estudarse nos conservatorios da Xunta.

Entendemos tamén necesaria a inclusión do grao superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña. A pesar de que existen graos similares en Asturias e en Cataluña, por exemplo, por circunstancias históricas e culturais non é o mesmo estudar gaita de fol en Asturias, Cataluña, Irlanda, Bélxica ou Galiza. Coa gaita de fol, cambiar de territorio implica cambiar, por pouco





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sexa, a morfoloxía do instrumento, ao contrario do que lles ocorre a outros intérpretes, que poden moverse por toda Europa co mesmo instrumento exacto.

Finalmente, para complementar esta demandada formación musical, cumpriría tomar parte na creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música. Isto evitaría que o alumnado tivese que marchar fóra cursar estes estudos e axudaría a conservar e asentar na Galiza os profesionais formados aquí.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar en consideración a necesidade de ampliar a formación académica en gaita de fol nos estudos musicais comprometéndose cunha maior oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidades.

Asemade, insta a incluír do grao superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña e a crear estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2021 11:54:09

Daniel Castro García na data 15/01/2021 11:54:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/01/2021 11:54:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un resumo da dotación orzamentaria desde o ano 2019 ata o ano 2022. No ano 2019 aparece un orzamento de 58.833.303 euros e no ano 2020 o orzamento foi de 82.167.231 euros tal e como se recolle no devandito plan.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático dos orzamentos da Xunta de Galicia en materia xacobeá imprescindible neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua de onde se está investindo os orzamentos recollidos no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 e do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Informar no primeiro trimestre deste ano do grado de execución do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021.
- Informar no primeiro trimestre deste ano das accións desenvolvidas no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 58.833.303 euros no ano 2019.
- Informar no primeiro trimestre deste ano das accións desenvolvidas no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 82.167.231 euros no ano 2020.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:28:13

Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:28:20

Martín Seco García na data 15/01/2021 13:28:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/01/2021 13:28:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e os orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un eixe transversal que recolle un plan de mantemento dos camiños, plan de embelecemento do Camiño e da súa contorna, plan de reforma e ampliación dos albergues e un plan de sinalización do Camiño de Santiago.

O Plan Estratéxico Xacobeo 2021 non cumpriu o seu obxectivo porque no noso grupo parlamentario temos moitas demandas por parte dos concellos de sinalización e melloras do Camiño de Santiago e de construción e reformas de albergues.

A antigüidade dos albergues de peregrinos e peregrinas fai necesarios investimentos significativos para a súa adecuación a tódolos turistas que visitan a nosa terra e máximo cando estamos nun ano Xacobeo. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan investimentos e melloras nas súas instalacións.



Dentro deste Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 existe un Plan de investimentos cunha dotación económica de 105 millóns de euros, desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeá neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a informar, no primeiro trimestre deste ano por provincias, de cales foron as actuacións onde se investiron os 105 millóns do Plan de investimentos recollido dentro do Plan Estratéxico Xacobeo 2021.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:37:51

Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:37:58

Martín Seco García na data 15/01/2021 13:38:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 13:58:08
Nº Rexistro: 8190
Data envío: 15/01/2021 13:58:08.232

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/01/2021 13:38:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas urxentes a prol do pequeno e mediano comercio de cara a paliar a situación extrema xerada pola crise da Covid 19:

1. Desenvolver e acordar co sector, no inmediato, un plan de apoio e recuperación do comercio de proximidade, feiras e mercados tradicionais, atendendo as distintas realidades como as feiras de abastos, as feiras especializadas, como as de atesanía, ,,,

2. Desenvolver unha estratexia específica de promoción e fomento de marca dos produtos galegos, concienciando da importancia que tivo a produción propia no marco da crise da covid-19 para a súa valoración por parte da cidadanía. Particularmente, promover acordos coas cadeas de distribución alimentar a fin de que ofrezan e promocionen -convenientemente identificados- artigos de produtores locais, a prezos e marxes comerciais dignos

3. Desenvolver unha estratexia de impulso á comercialización en liña, incluíndo apoio loxístico, para o pequeno e mediano comercio galego.

4. Tomar as medidas necesarias para declarar Galiza zona saturada de grandes superficies comerciais e establecer unha moratoria que impida novas aperturas na próxima década.

5. Recoñecer o fracaso da lei 1/2013, do 13 de febreiro, de horarios comerciais de Galiza e impulsar en menos un estudo sobre as consecuencias lesivas que tivo para o pequeno e mediano comercio, o comercio local e de proximidade no noso país e as novas necesidades xeradas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Non permitir a invasión de competencias en materia de comercio por parte do Estado e reclamar as competencia na materia para Galiza, particularmente respecto da fixación de horarios.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 09:25:37

Ramón Fernández Alfonso na data 18/01/2021 09:25:40

Daniel Pérez López na data 18/01/2021 09:25:51

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2021 09:25:59





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a renovación da demanda de emprego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras medidas administrativas tomadas pola Xunta de Galiza durante a actual pandemia foi acordar a renovación de oficio da demanda de emprego, baseada nas recomendacións sanitarias de evitar aglomeracións, contactos innecesarios, e restrinxir a mobilidade.

Por outra banda as ferramentas ou mecanismos dixitais habilitados pola administración galega para a realización de trámites están aínda lonxe de resultar unha opción, ou solución, universalmente eficaz, quer por falta das necesarias habilidades dixitais, quer por falta dos necesarios recursos materiais, de boa parte das persoas administradas.

Con toda certeza a medida tomada no seu día tamén estivo motivada pola importancia do trámite, e as repercusións económicas de non cumprimentalo en tempo e forma, polo que a renovación de oficio resultou unha solución eficaz dadas as circunstancias.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vixencia da medida que acordaba a renovación de oficio da demanda de emprego, despois de prorrogarse en varias ocasións, rematou o pasado 31 de decembro, traendo como consecuencia inmediata a formación de colas nas oficinas de emprego desde os primeiros días do ano, o que dadas as actuais circunstancias de risco sanitario é absolutamente contradictorio con todas as outras medidas adoptadas pola Xunta de Galiza.

Do mesmo xeito mantéñense as outras razóns que motivaban, segundo nos parece, a medida acordada: importancia do trámite, dificultade de moitas persoas para realizalo dixitalmente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a prorrogar a medida acordada no seu día para o selamento de oficio das demandas de emprego en tanto existan medidas gobernativas restritivas da mobilidade ou de acceso aos edificios administrativos.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Ramón Fernández Alfonso
Deputados do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2021 10:13:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 10:13:58

Daniel Pérez López na data 18/01/2021 10:14:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os pactos sucesorios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de novembro de 2020 o goberno do Estado impulsou a tramitación do Proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.

Entre outras cuestións, o articulado do texto presenta inicialmente medidas que modifican a lei do IRPF e a do imposto de sucesións e penalizarían pactos sucesorios do dereito civil galego. No momento de asinar esta iniciativa o proxecto atópase en tramitación no Congreso dos e das deputadas e o Bloque Nacionalista Galego xa presentou unha batería de emendas ao respecto para evitalo. Porén, pola relevancia política desta cuestión, é necesario que o Parlamento Galego manifeste a súa posición contraria.

De aprobarse o Proxecto de Lei que presenta o Ministerio de Facenda, as persoas que reciban os bens antes do falecemento dun familiar, deberán tributar no IRPF





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coma se tiveran que vendelo, facéndose cargo da plusvalía, non só desde que o chegou ao seu poder, senón desde que se produciu a adquisición do ben polo testador. Con esta reforma Ministerio de Facenda penaliza aos cidadáns e cidadás galegas ademais de supoñer un novo exercicio de centralismo político no que se invaden competencias autonómicas e materias propias desta cámara galega ao vulnerar o Dereito Civil de Galiza. É polo tanto necesario que as propostas de reforma que afectan aos pactos sucesorios sexan retiradas do texto.

En primeiro lugar, o Estado non pode regular indirectamente unha figura propia do dereito civil da Galiza, facendo que na práctica non sexa posíbel acudir á figura dos pactos sucesorios. E ademais, a regulación que pretenden supón un tratamento discriminatorio desde o punto de vista fiscal para aqueles herdeiros ou herdeiras que reciban bens en vida fronte a aqueles que o fan trala morte dun familiar. Neste último caso, se a persoa que herda recibe os bens trala morte do familiar e a continuación procede a súa venda, só debería tributar pola plusvalía desde o momento da recepción dos bens e até a efectiva transmisión, en cambio, se se trata dunha herdanza en vida, e se venden os bens antes da morte do causante, deberá tributar polo incremento patrimonial desde que o testador adquirira o ben. Resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias da Administración galega, sexa unha práctica de evasión fiscal.

De manterse o texto actual, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas que se acolleron a esta modalidade hereditaria. Máis aínda, ante a situación de crise económica, son moitos os galegos e galegas que poden verse na necesidade de vender os bens recibidos para facer fronte a gastos elementais e non sería xusto que a Facenda española se aproveitase desta circunstancia asumindo por riba unhas competencias que non lle corresponden cando en ningún caso pode considerarse que haxa unha intención de fraude que deba ser penalizada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe, ademais, unha ampla xurisprudencia na que os tribunais consideran que os pactos sucesorios son, a pesar de producírense en vida do causante, actos mortis causa, e polo tanto non cabe que se pretenda a súa homologación coas doazóns ou outros actos xurídicos semellantes a estas. Son unha institución propia do Dereito Civil da Galiza que debe ser respectada e tratada como acto hereditario aos efectos tributarios, garantindo ademais a non interferencia nas competencias da Xunta de Galiza e do Parlamento Galego neste tema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, rexeitar as medidas do Proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo que ao modificaren a lei do IRPF e a do imposto de sucesións afectarían aos pactos sucesorios en vida regulados polo dereito civil galego, invadindo competencias propias da Comunidade Autónoma de Galiza.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a defender o seu autogoberno e desenvolver aquelas medidas necesarias para manter o status dos pactos sucesorios que contempla o dereito civil galego, mesmo emprendendo accións legais no caso de prosperar a reforma lexislativa sen modificacións neste ámbito.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2021 11:40:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 11:40:51

Daniel Pérez López na data 18/01/2021 11:41:01

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2021 11:41:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a instalación dunha central hidráulica reversíbel nos encoros As Conchas e Salas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa actualmente denominada Naturgy, sucesora da mercantil Gas Natural-Fenosa, ven de reiterar a súa intención de instalar unha central hidráulica reversíbel entre os encoros de As Conchas, sito nos concellos de Lobeira, Muiños e Bande, e o de Salas, no de Muiños.

O referido proxecto partiría dos aproveitamentos hidroeléctricos que actualmente ten concedidos a mercantil, e que atinxen tanto ao encoro de As Conchas como ao de Salas. Así, procederíase ao bombeo de auga, en horas valle nas que a enerxía é máis barata por existir menos demanda, dende o encoro de As Conchas ate o de Salas no que se almacenaría e logo se turbinaría en horas puntas, nas que, por existir máis demanda e necesidade, o prezo da enerxía eléctrica é máis elevado. Resulta evidente a rendibilidade económica do proxecto de Central Hidráulica reversíbel, porén tal rendibilidade económica non é parella -tampouco proporcional- co risco que implica para o medio ambiente e para a saúde das persoas.

Infelizmente as augas do encoro de As Conchas presentan na actualidade un estado global, en cualificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, “peor que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bueno”, mentres que o do Salas é cualificado como “bueno” polo precitado organismo de conca. Así, o bombeo implicará o risco de contaminación das cianobacterias existentes no encoro de As Conchas ao Salas que actualmente é un espazo limpo e de grande valor medio ambiental, integrado nun Lugar de Interese Comunitario, Zona de Especial Protección para as Aves, Reserva da Biosfera ou mesmo dentro do Parque Natural Baixa Limia–Serra do Xurés.

A situación de deterioro do espazo natural evidenciouse con total crueza no ano 2011 no que o encoro das Conchas presentou un alto índice de contaminación por cianobacterias, que contradicindo estudos do Goberno de España, foi recoñecido por estudos da Universidade Complutense de Madrid.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda insta á Xunta a demandar do Goberno Central a paralización inmediata do proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido pola mercantil Naturgy que modifica as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas).”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2021 11:49:10

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2021 11:49:23

María González Albert na data 18/01/2021 11:49:33

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2021 11:49:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia atópase inmersa nun contexto complexo provocado pola crise dunha pandemia causada pola Covid-19. Dende o mes de marzo do ano pasado, os centros de atención residencial para persoas maiores e dependentes foi un dos sectores máis vulnerables ante o virus, polo que na actualidade, dando comezo o ano 2021 e tendo en conta que os casos de coronavirus se multiplican en Galicia escalando cara a que se prevé a terceira vaga da pandemia, é urxente tomar medidas de calado neste ámbito.

Dende o Grupo Socialista fixemos numerosas propostas neste sentido, a modo de colaborar co Goberno da Xunta de Galicia, dentro dun contexto complexo. Segundo indican os datos, o Goberno autonómico sustentado polo Partido Popular, continúa sen asumir propostas construtivas e coincidentes coas recomendacións que dende o sector e que os propios profesionais demandan

Insistimos novamente na necesidade vital para a seguridade dos nosos maiores de elaborar un Plan de Evacuación de todos os casos de positivos que existan nas residencias de maiores ás residencias intermedias creadas para tal fin, e os casos que o requiran aos hospitais públicos.

A propia Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria demandou en numerosas ocasións esta proposta, co fin de protexer aos nosos maiores e á vez evitar a propagación do propio virus.

Por outra banda, é fundamental que a Xunta de Galicia traslade a este parlamento toda a información requirida polos grupos parlamentarios co fin de poder realizar o traballo como representantes da cidadanía galega, e polo tanto é urxente que se trasladen os datos de contaxios e falecementos de todos os centros de atención residencial separados por centro. Deste xeito será posible optimizar o seguimento e o labor de oposición de xeito construtivo e propositivo.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore un Protocolo de evacuación de todos os positivos por Covid-19 de residentes en centros de atención residencial para que se trasladen aos centros intermedios ou hospitais en función do criterio sanitario, para evitar a propagación do virus.”

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/01/2021 12:47:23

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2021 12:47:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/01/2021 12:47:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Antonio Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda de información sobre o proxecto cultural artellado ao redor do Xacobeo 2021.

A Xunta adoita fiar as expectativas de recuperación económica para Galiza á celebración do Xacobeo 2021.

O Vicepresidente primeiro da Xunta adiantouse a cualificalo mediaticamente como “potentísimo” en caso de ter superadas as limitacións á mobilidade.

Unha marca que se asenta fundamentalmente na mobilización do sector turístico e que adoita esquecer, cando non confundir, os sectores culturais propios.

Un evento que ademais xa contou con partida orzamentaria no exercicio económico de 2020, a pesar de non existir unha planificación coñecida a medio e longo prazo, cunha estratexia de futuro, fóra dos investimentos en infraestruturas para arranxar diferentes lugares do Camiño e, moi particularmente, as entradas en Santiago.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iniciado xa o ano 2021 case nada se sabe deste proxecto tan agardado polo sector turístico e hostaleiro, máis alá do anuncio de estar orzado con 85,6 millóns de euros no proxecto de orzamentos da Xunta, pendente de aprobación definitiva nesta altura, e da asignación de 35,7 millóns de euros para a contratación de seguros “coronavirus”, que cubrirían gastos sanitarios, transporte, estadía e aloxamento derivados da posíbel situación de contaxio e confinamento, tanto para o viaxeir+o como para o acompañante.

Asemade, tense indicado desde a vicepresidencia primeira que 38 millóns irán destinados á programación que, comezado o ano 2021, aínda descoñecemos, agás a xa celebrada iluminación dalgúns monumentos de diferentes comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago, enmarcado na iniciativa “Acende o Xacobeo”. Como seguimos a descoñecer, igualmente, que se vai facer cos maiores recursos que vai ter a AGADIC para este período.

O Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, presentado no mes de xullo de 2019, non se adapta ao presente epidemiolóxico, polo que é preciso coñecer cal é a reorientación do ano xacobeo, as mudanzas presupostarias e a súa adaptación á prolongación ao 2022, segundo a decisión das autoridades relixiosas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dar conta da execución do orzamento investido en 2020 na organización do Xacobeo 2021, así como do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxecto redeseñado para se adaptar ao actual marco epidémico, concretando as súas actuacións en materia cultural.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2021 13:24:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2021 13:24:28

Daniel Castro García na data 18/01/2021 13:24:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai case un ano a Consellería de Cultura iniciaba o que debería ser o camiño de materialización dun plan integral da danza en Galicia, co que se pretendía dar resposta ás necesidades dese sector en Galicia, consciente de que precisa dunha maior atención e apoio por parte da Administración galega.

O plan ten entre os seus obxectivos prioritarios dar a coñecer todos os recursos existentes do sector e afondar nas súas potencialidades, impulsando a investigación e a reflexión; apoiar e impulsar o talento e o proceso creativo; fortalecer a industria cultural arredor da danza; e estender a súa produción, distribución e difusión por todo o territorio galego, propiciando a creación de novos públicos. Ten tamén como finalidade o fomento da proxección exterior das compañías galegas, canalizar accións que potencien o ámbito formativo e deseñar medidas que favorezan unha maior colaboración entre as administracións e todos os axentes implicados no sector.

A primeira reunión de traballo tivo lugar a mediados do mes de febreiro e a ela asistiron o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e representantes de colectivos, compañías, festivais e espazos escénicos. Nesa xuntanza entregouse un documento a partir do cal, e logo dun “proceso compartido, participativo e transparente”, se redactaría un documento final.

O Goberno autonómico aseguraba que o proceso de redacción do documento final iniciado en febreiro continuaría nas seguintes semanas coa convocatoria das posteriores mesas de traballo (creación e produción, distribución e difusión, formación e redacción e debate do documento final), mais a realidade é que esas xuntanzas non se produciron.

O director da Agadic sinalaba a finais do ano 2020 en comisión parlamentaria que ese proceso de traballo se interrompera por mor da covid-19, que impedira celebrar máis sesións. A afirmación sorprende a este grupo parlamentario por canto logo dos primeiros tempos de incerteza e preocupación lóxicos,



practicamente toda a actividade se recuperou neste tempo, e dende logo toda a que pode desenvolverse por medios telemáticos como é o caso.

No seu día o director da Agadic asumira o compromiso de adecuar, tanto na parte económica como de persoal, as dotacións da entidade que dirixe para materializar os programas e accións resultado destas xuntanzas, no horizonte de desenvolvemento do plan. Ao non se celebraren estas xuntanzas, o sector da danza ten por diante outro ano máis perdido xa que non puido ver as súas expectativas e necesidades plasmadas nos orzamentos de Galicia para o presente ano.

Por todo o exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a retomar de inmediato as reunións de traballo para a elaboración do plan integral da danza de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2021 14:17:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2021 14:17:23

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/01/2021 14:17:36



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O barrio de Monteporreiro e Pontevedra, situado ao noroeste da cidade, cunha poboación de case 5.000 habitantes, leva abandonado pola Xunta de Galicia case unha década.

No ano 2009, o goberno bipartito levou a cabo un concurso de ideas para reurbanizar o barrio de Monteporreiro, presupostado con 6 millóns de euros.

Posteriormente coa chegada á Xunta de Galicia do PP, o goberno de Feijóo apartou este proxecto, manifestando D. Agustín Hernández, que naquel tempo era conselleiro de Vivenda, que tiñan un proxecto máis ambicioso para o barrio, unha actuación para mellorar o espazo público, cun investimento de 10 millóns de euros, cuxa execución tería un carácter prioritario.

Este proxecto contaría con varias fases:

1ª Fase actuacións na rúa Alemaña, cun orzamento de 1.574.600 €.

2ª Fase actuacións na zona entre vivendas sociais e rúa Alemaña presupostado con 424.722 €.

3ª Fase actuación na zona libre entre os bloques de vivendas sociais cun orzamento de 5.055.00 €.

4ª Fase actuación na praza central e espazos libres entre a rúa Bélxica, Reino Unido, Luxemburgo e Alemaña cun orzamento de 2.022.048 €.

A pesar de tódalas presentacións, promesas e anuncios, a realidade é que unicamente executouse a primeira fase do proxecto, que rematou no ano 2013, e dende aquela, xa hai 8 anos, non volveu a levarse a cabo ningún investimento neste barrio.

Os socialistas entendemos que debe rematarse esta actuación, co fin de mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas deste barrio, que foi fortemente



castigado pola crise e que ten unha renda per cápita por habitante das máis baixas da cidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retomar o proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro en Pontevedra, iniciando neste ano 2021 a 2ª fase.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/01/2021 17:01:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2021 17:01:29

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2021 17:01:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/01/2021 17:01:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade son problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde e que se agravan se cabe en Galicia dada a nosa dispersión poboacional e as dificultades infraestruturais e de comunicación no rural. O fortalecemento da atención primaria é, xa que logo, unha necesidade imperativa para poder chegar os servizos sanitarios á poboación.

O Plan de mellora da atención primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para fortalecer a atención primaria. Un fortalecemento que debe darse na contratación estable de persoal facultativo e na construción de novos centros de saúde e reforma dalgúns xa existentes, outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega.

Este escenario xeneralizado de abandono da atención primaria por parte do Sergas víveo tamén a comarca do Barbanza. Existen numerosas demandas reivindicadas por usuarios, profesionais, representantes cidadáns e numerosos colectivos afectados que están sendo sistematicamente ignoradas polo goberno da Xunta de Galicia.

É o caso do centro de saúde de Ribeira, que precisa dunha reforma das súas instalacións por canto é un centro moi avellentado e que dende a súa construción non sufriu ningunha mellora. Esa reforma suporía unha rehabilitación e renovación dos espazos, que mesmo redundaría nun mellor aproveitamento destes.

Por outra banda, o cadro médico do centro de saúde de Ribeira atópase dende hai un tempo nunha situación de mínimos que levou a que na actualidade falten tres médicos de familia en horario de mañá, dous no da tarde e dous pediatras. Ademais, neste último caso, dada a escaseza de persoal o servizo de pediatría ten que deixar dúas tardes sen cubrir.

Parece evidente que este Centro de Saúde vén soportando nos últimos tempos unha carga asistencial inasumible, que por se fose pouco o Sergas pretende incrementar coa asunción a partir deste mes de xaneiro de 2021 do servizo de pediatría para a poboación da Pobra do Caramiñal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer neste exercicio 2021 a necesaria obra de reforma do centro de saúde de Ribeira e garantir a cobertura do total do seu cadro de persoal sanitario.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2021 10:21:45

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2021 10:21:59

Marina Ortega Otero na data 19/01/2021 10:22:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 10:22:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A promoción do galego en todos os ámbitos e espazos é unha obriga estatutaria do Goberno galego, que debe velar por conseguir novos espazos para a nosa lingua coa intención de darlle máis presenza e garantir así a súa supervivencia nun mundo cada vez máis globalizado.

Esta conquista de novos espazos chega na actualidade ás novas contornas virtuais, nomeadamente as redes sociais, que son hoxe novos lugares de interacción e comunicación e nos que as linguas xogan un papel esencial.

Neste contexto, a plataforma de microblogueo *Twitter* é unha das máis empregadas no mundo -con 300 millóns de usuarios e unha interacción diaria de 65 millóns de chíos- e na que o galego ten unha posición relevante xa que é unha das 25 linguas máis empregadas. De feito, dende o ano 2013 o noso idioma forma parte xa desa rede social na versión *web* da aplicación.

A plataforma *Twitter* incorporou recentemente na súa función de tradución automática o idioma galego, mais a nosa lingua segue sen ser unha opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido desta rede social. Entre elas figuran as demais linguas oficiais do Estado -español, catalán e éuscaro-, pero inexplicamente o galego non, o que supón que as persoas usuarias desa rede social perden a posibilidade de que a plataforma lle recomende chíos, persoas e tendencias no noso idioma.

Dada a relevancia desta rede social e a súa idoneidade para promocionar a nosa lingua, o Grupo Parlamentario Socialista entende que a Xunta de Galicia debería liderar a xestión para que a rede social inclúa o galego en todas as súas consideracións tal e como xa fixera en 2012 a Secretaría Xeral de Política Lingüística, animada pola iniciativa 'Twitter en galego Xa!'.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a facer as xestións oportunas para que *Twitter* inclúa o idioma galego como opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido, tal e como xa existe co resto dos idiomas oficiais do Estado.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2021 10:25:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2021 10:25:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 10:25:50



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A evolución da emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19 nas últimas semanas, cunha segunda onda que está a levar consigo á adopción de diferentes restricións ao amparo dun novo estado de alarma declarado polo Goberno de España, afecta de maneira directa e significativa a moitos traballadores autónomos e empresas que ven diminuír a súa actividade económica e, como consecuencia, as súas necesidades de consumo eléctrico.

Cómpre, polo tanto, retomar medidas como as establecidas no artigo 42 do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, en relación coa flexibilidade dos contratos de subministración de electricidade para autónomos e empresas co obxecto de adaptar os contratos ás novas pautas de consumo sen cargos en concepto de penalización.

A aplicación desta medida contribuirá a paliar situacións gravosas para os autónomos e as empresas que nestes momentos seguen con dificultades á hora de desenvolver a súa actividade produtiva e comercial con normalidade, evitando así poñer en risco a súa continuidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a prórroga das medidas establecidas no artigo 42 da Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á covid-19, en relación coa flexibilidade dos contratos de



subministración de electricidade para autónomos e empresas ata tres meses da terminación do novo estado de alarma, posibilitando tantos cambios como sexan necesario para adaptar a potencia contratada para adaptala ás necesidades de autónomos e empresas”.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/01/2021 09:59:44

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/01/2021 10:00:06

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/01/2021 10:00:23

Borja Vereza Fraiz na data 19/01/2021 10:00:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 19/01/2021 10:00:54

Ovidio Rodeiro Tato na data 19/01/2021 10:01:11

Cristina Sanz Arias na data 19/01/2021 10:01:26

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/01/2021 10:01:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A conselleira de Política Social compareceu, o pasado 1 de decembro, na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, para presentar os presupostos do seu departamento para o ano 2021, que ascenderán a 894,4 millóns de euros, o que supón un 15,3% máis que este ano.

As novas contas están pensados para dar resposta ás necesidades urxentes que están brotando durante esta pandemia e reforzar os servizos sociais de cara ao futuro.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica terá en 2021 un orzamento 182,7 millóns de euros, un 14% máis que no exercicio actual. Entre as principais medidas, a conselleira puxo o acento na Lei de Impulso Demográfico, que nestes momentos se está debatendo na Parlamento de Galicia. Nela, se recollen medidas para que cada galega e cada galego poidan facer libremente o seu proxecto de vida.

As partidas destinadas ás escolas infantís municipais, privadas e de iniciativa social, ademais das públicas da Xunta, para que poidan ofrecer a gratuidade para segundos fillos e sucesivos, contará con 13,7 millóns de euros de inversión. Neste senso, é

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



necesario o compromiso do Goberno central para que este primeiro paso cara á universalización da educación infantil continúe e se poidan ofrecer os mesmos beneficios para os primeiros fillos.

Na mesma liña, seguirase aumentando a aposta polas casas niño, que en 2021 chegarán ás 100 cun investimento de 300.000 euros. Ademais, tamén se porá en marcha un proxecto piloto para a apertura de centros de atención á infancia nos lugares de traballo, unha iniciativa que contará tamén con 300.000 euros de investimento. Asemade, continuarase coa aposta polas Tarxetas Benvida, axudas directas ás familias con nenos pequenos, para as que no vindeiro ano destinaranse 33,5 millóns de euros, un 5% máis que este ano 2020.

A conselleira sinalou que se reforzarán os programas para atender á infancia e a adolescencia en situación de desprotección. En concreto, incrementarán nun 6% a partida destinada ao acollemento familiar e se incluírán os fondos necesarios para a ampliación dos horarios dos Puntos de Encontro Familiar e para a apertura dos novos centros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España o compromiso necesario para que este primeiro paso, dado pola Xunta de Galicia, cara á universalización da educación infantil continúe e se poidan ofrecer os mesmos beneficios para os primeiros fillos”.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 19/01/2021 10:14:56

José Alberto Pazos Couñago na data 19/01/2021 10:15:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/01/2021 10:15:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/01/2021 10:15:40

Noelia Pérez López na data 19/01/2021 10:15:49

María Corina Porro Martínez na data 19/01/2021 10:16:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/01/2021 10:16:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/01/2021 10:16:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 26 de xullo de 2019 o Consello de Contas presentou no Parlamento de Galicia unha serie de informes de fiscalización, entre os que se encontraba o Informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016, correspondente ao Plan de Traballo anual do Consello de Contas para 2018.

Nas conclusións contidas no dito informe de fiscalización o Consello de Contas informa de que é responsabilidade do Consello da Xunta autorizar a disolución das sociedades mercantís autonómicas e determinar o destino do haber social a proposta da consellería de facenda e previa iniciativa da consellería e entidade interesada, correspondéndolle tamén autorizar a extinción das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma, así como que é a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Avaliación, a quen lle corresponde elaborar os plans de racionalización e reestruturación co obxectivo de racionalizar o gasto e mellorar a xestión.

Sendo a responsabilidade do Consello de Contas expresar conclusións sobre a adecuación á normativa aplicable e a efectiva consecución dos obxectivos do proceso de extinción destes entes como consecuencia da reestruturación do sector público; así como expresar as recomendacións que se deriven das ditas conclusións.

O informe contén 12 conclusións sobre a xestión dos procesos de extinción, nas que pon de manifesto, entre outras, que a Xunta de Galicia aprobou tres plans de racionalización ou avaliación de entidades dependentes dende abril de 2010 tomando como base o traballo de avaliación das entidades públicas realizado pola Dirección xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e que conduciu á proposta de medidas de extinción, reformulación ou mellora dos organismos analizados, sendo as extincións de entidades só unha parte dos plans, pasando no período referido o sector público autonómico de Galicia de 157 entidades a 112, porén a importancia económica dun gran número das extinguidas é menor polo que en termos económicos o aforro derivado das extincións é limitado e que a



baixa dun gran número de entidades veu acompañada da creación doutras novas, principalmente coa forma xurídica de Axencia, resultando que o volume de recursos públicos xestionados de maneira descentralizada, en termos relativos, estea a aumentar e que os procesos de extinción non deron lugar a despedimentos de persoal, provocando diferencias importantes, principalmente retributivas, entre o persoal asumido provinte das entidades extinguidas e os traballadores do ente absorbente.

Conforme a estas conclusións, o Consello de Contas establece varias recomendacións, entre outras, que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade así como realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que asuma as recomendacións feitas polo Consello de Contas no informe de fiscalización correspondente aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 12:11:25

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 12:11:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 12:11:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a conservación da base aérea de helicópteros no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No suroeste da provincia de Ourense, na fronteira con Portugal, se localiza o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, un dos 6 Parques Naturais existentes na Galiza. Cunha extensión de aproximadamente 30.000 ha. que se estende principalmente polos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños.

Nas últimas décadas o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, o de maior superficie de todos os Parques Naturais de Galiza, esta a sufrir un número considerable de lumes que están a comprometer gravemente a pervivencia da flora e fauna do espazo natural. O pasado mes de setembro de 2020 o Parque Natural sufriu un novo lume que arrasou máis de 2.000 ha. de alto valor medioambiental.

Malia os frecuentes e devastadores lumes que padece o Espazo Natural o certo é que os medios de prevención e extinción cos que conta son cada vez menores e menos eficaces. Así, dende 1998 o Parque contaba cunha base de helicópteros, con sede na localidade de Porqueirós no Concello de Muíños, que garantía que nun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo inferior a 5 minutos se puidera dar resposta e intervención nos lumes que se produciran dentro do espazo protexido. Asemade a existencia da referida base servía como punto de recarga e abastecemento de combustíbel para outras unidades aéreas que participasen en labores de extinción de incendios no suroeste da provincia de Ourense.

Malia a importancia da referida base e que a mesma constituía un dos recursos fundamentais na loita contra os incendios do Distrito XV, dende o mes de xullo de 2020 e tras varios anos de disposición en precario, a base atopase pechada, polo que os lumes que se podan producir na Baixa Limia en xeral, en no Parque Natura do Xurés en particular deben ser atendidos dende a base aérea de Queimadelos en Pontevedra á que se derivou o helicóptero co que contaba o indicado Distrito XV, multiplicándose por catro o tempo de resposta aérea aos lumes que se podan producir na zona, que, como é ben sabido, non son infrecuentes.

A razón da clausura da base, cuxa importancia está fora de toda dúbida, é debido a incapacidade da Xunta de Galiza e da empresa a quen concedeu o servizo de extinción para acadar un acordo coa Comunidade de Montes propietaria dos terreos no que se situaba a base, para poder seguir utilizando a mesma.

Considerando a necesidade de contar no suroeste da provincia de Ourense cunha base area que permita o aloxamento dun helicóptero e a repostaxe doutra aeronaves, a fin de dar unha áxil resposta aos lumes que se produzan no interior do Parque Natural, cumpre retomar e intensificar sen máis demoras as negociacións a tal fin.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as xestións necesarias para reapertura e funcionamento da base de helicópteros contra incendios do Distrito XV na localidade de Porqueirós, no Concello de Muíños, a fin de que no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés exista un lugar para o aloxamento efectivo e para a repostaxe de aeronaves destinadas á prevención e extinción de incendios.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do GP do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2021 12:17:59

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2021 12:18:03

María González Albert na data 19/01/2021 12:18:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/01/2021 12:18:24

María del Carmen Aira Díaz na data 19/01/2021 12:18:37

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2021 12:18:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, establece no seu artigo 5º as funcións do dito consello:

De acordo coa súa finalidade e natureza, correspóndelle ó consello as seguintes funcións, entre outras:

” 1. *Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.*

1.1 Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.

Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten a organización, as competencias ou o funcionamento do consello.

c) Calquera outro relativo a materias que teñan que consultárselle ó consello por precepto expreso dunha lei.

O Consello da Xunta, ó comunicarlle ó Parlamento a aprobación dos proxectos de lei e de decretos legislativos, incluírá o ditame elaborado, se é o caso, polo consello”

Na pasada lexislatura, na tramitación da maioría das leis debatidas no Parlamento galego omitiuse o informe do Consello Económico e Social de Galicia aínda que regulasen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, Lei de benestar animal, Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas ou as leis de medidas fiscais e administrativas da dita lexislatura son algúns claros exemplos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que inclúa o preceptivo informe do Consello Económico e Social nos anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia; así como nos anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou ao funcionamento do Consello, tal e como establece o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 12:49:21

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 12:49:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 12:49:53



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

O Executivo autonómico ten que poñer en marcha medidas máis efectivas que as axudas que sacou para a hostalería. Estas axudas non están salvando a este sector da crise económica tan profunda pola que están pasando.

Segundo os datos publicados o 21 de decembro polo Instituto Galego de Estatística (IGE). A peor rama polos efectos da pandemia é a hostalería. Coincidindo cos primeiros brotes graves de covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu un 42 %. O recorte entre xaneiro e outubro supera o 45 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos. En Galicia no último ano a caída de traballadores en alta foi do 1,7 %, con 16.855 ocupados menos. Deles 12.091 correspondían á hostalería, segundo os datos que acaba de publicar o IGE. O sector destruíu en decembro outros 1.325 postos de traballo e acumula no ano unha redución do emprego do 16 %.

Estes datos confirman que a pandemia está destruindo a maioría dos empregos no sector da hostalería. Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite, por iso desde o grupo parlamentario socialista demandamos á Xunta de Galicia a elaborar un plan de rescate o antes posible para este sector. Así o está reclamando desde fai varias semanas á hostalaría de toda Galicia.



O sector rexistrou unha caída da facturación do 70 % con respecto á campaña de Nadal do 2019-2020. As perdas no mes de decembro para a hostalería oscilaron entre os 15 e os 18 millóns.

O Goberno autonómico ten que elaborar un plan de rescate serio para salvar á hostalería galega, non pode seguir demorando este rescate e debe facelo con axudas potentes e con recursos suficientes, xa que ten capacidade orzamentaria e non pode seguir obviando os grandes problemas económicos polos que está a pasar este sector. A Xunta de Galicia ten que aumentar o orzamento para este ano, e así este sector poda salvar a súa liquidez.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de rescate para o sector da hostalería para garantir a súa supervivencia na nosa Comunidade Autónoma.
2. Axilizar a tramitación das axudas para o sector da hostalería

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2021 13:07:21

Martín Seco García na data 19/01/2021 13:07:28

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 13:07:39

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2021 13:14:35
Nº Rexistro: 8443
Data envío: 19/01/2021 13:14:35.610

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 13:07:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 13:07:58

CSV: BOPGDSPGmsJjkVFH7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local.

Esta crise ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez.

A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia.

Anterior a esta crise o futuro do comercio xa era cada vez máis incerto. Sen lugar a dúbidas, este sector é uns dos grandes damnificados da pandemia provocada pola covid-19. A súa delicada situación no é nova. Antes da chegada do virus o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios, por falta de relevo xeracional, o exceso de oferta, a atomización das grandes cadeas e o auxe do comercio electrónico.

No comercio desapareceron 1073 empresas en Galicia no ano 2019, case tantas como as perdas entre 2009 e 2011, no arranque da recesión financeira.

A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ó longo deste 2021, especialmente cando teñan que devolver as axudas concedidas.

Estes datos amosan polo que esta a pasar o comercio na nosa Comunidade Autónoma. A realidade que está xurdindo nestes meses semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio de Galicia. A metade das baixas dos autónomos é do sector do comercio. Por iso, este sector ven reclamando un plan de rescate do Executivo autonómico.

O Goberno galego ten que acompañar as restricións anunciadas, debidas á



pandemia da covid-19, de apoio económico a todos os sectores afectados, especialmente ó comercio.

O sector do comercio non foi un sector prioritario para a Xunta de Galicia, nin antes, nin despois, da crise causada pola covid-19, as axudas para reducir ao máximo o impacto da covid-19 foron moi escasas e chegaron moi tarde.

O Goberno autonómico dedica escasos recursos ao pequeno e mediano comercio tendo en conta as urxentes necesidades existentes deste sector. Isto o podemos comprobar nos orzamentos deste ano onde só aumentaron en 7 millóns a partida orzamentaria.

O Goberno autonómico amosa unha despreocupación total polo Comercio nesta etapa que estamos a vivir, polo que compre apremar á Xunta de Galicia a que leve un maior orzamento para o ano 2021, e así este sector poda salvar a súa liquidez.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar as modificacións orzamentarias precisas para aumentar a partida orzamentaria de comercio para o ano 2021 para salvar a liquidez deste sector de forte implantación en Galicia.
2. Elaborar un plan de rescate no primeiro trimestre do ano para o sector do pequeno e mediano comercio e deste xeito garantir a supervivencia na nosa Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2021 13:13:03

Martín Seco García na data 19/01/2021 13:13:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 13:13:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para facilitar o acceso da mocidade ao transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega. Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo as actividades cotiás, unha grande parte dos galegos e galegas recorren ao transporte público en formas diversas, como son o tren ou o autobús.

En concreto, o transporte colectivo é un servizo utilizado pola grande maioría da mocidade, xa sexa por non dispoñer dun vehículo particular ou ben pola comodidade no seu uso nos desprazamentos por estudos, traballo ou lecer.

A mocidade galega caracterízase por ser un sector da poboación onde a precariedade é maior, debido á falta de ingresos en períodos formativos ou mesmo polas extremadamente malas condicións laborais de precariedade e temporalidade na que viven as mozas deste país.

Comezamos este ano 2021 cun incremento moi importante no prezo dos billetes de autobús, sendo isto un impedimento para moita xente á hora de acceder ao uso deste servizo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nun sector da poboación tan castigado como é a mocidade, é necesario que o goberno galego aplique medidas que faciliten o acceso a este servizo. No pasado, a tarxeta xuvenil “Carné Xove” da Xunta de Galiza facilitaba que a mocidade utilizase o transporte público ao aplicar un desconto do 20% no prezo das viaxes.

Actualmente, esta bonificación ou desconto foi eliminada por parte da maior concesionaria do país en termos de transporte, sen ningún tipo de acción ou inxerencia por parte da Xunta de Galiza.

Alén desta cuestión, entendemos insuficiente o rango de idade marcado pola Xunta de Galiza en termos de descontos ou bonificacións no transporte público, sendo este até os 21 anos coa tarxeta “Xente Nova”, que introduce a gratuidade do transporte metropolitano para menores de 21 anos, ou o límite dos 25 anos nos descontos que se obteñen polo uso do “Carné Xove” no uso tren.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para descontos e bonificacións para a mocidade galega no transporte público na totalidade da franxa de idade das perceptoras do “Carné Xove” .”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2021 16:29:01

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2021 16:29:04

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2021 16:29:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a convocatoria de axudas ao aluguer.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, establece un programa de axudas ao aluguer de vivenda, así como un programa coa mesma finalidade dirixido de forma específica á mocidade.

As bases reguladoras de ambos programas foron establecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante a orde de 2 de agosto de 2019, coa que se procedía ao mesmo tempo á convocatoria destas axudas para o ano 2019. Como consecuencia desta orde entre setembro e outubro de 2019 permaneceu aberto o prazo da convocatoria para solicitar unhas axudas que se viñan convocando anualmente.

Dende entón, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non procedeu a unha nova convocatoria para o ano 2020. A única forma de acceder a estas axudas na actualidade é ter sido beneficiario en convocatorias anteriores e non ter perdido o dereito en ningún momento, podendo renovar a axuda por un período máximo de tres anos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2019 o prazo de convocatoria destas axudas xa resultaba de por si moi restrinxido e inflexible, xa que obrigaba aos solicitantes a agardar meses para poder facer a solicitude nesa fiestra temporal dun mes. No ano 2020 o impacto da pandemia e das medidas adoptadas para frear os contaxios supuxeron a destrución de máis de milleiros de postos de traballo e un aumento brutal da inestabilidade laboral e a precariedade en moitos sectores. Esta situación esixía dunha reformulación urxente das bases reguladoras desta axuda, facilitando o acceso a estas axudas con convocatorias permanentes de forma que a Administración Pública dese soporte e garantías de acceso á vivenda á poboación nunha situación tan difícil e inestable como a que estamos a vivir.

Pola contra, a Xunta de Galiza non só non flexibilizou o acceso a estas axudas, senón que non procedeu á convocatoria destas axudas durante todo o ano 2020. De forma que neste momento a última convocatoria para solicitar as axudas ao alugueiro tanto as de carácter xeral como as dirixidas a xente moza, convocáronse hai 15 meses.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Convocar de forma urxente as axudas ao aluguer de vivendas do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tanto as xerais como as dirixidas á mocidade para o ano 2021, flexibilizando ao máximo os prazos de solicitude.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Convocar unha liña complementaria de axudas ao aluguer compensatorias pola non convocatoria no ano 2020 para aquelas persoas que cumprindo os requisitos nese período de tempo non puideron solicitala e que agora se atopen nunha situación de vulnerabilidade social ou precariedade económica.

3. Poñer en marcha, de forma inmediata, un Programa de axudas ao aluguer de vivenda libre específico que dea resposta ao contexto de crise derivada da COVID-19.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2021 16:51:46

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2021 16:51:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2021 16:51:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Decreto 166/2018, de 27 de decembro, declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, paso previo para presentar a súa candidatura á Lista do Patrimonio Cultural da Unesco. En marzo de 2020 coñecíase que finalmente a candidatura da Ribeira Sacra será unha das 24 propostas mundiais elixidas pola Unesco para ser sometida a estudo e avaliación.

Entrementres, en maio de 2019 o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, anunciaba en sede parlamentaria a licitación dun plan de xestión da Ribeira Sacra como “instrumento necesario” na estratexia de conseguir o recoñecemento pola Unesco; e sen que nada máis se soubese dese plan, en outubro dese ano anunciábase unha reunión na Cidade da Cultura para avanzar no proxecto que estaría rematado a finais do ano.

Efectivamente, en decembro de 2019, nunha reunión nos Peares, a Xunta de Galicia presentaba a estratexia para coordinar todos os investimentos na zona, que daba en chamar ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da paisaxe cultural’ e que leva consigo un investimento -en 12 concellos ourensáns e 13 lugueses- de máis de 34 millóns de euros a repartir entre os anos 2020 e 2023 nun total de 35 accións distribuídas en sete eixos programáticos nas que participan cinco consellarías.

O Goberno galego asegura que o devandito plan contempla melloras nos ámbitos do patrimonio e a paisaxe cultural, a ordenación do territorio, a conservación dos valores naturais e medio ambiente, o desenvolvemento económico sustentable, a xestión do turismo, a educación, formación, investigación, comunicación e participación.

Nesa xuntanza anúnciase ademais que o plan será posto en coñecemento das persoas avaliadoras da Unesco para que o consideren de cara á decisión final que deberá ser tomada en 2021.



Dada a relevancia dese plan, que debería ser dialogado e consensado cos concellos e deputacións afectadas, consideramos que o documento debería ser público, ou cando menos coñecido por todos eses entes locais e provinciais, mais a realidade é que, un ano máis tarde da súa presentación, non dispoñen del.

Suponse que ese documento, que debería conter liñas de acción estratéxicas e orzamentadas de maneira detallada, afecta a moito do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra, e por iso resulta sorprendente que tampouco se coñeza o destino das partidas específicas, canto lle vai corresponder en cada exercicio e a que consellaría pertence cada orzamento.

Tal é a súa concreción que o proxecto de orzamentos para 2021 só contempla especificamente para a Ribeira Sacra unha partida -compartida co Xacobeo- da Axencia Galega de Turismo no programa 433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural de 1.850.000 euros de apoio aos plans de sustentabilidade turística. Un orzamento moi afastado dos 34 millóns de euros anunciados.

Ante esta falla de transparencia inexplicable por canto as deputacións provinciais e os concellos deberían coñecer con tempo as accións a acometer pola Xunta de Galicia no seu patrimonio, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer público o ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’ e informar detalladamente aos concellos e deputacións afectadas das accións e investimentos a desenvolver ata 2023 coa concreción da orixe e destino orzamentario para cada exercicio.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2021 16:48:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2021 16:48:31

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2021 16:48:44

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 16:48:59





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2021 17:22:29
Nº Rexistro: 8487
Data envío: 19/01/2021 17:22:29.077

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 16:49:13

CSV: BOPGDSPGmsJjkVFH7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia constituía a mediados de novembro de 2020 a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada segundo Decreto 105/2020, do 9 de xullo, como órgano colexiado de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma no territorio da Ribeira Sacra.

A nova comisión é un órgano de xestión transversal que reflicte o compromiso da Administración autonómica cos concellos das provincias de Lugo e Ourense que forman a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Concretamente, segundo anunciou a Xunta de Galicia, están implicadas nesta comisión sete consellarías que, no seu conxunto, están investindo 34 millóns de euros neste territorio a través dun plan específico.

Compoñen este órgano a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; así como as consellarías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Educación e Universidade e Medio Rural. Así mesmo, tamén están convidados a participar nesta ferramenta de xestión outros organismos e entidades locais presentes no territorio como concellos, consorcios, deputacións, asociacións e bispados, entre outros.

A xornada en que se anunciaba a constitución da comisión, o Goberno galego presentábaa como ferramenta clave na coordinación de actuacións e investimentos que permite ao Goberno galego continuar avanzando coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, co obxectivo de que o territorio obteña este recoñecemento na 45ª sesión do Comité da Unesco o próximo ano.

Entre outras competencias, a comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as



estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; apoiará e impulsará as liñas de acción para a protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira Sacra; elaborará propostas vinculadas coa súa situación e potencialidades como paisaxe cultural e realizará unha avaliación periódica da situación.

A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra funcionará en Pleno, que se reunirá con carácter ordinario unha vez ao ano, e na Comisión Permanente, cuxa reunión ordinaria será, polo menos, unha vez ao semestre. No artigo 1.3 do decreto de creación da comisión aseguran que un dos seus obxectivos é ser a canle para a participación activa das comunidades locais do territorio da Ribeira Sacra. Sorprende que esta sexa a vontade real toda vez que a participación desas comunidades locais só poderá darse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, que é cando se reúne o Pleno.

O que o Grupo Socialista de Galicia descoñece é se esa comisión será a encargada de elaborar o 'Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural' ou, de estar xa elaborado, será quen planifique e concrete os investimentos previstos nese plan sobre o patrimonio cultural da Ribeira Sacra.

Por outra banda, descoñecemos a motivación principal de creación desta comisión toda vez que a Xunta a basea como ferramenta clave para conseguir o recoñecemento da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, algo que se coñecerá nos vindeiros meses.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reunir con carácter urgente e extraordinario o pleno da Comisión Interdepartamental para expoñer con detalle o 'Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural' e sometelo a análise e debate.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2021 18:04:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2021 18:04:15

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2021 18:04:29

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 18:04:42

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 18:04:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López, e María do Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o contrato de mantemento en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ven de iniciarse o procedemento público para a contratación do servizo de mantemento no centro de Navantia Ría de Ferrol. Os pregos elaborados pola empresa pública para a contratación deste servizo conteñen unha división do mesmo en 8 lotes, e a limitación para os licitadores que concorran ao procedemento a seren adxudicatarios de máximo 2 lotes.

A combinación de estes dous condicionantes vai provocar a división do cadro de persoal que viña prestando este servizo desde o ano 2016.

A ninguén relacionado co sector na comarca de Ferrol se lle escapa que este é precisamente un dos obxectivos que a dirección de Navantia persegue con estas medidas, coa intención de debilitar a capacidade de resposta dun cadro de persoal que se ten significado na defensa dos seus dereitos colectivos.

De feito é xusto ao remate da folga que este persoal mantivo durante o mes de outubro do 2019 que comezan a coñecerse diferentes alternativas para a realización do mantemento nas instalacións de Navantia Ría de Ferrol, entre as que se fai evidente o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

común denominador de poñer en risco a permanencia de este persoal na prestación de servizo.

Por exemplo a recuperación do servizo para o persoal propio de Navantia, mais dadas as dificultades que esta alternativa implicaba nunha empresa que practicamente prescinde da realización directa de traballos de obra, finalmente decantouse por limitar o número de lotes dos que un licitador pode resultar adxudicatario, para facendo bon o divide e vencerás, impoñer de facto a división do persoal e así reducir a súa capacidade de resposta sindical.

Entre as consideracións e antecedentes que conducen a esta convicción podemos mencionar os seguintes:

En primeiro lugar esta división responde a un interpretación perversa do espírito e a letra da Lei de contratos do sector público, que no seu artigo 99 prevé (apartado 3.b)) a non división en lotes cando a realización independente das prestacións dificulte a correcta execución do contrato do punto de vista técnico, ou que o risco para esa correcta execución proveña da necesidade de coordinar as diferentes prestacións realizadas por unha pluralidade de contratistas diferentes. Un reparo que recomenda sen dúbida ningunha afastar as inevitables descoordinacións e/ou discrepancias entre contratistas, e os retrasos que estas poden provocar, da prestación dun servizo esencial para o proceso produtivo.

En segundo lugar e fundamentalmente, son os criterios sociais que deben estar presentes dun xeito transversal na contratación pública (art. 1.3), e concretamente na avaliación da relación calidade-prezo para a adxudicación do contrato (art. 145), os que recomentan manter a unidade do obxecto da contratación, e a súa realización por unha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

única empresa que subroga á totalidade do actual cadro de persoal sen necesidade de dividilo ou repartilo entre diferentes contratistas.

Por outra banda a prestación do servizo a través de un único adxudicatario favorece a polivalencia funcional do persoal, o que ademais evita a subactividade, e ao mesmo tempo reduce os custos indirectos de estrutura. O que, en conxunto, implica unha maior estabilidade no emprego para os traballadores e traballadoras, e unha garantía de calidade na prestación do servizo.

De feito, e isto é de resaltar, o centro de Navantia Ría de Ferrol é o único de todos os de Navantia que persegue esta división do servizo de mantemento.

Unha singularidade que non ten máis explicación que a mencionada vontade de prexudicar os lexítimos intereses de este persoal.

A este respecto resulta esixible dos responsables políticos de Navantia e da súa dirección corporativa un comportamento exquisito, lonxe de calquera indicio ou sospeita de constituír unha represalia contra un colectivo que tivo que recorrer a unha folga para defender os seus dereitos, do mesmo xeito que a Lei de procedemento laboral obriga aos maxistrados a aplicar unha presunción a favor dos demandantes que impugnan un acto empresarial que poda constituír unha represalia.

A falta dunha xustificación legal, técnica, organizativa ou económica, para esta división, alén de manifestacións sen contrate real, obriga aos responsables políticos a tomar cartas no asunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno central a paralización do procedemento de contratación do servizo de mantemento no centro de Navantia Ría de Ferrol, e a elaboración duns novos pregos que promovan a prestación do servizo por un único adxudicatario.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 19/01/2021 18:12:37

Daniel Pérez López na data 19/01/2021 18:12:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2021 18:12:55

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2021 18:13:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos. Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, por ser o sector que se mantivo totalmente pechado por máis tempo, e, máis recentemente, un Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros pechados por mor da pandemia. Este último plan está dotado de 86,2 millóns de euros e contén tres liñas de axuda ás que pode acceder á hostalería, ademais unha liña exclusiva para este sector dotada con 17 millóns de euros de crédito.

Por outra banda, o Goberno galego habilitou tamén nos últimos meses liñas de préstamos directos para autónomos e pequenas empresas con máis problemas de liquidez por importe de 10 millóns de euros ou axudas para a adaptación das terrazas da hostalería e a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local (3 millóns de euros). Ademais, avanza que as axudas continuarán mentres se prorrogue a situación.

En paralelo, algúns concellos e deputacións habilitaron medidas de apoio, normalmente non específicas para este sector, e o Goberno central un plan de axudas ao sector Horeca que non incluíu axudas directas.

Considerando que as achegas nos vindeiros meses deberán continuarse dada a evolución da situación sanitaria, na súa xuntanza do pasado 13 de xaneiro, tanto o



Goberno galego como os representantes da hostalaría propuxeron abrir unha tripla fronte mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conte coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma de Valencia, onde a Generalitat aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**:

1.- O Parlamento de Galicia, en coñecemento da situación que atravesamos o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral á mesma.

2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a propoñer ao resto de administracións públicas de Galicia, á maior brevidade e segundo o tratado co sector, a creación do Fondo de Cooperación galego COVID-19, ao igual que o que se aprobou na Comunidade Valenciana, co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

3.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a trasladar á Fegamp, como entidade representativa das deputacións e concellos, unha vez máis, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e que algunhas teñen desbotado publicamente implementar:

3.1. A redución ou exención das taxas municipais á instalación de terrazas, á recollida de lixo e á auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro durante as restricións máis elevadas.

3.2. A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI); bonificacións do imposto sobre construcións instalacións e obras (ICIO) en relación as licencias de obra que se soliciten co fin de adaptar os locais as medidas de seguridade impostas pola situación sanitaria e bonificación do imposto sobre vehículos necesarios para a actividade (IVTM) no caso do comercio e a hostalería.

4.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4%, que prolongue os ERTES de xeito consensuado



cos axentes sociais e que inclúa axudas directas ao sector da hostalería no Plan de Rescate aprobado polo Consello de Ministros.

Santiago de Compostela, 19 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/01/2021 18:01:46

Paula Prado del Río na data 19/01/2021 18:02:08

José Manuel Rey Varela na data 19/01/2021 18:02:22

María Sol Díaz Mouteira na data 19/01/2021 18:02:37

José Alberto Pazos Couñago na data 19/01/2021 18:02:52

José Antonio Armada Pérez na data 19/01/2021 18:03:01

Noelia Pérez López na data 19/01/2021 18:03:13

Ana Belén García Vidal na data 19/01/2021 18:03:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/01/2021 18:04:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galiza para garantir a conciliación e atención de persoas dependentes e con discapacidade en casos positivos de COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da COVID-19 non afecta a todas as persoas e fogares por igual. Alén da afectación á saúde, a obriga de corentenarse e illarse dos casos positivos provoca multiplicidade de casuísticas en función das características familiares.

Como xa temos sinalado desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para as familias traballadoras que non poden acollerse a unha baixa, supón unha enorme dificultade para conciliar a vida laboral e persoal. Porén, esta situación agrávase cando falamos de familias monoparentais.

Nos últimos días tivemos coñecemento de diversos casos que afectan, ademais de a familias monoparentais, a persoas dependentes e con discapacidade que precisan de asistencia persoal.

É o caso de Montse Fraga, veciña de Narón, que denunciou publicamente nos medios de comunicación a situación na que se atopou despois de dar positivo por coronavirus. O seu fillo, Brais, dependente ficou sen asistencia persoal ao non substituír





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a empresa que presta este servizo a traballadora habitual. Sen alternativa, Fraga tivo que asumir o coidado e atención do seu fillo que rematou contaxiándose tamén.

O seu non é un caso illado e evidencia a falta de previsión á hora de artellar protocolos e medidas específicas desde a Xunta de Galiza para garantir que en casos coma este, os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade así como das súas familias non sexan vulnerados.

Non se trata só da posibilidade de conciliar ou de garantir o cumprimento da corentena, senón de evitar situacións de risco e blindar os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade que, en ningún caso, tampouco por mor da COVID, poden verse mermados.

Para iso, é indispensábel que se dote dos recursos necesarios ás familias, especialmente ás monoparentais, para que poidan cumprir coas pautas que fixan as autoridades sanitarias en casos de illamento así como a atención e apoio que persoas dependentes e con discapacidade precisan para desenvolver a súa vida diaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a arbitrar medidas específicas para familias monoparentais que en caso de positivo por COVID-19 ou corentena por contacto, non poidan coidar das persoas ao seu cargo prevendo recursos específicos naqueles casos en que se tratar de persoas dependentes e/ou con discapacidade.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.:Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2021 18:27:30

María del Carmen Aira Díaz na data 19/01/2021 18:27:33

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2021 18:27:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo vén sendo un problema non asumido de forma real pola Administración autonómica dende hai anos. No ano 2017, a institución do Defensor do Pobo detectou, a través do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura que visitou o centro e emitiu un informe sobre o atopado, que existían irregularidades nos ingresos, falta de seguimento e vixilancia, así como na calidade asistencial as persoas ingresadas.

As eivas detectadas e a súa descrición resultan moi duras, e alertaban de situacións graves con respecto á situación dos pacientes. Entre elas, en termo xeral atopábanse conclusións sobre a “insuficiencia xeral de recursos para a atención” e que “o perfil da maioría dos pacientes ingresados afástanse da concepción actual de unidades hospitalarias psiquiátricas”. De maneira máis específica, hai apuntes chamativos ao respecto de que “non existe un control oficial dos pacientes nos que se rexistren historiais legais e administrativos”, non existían as copias dos informes médicos que avalaran a continuidade do internamento e que son remitidos aos xulgados que, á súa vez, emitía autos de continuidade no internamento que “non contaban, en xeral, con motivación suficiente”. En numerosas das conclusións e recomendacións emitidas polo informe consta que a resposta da administración responsable do centro (Xunta de Galicia) nin sequera emitiu resposta ao respecto.

O informe apuntaba, tamén, a un trato de “respecto, cariño e proximidade” por parte dos profesionais que alí traballan.

Esta situación, alertada e denunciada por profesionais do sistema sanitario público e por especialistas de diversos ámbitos sanitarios, foi debatida en 2018 no Pleno do Parlamento de Galicia, ao fío dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, na que se instaba á Xunta de Galicia a asumir as propostas do informe do Defensor do Pobo. Esta proposición foi rexeitada cos votos en



contra do Partido Popular, que solicitaba algo de tempo para que a Consellería de Sanidade avaliase o informe recibido.

Despois de todo este tempo, é necesario afrontar unha solución urxente a problemas que seguen vixentes e que son de necesaria solución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias en termos de recursos materiais e humanos para resolver, na maior brevidade posible, as eivas e graves deficiencias detectadas polo Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura na súa visita ao centro hospitalario de Conxo, para resolver os problemas relacionados co seguimento, vixilancia, ingreso e calidade asistencial das persoas alí ingresadas.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2021 09:29:42

Noa Susana Díaz Varela na data 20/01/2021 09:29:48

Marina Ortega Otero na data 20/01/2021 09:29:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 09:30:07





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a continuidade dos postos de traballo na liña “Santiago-Aeroporto” antes incluída na liña “Lugo-Santiago con anexos”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da liña Santiago-Aeroporto foi solicitada polo Concello de Santiago en 2018 e, por tanto, non foi licitada nos contratos do Plan de Transporte Público de Galiza. Porén, o Concello de Santiago que tiña que se facer cargo deste servizo e incluílo no prego do concurso do transporte urbano, aínda non realizou a licitación pública deste procedemento polo que non foron subrogados os condutores desta liña cando asumiu este servizo.

Non foi este un procedemento de que o Concello tivese coñecemento repentinamente e xa o 19 de xuño de 2019 o propio alcalde recoñecía nun medio de comunicación que lle trasladaran a obriga de subrogar este persoal. Mais o tempo foi pasando e o Concello desentendeuse deste problema.

A Xunta de Goberno local adoptou o acordo con data 18/12/2020 de ordenarlle á actual concesionaria do transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (UTE Trapsa-Aulusa) que desde o 23 de decembro de 2020 e até a adxudicación do novo contrato do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo realice a prestación desta liña ao aeroporto de Santiago, integrando este percorrido na actual liña de transporte urbano (San Marcos-Os Tilos).

Deste xeito, desde o pasado 22 de decembro de 2020 os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago que antes formaba parte do lote "Lugo-Santiago, con anexos" a cargo da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade padecen un grave problema laboral. Así, as 9 persoas afectadas non dispoñen da carta de despedimento, ao teren dereito á subrogación, polo que non poden cobrar a prestación social a curto prazo.

A isto súmanse as queixas da veciñanza da Lavacolla, que viu deteriorada a calidade deste servizo público ao non contar con boas prestacións pola substitución da frecuencia dos autobuses, aumento esaxerado dos traxectos, ao ir cheos de equipaxe e mesmo ao non realizar as paradas oportunas cando vai cargado de persoas pasaxeiras do aeroporto en determinados horarios, posto que non se poñen reforzos para atender a veciñanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a mediar e notificar ao Consello Galego de Relacións Laborais para iniciar os trámites que posibiliten a recuperación dos postos de traballo das persoas afectadas.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2021 09:45:48

Daniel Pérez López na data 20/01/2021 09:47:58

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2021 09:48:07

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2021 09:48:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Con data de 31 de decembro o Consello de Administración de Manzaneda Estación de Esquí S.A. (Meisa) acordaba adxudicar a xestión da estación de montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo S.L., unha empresa creada fai 10 meses, inicialmente sen ningún tipo de experiencia algunha na xestión que motiva adxudicación.

Unha adxudicación, ademais, efectuada sen concurso público de ningún tipo, dun xeito total escuro e carente da máis mínima transparencia.

Segundo consta publicado nos medios de comunicación a Mesa de Contratación tivo en consideración para a súa adxudicación a ampla proposta de usos e actividades que se prevén desenvolver para impulsar e desestacionalizar o xeodestino Manzaneda – Trevinca.

A adxudicación a Artabria Turismo ten lugar despois de que se tivera declarado deserto o procedemento iniciado en xuño polo suposto incumprimento das bases por parte da firma francesa STEM Internacional.

Dende o ano 2012 ate finais do ano 2020 a xestora da estación foi a empresa Oca Hoteles, empresa que tiña accedido a xestión grazas a un acordo privado coa Xunta de Galicia, despois de que un dos antigos accionistas de MEISA, Novagalicia Banco S.A., que contaba cun 37 % dos títulos lle vendese as súas accións por un euro, ademais de concederlle a sociedade hoteleira un préstamo de 3 millóns de euros para investimentos na estación.

No ano 2014, o accionariado de Meisa, quedaba repartido do seguinte xeito: Xunta de Galicia (48 %) , Oca Hoteles (37,6 %) , Concello de Trives, 7,2 % e concello de Manzaneda, 7,2 %.



No ano 2015, a Deputación de Ourense entraba novamente no accionariado de Meisa, tras a adquisición das accións da maior parte das accións de Oca Hoteles (previamente adquiridas por un euro).

No ano 2016, tras unha ampliación de capital, a que non acude a empresa xestora nin os concellos de Trives e Manzaneda, Deputación de Ourense e Xunta de Galicia, inxectan na estación de montaña, máis de 3 millóns de euros para un novo sistema de innovación.

A partir desa data, a Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia faise con 60.240 accións de nova creación que subscritas mediante unha aportación monetaria de 1.506.000 euros, namentres que a Deputación fai o propio cos 59.760 títulos restantes, previo desembolso de 1.494.000 euros correspondentes.

A partir desa data os préstamos de capital tanto da Xunta de Galicia como da Deputación de Ourense veñen sendo recorrentes. Así por exemplo, en marzo de 2019, a Deputación de Ourense concede un préstamo a Meisa por valor de 450.602 euros para “salvar” o patrimonio da compañía.

En xaneiro do ano 2020 inxectaban outros 674.000 euros, mudando de novo o accionariado de Meisa. A Xunta de Galicia pasou a contar co 49.65 % das accións, fronte ao 49,45 % da Deputación de Ourense; o 0,62 % de Oca Hoteles; o 0,14 % do Concello de A Pobra de Trives e o 0,14 % do Concello de Manzaneda.

Desta xeito, vía ampliación de capital, os dous accionistas maioritarios expulsaron unilateralmente da toma de decisións aos municipios nos que se asenta a estación.

En paralelo, durante os últimos tamén se está a producir unha loita de poder entre a Xunta de Galicia e Deputación polo control da estación, con enfrontamentos públicos e decisións que acaban nos xulgados. Estas leas internas veñen motivando unha xestión en precario coa prórroga dun contrato que debía ter finalizado no ano 2017.

En agosto do ano 2019, un xulgado do contencioso-administrativo de Ourense anulou a prórroga concedida a Oca Hoteles, acordada polo consello de administración co voto a favor da Deputación, pero coa Xunta en contra. Foi a propia Xunta quen levou esa votación aos xulgados, posto que a empresa tíñase



que ter abstido ao ter intereses económicos e a adxudicación tiña que ser acordada mediante concurso público.

En maio de 2020, a Deputación anunciaba na súa páxina web que o Consello de Administración de Meisa acordara, na súa Xunta dese mesmo día a que concorreron soamente o presidente da Deputación e a xestora Oca Hoteles, a licitación dos pregos para a contratación da xestión cun importe de 580.800 euros.

Desde maio até o 31 de decembro o expediente de contratación permaneceu “conxelado”, alegándose dende a Deputación a situación provocada pola crise do coronavirus.

Inicialmente as dúas empresas que concorreron –Taller de Ingeniería Ursúa e Stem Internacional– foron apartadas. A primeira por non incluír proposta económica e a segunda porque fixaba o prezo máximo en 20.000 euros e non nos 8.000 que se establecían nas plicas.

A este carrusel de irregularidades e decisións errantes dos xestores, ao longo dos últimos anos súmanse un sin fin de queixas de usuarios e usuarias pola falta de mantemento das instalacións hoteleiras, a telesilla, o aluguer de esquís ou a xestión de forfaits.

Logo da dimisión do xerente da estación por Whatsapp, Xunta de Galicia e Deputación anunciaron unha reunión do Consello de Administración para establecer a nova “folla de ruta” da estación, onde existían dúas posibilidades: convocar un novo concurso aberto ou proceder á adxudicación negociada directa mediante un vericuetto permitido pola lexislación vixente en materia de contratación pública, onde STEM Internacional sería a única candidata.

Outra opción sería, novamente, a contratación a dedo dun xerente e outra prórroga irregular a Oca Hoteles.

O certo é que das dúas posibilidades posibles ningunha coincide co resultado final: adxudicación a Artabria Turismo SL.

O desleixo que Xunta de Galicia e Deputación amosan coa dinamización da estación e das comarcas afectadas é recorrente desde hai lustros. A xestión escurantista salpicada de problemas e irregularidades é cada vez máis evidente,



especialmente desde que acordaron deixar fóra da toma de decisións aos concellos de Trives e Manzaneda.

Tanto Meisa como os seus dous accionistas maioritarios, Xunta de Galicia e Deputación levan anos denegando o acceso á documentación do contrato de xestión que, de forma reiterada, solicitan por escrito os deputados, concelleiros e alcaldes socialistas, tanto neste mandato coma no anterior.

Tampouco facilitan as resolucións xudiciais que afectan á estación de montaña.

Meisa, Xunta de Galicia e Deputación están envoltas nunha espiral de escusas para non dar explicacións públicas do que está a acontecer coa xestión de Manzaneda, a pesar de que están obrigados porque así o estipula a Lei 19/2014 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, preocúpanos fondamente a situación dos traballadores e traballadoras de Manzaneda, a meirande parte deles veciños e veciñas da comarca.

Ate data desta iniciativa, Oca Hoteles mantíña en ERTE a 38 empregados alegando causas de forza maior e coas instalacións totalmente pechadas e sen actividade nunhas datas cruciais dende o punto de vista económico, á espera de que se produza o cambio de xestora.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a utilizar a súa maioría accionarial para incorporar como membros do Consello de Administración de Meisa ao alcalde de Manzaneda e á alcaldesa da Pobra de Trives, para garantir a representatividade dos territorios nos que se asenta a estación de montaña de Manzaneda e a transparencia na súa xestión.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia a que cesen da actual xestión escura da estación de montaña de Manzaneda e comecen a aplicar un modelo público, transparente e coa esixencia de que, quen estea á fronte, conte con experiencia e solvencia acreditada.



3. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Deputación de Ourense a que proceda, sen máis dilación, a concluír as obras de remodelación na estrada de acceso á estación de montaña de Manzaneda, cumprindo os compromisos adquiridos, mellorando así a competitividade do complexo e garantindo a seguridade e confort dos usuarios e usuarias.
4. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que remita á Cámara galega, no prazo de cinco días, o contrato en virtude do cal se adxudica a xestión da Estación de Montaña de Manzaneda a compañía Artabria Turismo S.L.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 20/01/2021 10:02:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/01/2021 10:02:10

Marina Ortega Otero na data 20/01/2021 10:02:29

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/01/2021 10:02:43

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2021 10:02:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 10:02:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a incluír ao persoal do (SAF) e aos (TES) no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario co fin de programar a súa vacinación fronte á covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación por parte da Consellaría de Sanidade do “Plan Galego de Vacinación Fronte ao SARS-Co V-2” e a posta en marcha do proceso de vacinación despertaron a preocupación colectivos de profesionais que traballan en servizos sanitarios ou sociosanitarios, pola planificación e desenvolvemento da campaña ao ver que no anexo 2 do Plan no que se establecen a orde de vacinación non son considerados prioritarios a pesares de desenvolver labores esenciais e ter un alto nivel de risco tanto de contaxiarse ou de contaxiar.

Dous destes colectivos son as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar (SAF) e xs Técnicxs de Emerxencias Sanitarias que realizan o seu traballo no servizo de ambulancias non urxente. Os dous colectivos trasladaron escritos aos grupos con representación no Parlamento galego demandando ser incluídos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O persoal sociosanitario do SAF denuncia que están na primeira liña de atención a persoas dependentes, polo que é necesario que teñan medidas especiais de protección contra o contacto directo coas persoas usuarias que poderían estar infectados e que compoñen tamén, a poboación máis vulnerable e con maior risco da sociedade. Non traballan nun ambiente controlado, como unha residencia ou un centro de día, xa que realizan os seus servizos en diferentes fogares, realízanlle trámites (médico, farmacia, supermercado...) e moi especialmente porque non hai control sobre a relación que poidan manter as persoas ás que atender con convivintes, veciñanza ou visitas que poidan recibir. Denuncian así mesmo a inexistencia de protocolos de actuación unificados nos casos persoas infectadas ou sospeitosas de covid, cada empresa concesionaria e cada concello xestionan esta cuestión segundo os seus propios criterios. A maioría das traballadoras non teñen o material de protección axeitado e, son moitas ás que nunca se lle realizou unha PCR, a pesares dos meses transcorridos desde o inicio da pandemia.

Pola súa banda os TES do servizo de ambulancias non urxente mostran a súa discrepancia con que non teñan a mesma consideración que o persoal sanitario e sociosanitario que traballa en residencias de persoas maiores e de atención a persoas con gran discapacidade, xa que fan os traslados destxs usuarixs, ao igual que os dos servizos de coidado non intensivo onde se realicen procedementos que poidan xerar aerosois ou servizos e unidades con pacientes de alto risco (oncoloxía, hematoloxía, diálise, etc.). Teñen contacto cxs doentes á hora de asistilos, manipulalos, acomodalos, sentalos, deitalos etc. nun espazo reducido como é unha ambulancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a incluír ás persoas que traballan no Servizo de Atención no Fogar (SAF) e aos Técnicxs de Emerxencias Sanitarias (TES) no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario co fin de programar a súa vacinación fronte ao SARS-Co V-2.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2021 10:15:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2021 10:15:40

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2021 10:15:49





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres**, , ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a retirada do interior do Parque Natural Baixa-Limia Serra do Xurés dunha motobomba calcinada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No suroeste da provincia de Ourense, na fronteira con Portugal, se localiza o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, un dos 6 Parques Naturais existentes na Galiza. Cunha extensión de aproximadamente 30.000 ha. que se estende principalmente polos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños.

Nas últimas décadas o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, o de maior superficie de todos os Parques Naturais de Galiza, esta a sufrir un número considerable de lumes que están a comprometer gravemente a pervivencia da flora e fauna do espazo natural. O pasado verán o Parque Natural sufriu novos lumes que arraxaron varios milleiros de hectáreas de de alto valor medioambiental.

En diferentes ocasións e en distintos foros, tamén neste Parlamento de Galiza, o Bloque Nacionalista Galego ven denunciando o abandono e desatención que ven padecendo o Parque Natural Baixa Limia -Serra do Xurés, carecendo dos recursos, servizos e coidados máis elementais para a conservación dun espazo de grande valor





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

natural, etnográfico, paisaxístico... e susceptíbel de grande aproveitamento económico e social.

Malia os múltiples e diferentes anuncios realizados pola Xunta de Galiza, a situación de facto non mudou en absoluto. O Parque Natural segue carecendo dun Plan de usos e xestión, non existe unha valoración dos danos e perdas da última vaga de lumes e un proxecto de rexeneración hidrolóxico-forestal, a recuperación dunha estrutura organizativa específica para o Parque Natural.... Como consecuencia deste desleixo vemos como nos escasos días que levamos de 2021 o espazo natural volve ser vítima dos lumes que continúan o proceso de degradación que ven padecendo.

O símbolo do anterior encontrámolo e da política “conservacionsita” da Xunta de Galiza atopámola no punto 41°53´28.4 N 7°55´12.4W ... Na parroquia de Requiás no Concello de Muíños no que se atopa unha motobomba calcinada nos lumes de agosto de 2020. A motobomba que, propiedade do concello de Calvos de Randín, participara na extinción dos lumes do pasado mes de agosto (nun incidente no que afortunadamente non resultaron feridos) aínda non foi retirada, contribuíndo á degradación do espazo natural e evidenciando a escasa preocupación da Xunta de Galiza polo Parque Natural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que, con carácter inmediato, realice as xestións precisas para a retirada do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés da motobomba calcinada nos lumes de 2020.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2021 10:36:11

María González Albert na data 20/01/2021 10:36:14

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2021 10:36:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2021 10:36:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o incremento da actividade e programación cultural da cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Concello de Ourense, constituído, apoiado e conformado polo Partido Popular, sen cuxo apoio -tácito ou presunto- non se mantería, ven de acordar a cancelación da programación cultural prevista para o Auditorio Municipal. Decisión precedida doutras cancelacións previas e da explicitamente da vontade de cancelar para usos culturais o espazo do Museo Municipal para destinalo a dependencias administrativas.

Ningunha das decisións mencionadas ten a súa “xustificación” en razóns sanitarias, ante o que podería decaer calquera alternativa, pois sen dúbida o prioritario é a adopción de medidas preventivas que impidan ou limiten as posibilidades de transmisión do virus, mais non é o caso. Consonte a información publicada os cines, teatros, museos non semellan ser lugares nos que se estean a producir un relevante número de contaxios. Non, á razón non é sanitaria, que podería ser discutible e entendible, senón de política “anti-cultural”. A liberdade de expresións cultural e artística entendidas como un perigo para a cidadanía, ou como un produto superfluo e innecesario para a formación dunha sociedade mellor

Resulta particularmente ferinte que sexa na cidade outrora cerne da actividade de creación intelectual e artística do país na que esta a sufrir con inusitada crueza unha drástica eliminación dos espazos de exhibición das expresións culturais, coa agravante de que vén





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coincidir co centenario do inicio da actividade dunha das expresións culturais máis senlleiras da historia de Galiza, como foi a fundación da Revista Nós.

O certo é que ante as decisións adoptadas polo Concello de Ourense de restrición ou eliminación da actividade cultural e artísticas non se ve reacción por parte doutras Administracións Públicas que permita mitigar o impacto de tales decisións tanto sobre a creación, como sobre a industria cultural e artística de Ourense, sempre e en todo caso, con sometemento as medidas sanitarias máximas de prevención e coidado de propagación da Pandemia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao Goberno Galego a:

1º.- Aplicar un principio de discriminación positiva que, atendidas as circunstancias existentes, potencie á cidade de Ourense na programación cultural da Xunta de Galiza.

2º.- Amplíe o número de espazos de creación, difusión e exhibición cultural que permitan, dentro das circunstancias sanitarias, económicas e sociais que procedan e sempre coa prevención máxima aconsellábel, o mantemento da actividade cultural en Ourense.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2021 12:21:16

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2021 12:21:27

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2021 12:21:39

María González Albert na data 20/01/2021 12:21:47

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2021 12:22:00



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais, sendo unha das fases previas prioritarias.

Este eixo de actuación vén materializado pola eliminación de riscos, os cales poden representar a orixe dos lumes e da súa propagación. A estes efectos, as accións preventivas non só permiten evitar que se produzan lumes na nosa comunidade, senón que no caso de producirse, limitan ao máximo a súa propagación e minimizan os danos causados.

Desde as diferentes tipoloxías existentes de rozas ata o mantemento de puntos de auga e de pistas, así como as queimas controladas e outras tantas labores silvícolas..., todas son accións dirixidas e necesarias para incrementar a resiliencia e a seguridade do noso territorio.

Ao fío do exposto, e en consideración da recente experiencia, o Plan preventivo 2020 levado a cabo pola Consellería do Medio Rural tivo unha afectación moi positiva sobre o terreo, minimizando os riscos por medio dunha planificación organizada de diversas actuacións preventivas.

Neste senso, para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia é prioritario garantir a devandita seguridade, tanto para o territorio como para as persoas e os seus respectivos bens, e polo tanto, este tipo de accións deben ser reiteradas. Por iso, investir en accións preventivas é unha necesidade que debe ser considerada canto antes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración dun plan preventivo para o presente exercicio 2021 que aglutine todas as accións preventivas necesarias para minimizar os riscos de incendios e aumentar a resiliencia do noso territorio”.



Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/01/2021 13:14:00

José Antonio Armada Pérez na data 20/01/2021 13:14:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 20/01/2021 13:14:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2021 13:14:55

Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2021 13:15:09

Ramón Carballo Páez na data 20/01/2021 13:15:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2021 13:15:38

Daniel Vega Pérez na data 20/01/2021 13:15:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado día 13 de febreiro de 2020 levouse a Consello da Xunta o *Plan de Mellora da Atención no Rural*, o que comprometía á dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais (en adiante, OAC); isto suporía a mellora sistemática da atención a agricultores e gandeiros a través dun plan de modernización e posta en valor da rede de OAC. Non obstante, como consecuencia da aparición da pandemia pola covid-19 este plan foi demorado e, neste senso, cómpre impulsar a súa posta en marcha de cara ao próximo período.

Isto responde de xeito ineludible a unha necesidade xerada en torno a un primeiro esbozo do mapa actual das OAC na década de 1960. Nesa data foron definidas as localizacións de hoxe en día e o despregue das mesmas, que naquel momento se coñecían como *Extensións Agrarias* ou *A Agraria a secas*. Por aquel entón, como cabe esperar, as cifras das explotacións eran superiores ás da actualidade, tanto en censo agrario, como en emprego, en número de fogares...; falabamos de preto de 600.000 explotacións familiares e delas 300.000 con rendas agrarias suficientes para considerarse ingresos principais no fogar. En canto á situación actual, existen uns 130.000 titulares de explotacións de autoconsumo e case 30.000 explotacións profesionais, datos que pouco teñen que ver coas cifras dos anos 60 do pasado século.

Así como pouco ten que ver a vida de agricultores e gandeiros daqueles tempos cos de hoxe.

Desde a apertura da que foi a primeira oficina ou sede de Extensión Agraria en Negreira, no ano 1956, os cambios que aconteceron na nosa terra, desde a evolución demográfica, de redes de transporte e estradas, ata a mecanización, a transformación tecnolóxica e unha especialización produtiva e territorial das explotacións agrarias, foron debuxando un novidoso mapa territorial a nivel de explotacións agrarias nada semellante ao de hai 60 anos.



Desde a Consellería do Medio Rural evidenciouse esta nova realidade, e levouse a cabo unha análise en profundidade da mesma, coa fin de acometer o *Programa de mellora global da atención no rural*, para establecer as características e distribución territorial das sedes actuais de xeito efectivo, considerando os seus puntos fortes e debilidades, e aplicando medidas correctoras ás carencias existentes.

De feito, na actualidade a rede de OAC atende preto de 130.000 titulares de explotacións de autoconsumo e case 30.000 explotacións profesionais. Sen embargo, a nova realidade do campo galego, que xorde das diferentes transformacións que veu experimentando, sobre todo desde a segunda metade do século XX coa evolución de gran parte do sistema agrario territorial cara modelos de explotación intensiva, cun alto grao de especialización tanto gandeira como forestal, e, ao tempo, cunha gran dispersión xeográfica das explotacións, propicia pór en marcha un Plan de modernización e mellora da rede de oficinas de atención no medio rural de Galicia que verdadeiramente sexa efectivo e posúa a capacidade necesaria para facerlle fronte a nova realidade.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia vemos, nesta mesma liña, a necesidade de, por un lado, mellorar as infraestruturas e, por outro, modernizar e mellorar os servizos prestados polas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC), de xeito que a administración autonómica ofrezca un servizo público próximo, dinámico e técnico de calidade ao sector e mellore, ao tempo, a actividade dos profesionais que traballan nelas. Só por medio desta modernización e mellora dos servizos prestados polas OAC, se chegarán a abordar cuestións como avanzar na dixitalización, dar unha imaxe distinta e unificada ou axilizar trámites, normas e procedementos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver o Plan de mellora da atención no rural mediante a dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais, garantindo que manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento”.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/01/2021 13:19:09

María Elena Candia López na data 20/01/2021 13:19:25

José Antonio Armada Pérez na data 20/01/2021 13:19:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2021 13:19:56

Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2021 13:20:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ramón Carballo Páez na data 20/01/2021 13:20:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2021 13:20:38

Daniel Vega Pérez na data 20/01/2021 13:20:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O sector primario galego é un sector fundamental, achegando o 6,9% do PIB da economía galega, o 8,4% do emprego e máis de 93.000 postos de traballo. Ademais, o rural galego representa o 93,7% da superficie da nosa comunidade e, ao fío disto, das 53 comarcas galegas existentes, 18 manteñen unha especialización produtiva no sector primario.

Como o lácteo, o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial de Galicia, agrupando unha variada tipoloxía de produción. Na nosa comunidade hai máis de 61.000 explotacións e supéranse as 400.000 toneladas de produción de carne. Con 231 empresas dedicadas á industria cárnica, 1.300 millóns de euros facturados no ano 2018 e 3.449 traballadores, o sector cárnico posúe un valor económico de 37 millóns de euros.

Ao respecto, existen ata tres indicacións xeográficas protexidas dentro do sector da carne en Galicia. A I.X.P. Ternera Gallega, que aglutina case 8.200 produtores activos, 100 industrias, 96.472 canais certificados, 21.369 toneladas de carne producida e ata 122 millóns de euros facturados. A I.X.P. Lacón Gallego, que conta con 191 explotacións, 15 industrias, matadoiros e salas de despece, 7,4 toneladas e un valor económica 50 millóns de euros. E, por último, a I.X.P. Vaca Gallega e/ou Buey Gallego, con 683 produtores activos, 21 industrias, 334 canais certificados, 138 toneladas de carne e un valor económico de 550 millóns de euros (*Datos do ano 2018*).

A relevancia deste sector e a existencia de antecedentes de plans estratéxicos para outros sectores que comparten a mesma importancia deste, como é o sector vitivinícola ou o lácteo, coa Estratexia de dinamización das comarcas vitivinícolas e a Estratexia de



dinamización do sector lácteo, son factores determinantes da necesidade dun plan estratéxico propio do sector da carne de Galicia.

Ao abeiro disto último, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que é esencial a creación dunha estratexia de dinamización do sector cárnico galego, con mesas de participación de todos os axentes da cadea de valor do sector, para analizar e dar solución aos retos presentes e futuros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver unha Estratexia para o sector cárnico de Galicia”.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/01/2021 13:24:06

María Elena Candia López na data 20/01/2021 13:24:25

José Antonio Armada Pérez na data 20/01/2021 13:24:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/01/2021 13:24:53

Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2021 13:25:02

Ramón Carballo Páez na data 20/01/2021 13:25:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/01/2021 13:25:41

Daniel Vega Pérez na data 20/01/2021 13:25:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Isaura Abelairas Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O partido xudicial de Vigo, é un dos 45 partidos xudiciais existentes no noso país, e na actualidade está formado polos municipios de Vigo, Baiona, Gondomar, e Nigrán.

Conta con 11 tribunais de 1ª Instancia, que tramitan asuntos de carácter ordinario; 3 Xulgados de Familia e un dedicado con carácter temporal a cláusulas solo e preitos hipotecarios.

Durante o ano 2019 a actividade xudicial destes xulgados incrementouse un 30 %, e a tendencia continuou durante o ano 2020, rexistrándose algo máis de 17.000 procedementos, sumando asuntos e execucións.

Atopándose este volume de procedementos, moi por riba dos parámetros establecidos polo CGPJ para cada Xulgado ou Tribunal.

En base a isto, hai máis dun ano os maxistrados solicitaron por unanimidade ao TSXG o incremento de 2 xulgados máis, para facer fronte ao volume de traballo existente, pero esta petición foi desbotada por entender que a alta litixiosidade podería deberse a un incremento puntual.

Pasado o tempo, a permanencia no volume de traballo demostra que a demanda é algo permanente, polo tanto, compre necesario dar respostas dende a administración en aras ao cumprimento do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a próxima Comisión Mixta a solicitude de ampliación do número de xulgados de 1.^a instancia existentes en Vigo.
2. Trasladar ao Goberno central a petición de 2 xulgados de 1.^a instancia máis para o partido xudicial de Vigo.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Isaura Abelairas Rodríguez

Leticia Gallego Sanromán

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2021 16:39:46

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2021 16:39:53

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 20/01/2021 16:40:02

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/01/2021 16:40:12

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 16:40:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No mes de setembro do ano 2019, o presidente da Xunta de Galicia inaugurou en Pontevedra o novo edificio xudicial de A Parda, no que se investiron máis de 21.000.000 €.

No seu interior alberga 15 xulgados, que se corresponden coas catro salas do Social, e dous do Mercantil, anteriormente situadas na sede da Audiencia Provincial; as tres do Contencioso-Administrativo, anteriormente situadas na rúa Xermán Adrio; e as seis unidades de Primeira Instancia situadas anteriormente no vello xulgado de A Parda.

A Fiscalía e os Xulgados do Penal mantivéronse no vello edificio de A Parda, que se uniu co novo a través dunha pasarela.

Dentro destes atópanse os Xulgados de Instrución 3 e o Xulgado do Penal número 4 que son os que coñecen os asuntos en materia de violencia de xénero. Así como o Xulgado de Garda.

Atopándose na actualidade cunhas dependencias que non cumpren os criterios mínimos que garantan unha privacidade das vítimas de violencia de xénero, nin as condicións esixidas para a protección que prevé a lei.

A sala de espera do Xulgado de Instrución 3 é un carto, situado no medio dun corredor, que mide aproximadamente 2 metros cadrados, moi asfixiante e no que en ocasións atópanse esperando varias vítimas cos seus familiares, e avogados/as, nunha espera que pode alongarse varias horas.

Resultando insoportable e moi asfixiante para unhas mulleres que xa acoden nunhas malas condicións trala situación que sufriron.



No caso da sala de espera do Xulgado do Penal número 4, a situación aínda é peor xa que non existe unha sala de espera propia para as vítimas, que poden agardar nos corredores do xulgado ou nun cuarto sen fiestras dunhas dimensións similar ao anterior, situado ao carón dos servizos e que para chegar ata as salas de vistas teñen que atravesar todo o corredor do xulgado coincidindo en moitas ocasións co agresor e a súa familia.

E no caso do Xulgado de Garda a situación é aínda peor, xa que a sala de espera e o cuarto onde fanse as rodas de recoñecemento, sen fiestras, sen aireación, e cunhas dimensións aínda inferiores.

Tendo en conta estas circunstancias dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é necesaria unha adecuación deste xulgado co fin de dar ás vítimas un trato máis axeitado e cumprir a normativa imposta pola lei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias no Xulgado vello de A Parda en Pontevedra co fin de habilitar as vítimas de violencia de xénero unhas dependencias axeitadas.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Noa Díaz Varela

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





Paloma Castro Rey na data 20/01/2021 16:43:51

Noa Susana Díaz Varela na data 20/01/2021 16:43:59

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2021 16:44:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 16:44:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo.

O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo.

A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicoloxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

Tradicionalmente a idade na que as persoas se iniciaban no xogo era de media os 28 anos, pero estudos recentes afirman que na actualidade a idade concéntrase entorno aos 18 anos.

Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

A pandemia trouxo consigo unha redución da vida social, o que afectou notablemente á mocidade, que ao ter que permanecer máis tempo na casa aumentou o consumo de tecnoloxía dixital e por ende tamén aumentaron os xogos e apostas on line, ata o punto de incrementarse un 11 % a cifra de galegos que pediron de forma voluntaria á ordenación xeral do xogo, ser excluídos do xogo “online”.



A regulación autonómica do xogo está obsoleta, e aínda que a Xunta de Galicia leva varios anos anunciando unha nova lei do xogo, a realidade é que a tramitación non chega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar con carácter urxente a tramitación parlamentaria do Proxecto de lei do xogo de Galicia.
2. Establecer unha regulación, que poña o foco nos colectivos máis vulnerables en consonancia coa normativa estatal vixente.
3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas presupostariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.
4. Expor na Comisión de Xogo de Galicia (creado a través da Lei 14/85, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, como órgano de estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas en Galicia) o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración para que se establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento, priorizando os intereses da sociedade en xeral e non só os intereses dos axentes económicos.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 20/01/2021 18:14:21

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2021 18:14:28

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2021 18:14:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 18:14:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda de información sobre a situación de incerteza creada a raíz da saída da Xunta de Galiza do Padroado da Fundación Sargadelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é todo un emblema da cultura galega.

A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1806 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Un proxecto de tal calado histórico non asombra que atravesase diferentes etapas históricas, marcadas polos avances no deseño e policromía da louza, chegando a traballar na fábrica orixinaria en 1849 máis de 1.000 familias na coñecida como época dourada do primeiro Sargadelos. Un tempo que contrasta coa decadencia progresiva que se vivirá nas décadas seguintes e que levará ao peche en 1875.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Haberá que agardar a 1949 en que Isaac Díaz Pardo inaugure un taller cerámico que acaba converténdose no complexo industrial de Cerámica do Castro. A súa incansábel vocación artística e espírito empresarial, para alén do seu contacto cos exiliados galegos en terras arxentinas, contribuíu para cadrar, xunto a Luís Seoane, a vontade común de traballar nun proxecto de recuperación económica e cultural de Galiza, que se plasmou en 1963 coa creación do Laboratorio de Formas.

Ao tempo que o Castro recuperaba a produción de louza enraizada no simbolismo artístico e histórico de raíz propiamente galega, en 1970 os dous piares fundacionais deste proxecto cultural e económico vitalmente galego reinauguran o novo Sargadelos de Cervo, abrindo a porta a unha concepción cultural revisionista do que significaba Galiza.

Deseño e calidade, asentadas nunha marca de identidade persoal galega, converteron este produto nun referente de recoñecemento interior e exterior.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nulo polo TSXG en xaneiro de 2018. Un tempo que, no entanto, abriu a porta a represalias sindicais contra algunha traballadora e foi oficializando despidos progresivamente.

Unha actitude do actual administrador de Sargadelos que puxo en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo complexo de Cervo foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro, na categoría de monumento; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, dun complexo que para alén de factoría é un monumento, unha mostra material do inmenso patrimonio artístico e cultural de Galiza.

Razóns de máis para que desde a Xunta de Galiza se atenda ao presente e futuro dun valor cultural referencial.

O 26 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba na súa web oficial que “a Xunta pasará a formar parte do Padroado da Fundación Sargadelos, tras o acordo acadado coa dirección da firma. Un acordo co que o Goberno galego dá un novo paso na reactivación do legado cultural de máximo nivel dunha da firmas máis simbólicas do país e unha oportunidade fantástica para poñer en valor, impulsar e promocionar a innegable transcendencia de Sargadelos na cultura galega”, en palabras do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez.

Informábase tamén que o propio conselleiro e o secretario xeral de cultura serían os representantes do goberno no padroado da Fundación Sargadelos.

Na folla de ruta comprometida polo goberno destacaba “a reactivación do complexo de Cervo, como primeiro paso dun ambicioso proxecto autonómico”, entre varias iniciativas nas que “a Xunta de Galicia vai estar implicada co obxectivo de poñer en valor e difundir o legado cultural de máximo nivel de Díaz Pardo e Luís Seoane, tendo tamén en conta a súa pegada tanto no Castro (Sada) como en Santiago de Compostela”.

En decembro de 2020, mes e medio despois, fíxose público na prensa, e non nas canles oficiais da consellaría, que a Xunta renunciaba a continuar a facer parte do Padroado da Fundación Sargadelos para “evitar susceptibilidades” ao se confirmar a incorporación profesional como asesora externa da parella do presidente da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta moi sorprendente que en tan pouco tempo aquel reseñado e mediático pacto para un ambicioso proxecto compartido fose anulado sen máis explicación oficial e con estrañas correlacións empresariais, políticas e familiares próximas ao presidente da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a protexer todo o legado material e inmaterial de Sargadelos para evitar a desvirtuación da realidade histórica e cultural creada baixo o proxecto comprometido e coidado de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2021 18:23:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 20/01/2021 18:24:04

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2021 18:24:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O falecemento dun familiar é sempre un momento dramático, e moito máis se esa perda se produce de maneira inesperada nun accidente, sexa de tráfico, laboral ou por calquera outra circunstancia sobrevida. Nese contexto, a familia da persoa falecida debe contar con todos os coidados e apoios emocionais que garanta a súa estabilidade no primeiro momento de dó.

Para garantilo, é preciso que neses casos exista, e funcione correctamente, un protocolo de actuación que incardine as accións de todos os profesionais que teñen que intervenir no proceso de comunicación da morte ou mesmo de recoñecemento dun cadáver.

Dende o momento da comunicación do falecemento ata a atención e mínimo acompañamento á familia ou a determinación dun espazo onde poder agardar por un exame forense que debería chegar con celeridade para que a familia poida organizar canto antes o traslado do corpo para proceder ao pasamento que desexe. Son todas estas cuestións que se deberían determinar nese documento procedimental.

É sabido que existen protocolos para casos de grandes accidentes ou catástrofes, pero non son tan habituais os dirixidos para situacións máis particulares como as que acabamos de sinalar pero que son igualmente duras para as familias que as padecen. Por esa razón, o Grupo Parlamentario Socialista considera axeitado que o Goberno galego coordine un grupo de traballo interdepartamental e/ou interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos ou procedementos actuais e así contribuír a aliviar a dó innecesaria de moitas familias galegas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que coordine unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros.





Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/01/2021 19:12:33

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2021 19:12:48

Marina Ortega Otero na data 20/01/2021 19:12:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 19:13:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os portos de Raxó e Covelo no concello de Poio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas Portos de Galicia procedeu a colocar uns elementos separadores no vial do Porto de Raxó, coa suposta finalidade de balizar a beiravía do lado da praia, na que existe un desnivel sen ningún elemento de protección no que xa se produciron varios accidentes por caída de vehículos.

A colocación destes elementos é moi desafortunada e foi calificada como “chapuza” e “vergoña” por diversas persoas e entidades. O propio voceiro do PP de Poio afirmou que a actuación é unha “vergoña” e sinalou que “o normal e coherente sería colocar elementos seguros que eviten a caída de vehículos á praia”.

Ademais da súa escasa funcionalidade para este espazo, trátase de elementos que poden supoñer barreiras para a mobilidade e a accesibilidade peonil e que desde o punto de vista estético non se corresponden coa contorna. En lugar de instalar estes elementos separadores, o lóxico sería instalar unha varanda de protección, ben continuando o paseo de madeira do primeiro treito, ben instalando unha varanda metálica como a que xa existe noutras zonas deste vial.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E máis alá destas actuacións provisionais, é necesario que Portos execute os proxectos anunciados en 2009 e 2010 para urbanizar os accesos e a cortorna dos portos de Covelo e Raxó, que contaban con un orzamento de máis de 3 millóns de euros e dos que só se executaron actuacións parciais e menores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Retirar os elementos separadores instalados no pavimento do vial do Porto de Raxó e instalar no seu lugar unha varanda de protección tanto para vehículos como para persoas.
2. Acordar co concello de Poio e coa comisión de seguimento das obras os proxectos, o calendario e a contratación das obras dos portos do Covelo e Raxó comprometidas no ano 2009, de maneira que podan executarse entre os anos 2021 e 2022.”

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/01/2021 09:15:04

Rosana Pérez Fernández na data 21/01/2021 09:15:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/01/2021 09:15:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os centros de día son recursos sociais dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores e/ou con dependencia, de xeito que son ademais unha valiosa ferramenta de conciliación familiar. Dadas as particularidades poboacionais e xeográficas do noso país, estes centros convértense nun recurso imprescindible en todo o noso territorio. Permiten ás persoas maiores e dependentes permanecer na súa contorna á vez que neles se traballa a rehabilitación preventiva para acadar a autonomía persoal e mellorar as capacidades físicas e mentais. Ademais, son verdadeiros espazos de socialización necesarios para unhas persoas que pasan en soidade moita parte do seu tempo.

Estes centros de día fanse aínda se cabe máis necesarios en concellos pequenos do ámbito rural galego por canto presentan uns maiores índices de avellentamento e son as mulleres as que soportan a carga total dos coidados. Precisamente para favorecer a igualdade e que esas mulleres poidan desenvolver un traballo fóra do fogar, faise preciso dotar destes recursos a todo o noso territorio.

É o caso do Concello de Touro no que, dunha poboación total de 3.516 (datos INE, 2019), o 33,7 % son maiores de 65 anos. En concreto, 657 mulleres e 530 homes que non dispoñen de ningún recurso social destas características e para o que o Grupo parlamentario socialista reclama o establecemento dun centro de día neste concello.

O Partido Popular, que goberna a Xunta de Galicia, incorporaba no seu programa electoral como un compromiso de goberno o “impulso da apertura de casas do maior naqueles concellos galegos que non contan cun centro de día, para lograr que o 100 % do territorio galego conte con servizos de conciliación específicos para o coidado das persoas maiores”.

Tendo en conta o exposto e o compromiso inicial do Goberno por garantir servizos de conciliación para o coidado dos maiores, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apertura dun centro de día ou recurso similar para persoas maiores e/ou dependentes no concello de Touro.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/01/2021 13:09:40

Marina Ortega Otero na data 20/01/2021 13:10:00

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2021 13:10:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2021 13:11:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o aprazamento de operacións do Complexo Hospitalario de Ourense durante a vaga de covid-19 do mes de outubro e aos protocolos activados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de outubro de 2020 diversos medios de comunicación informaban do aprazamento de operacións non urxentes no CHUO por mor do incremento de persoas ingresadas por coronavirus e o aumento da presión asistencial. 13 días antes coñecía-se que presuntamente ese centro hospitalario xa aplicara o seu Plan de Continxencia (solicitado por parte de este grupo e que no momento de asinar esta iniciativa non fora remitido) e que polo tanto comezaba a desprazar ingresos a outros hospitais. Nas novas coñecidas o pasado 22 de outubro tamén se indicaba a posibilidade de comezar a enviar pacientes do Hospital Comarcal de Valdeorras a Hospitais de Lugo polas mesmas razóns.

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos conscientes de que durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa evolución e son necesarias medidas de diferente tipo para atender con suficiencia as necesidades. Porén, somos conscientes tamén das





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades estruturais dos tres hospitais de Ourense, das necesidades de persoal e de servizo e do empeoramento sufrido neste sentido, polo que a falta de transparencia e información pública da Xunta de Galiza non contribúe a enviar unha mensaxe de tranquilidade á poboación. Así mesmo, é preocupante que despois de non ter ningún plan específico de recuperación das necesidades asistenciais pendentes do confinamento e do Estado de Alarma, volvamos estar nunha situación de restricción de servizos sen unha folla de ruta coñecida para recuperalos en canto sexa posible pola evolución da pandemia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Facer públicos os datos de ocupación, capacidade e evolución da presión hospitalaria dos centros de Ourense desde o inicio do Estado de Alarma até a actualidade así como das intervencións cirúrxicas e citas de especialistas suspendidas ou aprazadas.

2. Remitir no prazo máximo dunha semana copia do Plan ou Plans de Continxencia por mor da COVID-19 do Hospital comarcal de Verín de febreiro de 2020 á actualidade aos grupos da Cámara.

3. Realizar as actuacións necesarias para aumentar ao máximo posible o número de camas dispoñíbeis do Complexo Hospitalario de Ourense empregando espazos desocupados e acondicionando espazos de reserva, co obxectivo de evitar derivacións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ter maior capacidade de soporte da presión asistencial no períodos de empeoramento da crise covid.

4. Contratar o persoal sanitario preciso para desenvolver as actuacións do punto

5. Elaborar e dotar orzamentariamente, un Plan de recuperación das intervencións e citas suspendidas ou aprazadas dos tres hospitais de Ourense e facer pública a súa previsión temporal así como incorporar o persoal necesario para a máxima redución dos prazos..”

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2021 16:20:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/01/2021 16:20:13

María González Albert na data 21/01/2021 16:20:26

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2021 16:20:39

Iria Carreira Pazos na data 21/01/2021 16:20:47

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2021 16:21:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereas Fraiz** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

O mantemento da actividade industria e do emprego na planta que Siemens-Gamesa ten no Concello das Somozas é fundamental non só para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá, senón para o conxunto de Galicia, xa que se trata dunha empresa fundamental para o crecemento e desenvolvemento do sector eólico galego.

A planta, que dá emprego a 300 traballadores, viña tendo ata o momento unha importante carga de pedidos no mercado nacional e no internacional. Sen embargo, nos últimos anos creouse un clima de inestabilidade no sector enerxético, ante dunha política única e coherente por parte do Goberno de España que achegue certezas ao tecido industrial.

Neste contexto, Siemens-Gamesa vén de anunciar a súa intención de pechar a planta das Somozas (Galicia) e a de Cuenca (Castela-A Mancha), que se suman ao xa producido en Aoiz (Navarra) o verano do pasado ano, unha decisión totalmente inxustificable que afecta tanto aos 215 traballadores da factoría galega coma a outros centos de empregos indirectos na nosa comunidade.

Siemens Gamesa ten unha oportunidade de mercado do primeiro nivel co pulo que están tendo as enerxías renovables no proceso de transición ecolóxica que está promovendo a Unión Europea como un dos vectores da recuperación económica, e especialmente co desenvolvemento do sector eólico galego.

Polo tanto, a empresa carece de razóns obxectivas para propor o peche da fábrica das Somozas, máxime cando desde a administración pública galega se propuxeron alternativas para buscar solucións que dean viabilidade a un proxecto industrial cun potencial incuestionable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



1. Demandar á empresa Siemens-Gamesa que suspenda o ERE da Planta das Somozas e acepte a formación dunha mesa de traballo conxunta co Goberno España, a Xunta de Galicia e a representación dos traballadores da empresa, que teña como obxectivo atopar solucións que garantan a viabilidade e o futuro da planta.
2. Instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración co Goberno do Estado, utilicen todos os mecanismos á súa disposición para lograr que GAMESA-SIEMENS manteña a planta das Somozas, apostando pola súa modernización e pola implantación de novos proxectos industriais que garantan a carga de traballo para os traballadores da empresa.

Santiago de Compostela, 21 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2021 17:33:48

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 21/01/2021 17:34:00

Diego Calvo Pouso na data 21/01/2021 17:34:18

José Manuel Rey Varela na data 21/01/2021 17:34:35

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/01/2021 17:34:57

Cristina Sanz Arias na data 21/01/2021 17:35:22

José Antonio Armada Pérez na data 21/01/2021 17:35:38

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/01/2021 17:35:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Sandra Vázquez Domínguez na data 21/01/2021 17:36:06

Borja Vereza Fraiz na data 21/01/2021 17:36:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa dos seus deputados, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereja Fraiz e, a través do seu Portavoz, solicita que se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida na parte dispositiva do documento con número de rexistro 8793 (11/PNP-000883)

No punto número 1 da proposta de acordo onde di: “*Demandar á empresa Siemens-Gamesa que suspenda o ERE ...*”

Debe dicir: “*Demandar á Xunta de Galicia a que se dirixa á empresa Siemens-Gamesa instándolle a que suspenda o ERE*”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2021 10:55:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/01/2021 10:56:03

Diego Calvo Pouso na data 25/01/2021 10:56:15

José Manuel Rey Varela na data 25/01/2021 10:56:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 25/01/2021 10:56:42

Cristina Sanz Arias na data 25/01/2021 10:57:14

José Antonio Armada Pérez na data 25/01/2021 10:57:47

Ovidio Rodeiro Tato na data 25/01/2021 10:58:10

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/01/2021 10:58:29

Borja Vereza Fraiz na data 25/01/2021 10:58:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Miguel Tellado Filgueira, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereza Fraiz** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de Motivos:

Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

A restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, están abocando á desaparición a centos de profesionais e empresas do sector.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante investimento que, apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir directamente.

Desde o Grupo Parlamentario Popular e logo do dialogo cos traballadores galegos do sector, podemos concluír que unha das medidas fundamentais para garantir a súa supervivencia e a baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%.

Esta redución fundamentase, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ádemas do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.



A aplicación deste IVE reducido suporía unha importante inxección de liquidez, nun momento vital para garantir o seu futuro e o dos postos de traballo que manteñen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia Insta a Xunta de Galicia a:

Demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% a un 10%, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade por mor da crise da Covid-19”

Santiago de Compostela, 21 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2021 17:38:50

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/01/2021 17:39:06

Cristina Sanz Arias na data 21/01/2021 17:39:16

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 21/01/2021 17:41:05

José Antonio Armada Pérez na data 21/01/2021 17:41:53

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/01/2021 17:42:31

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/01/2021 17:42:47

Borja Vereza Fraiz na data 21/01/2021 17:43:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A crise económica actual é de fonda envergadura como froito da pandemia que afecta á saúde e ás actividades económicas, sociais e culturais. O nivel de caída da actividade económica os distintos países ten unha intensidade como non se recorda dende hai décadas e, no caso de Galicia, hai estimacións que sinalan que a caída do PIB en 2020 rondou o 10 %.

Esta situación crítica agranda as dificultades económicas en moitas partes do territorio e, nomeadamente, as bisbarras de Ferrol, Eume e Ortegal experimentan unha crise industrial de máxima preocupación. O anuncio de peche de Endesa e Siemens Gamesa e os efectos derivados da crise de Alcoa deben poñer en alerta a todas as Administracións públicas. Así mesmo, xunto ao compromiso histórico da construción das fragatas F-110 no estaleiro de Navantia en Ferrol, cómpre tomar as medidas necesarias para manter en activo e modernizar o estaleiro público, aspecto que por ser fundamental no tecido produtivo galego obriga á Xunta de Galicia a unha maior involucración.

A Xunta de Galicia, con base no Estatuto de Autonomía, ten competencias en materia económica, industrial e de formación dos traballadores, entre outras. Tras unha década de inacción na política industrial, a crise industrial de Ferrolterra esixe un plan de acción integral e real do goberno autonómico para frear as tendencias negativas e revitalizar e modernizar o tecido produtivo destas bisbarras.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Utilizar as competencias industriais da Administración galega para desenvolver un pleno compromiso pola industrialización de Ferrolterra coas medidas necesarias:

a) Participando máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.0 de Ferrol, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos de reconstrución no estaleiro ferrolán.

b) Elaborando un plan industrial para a comarca de Ferrolterra co fin de ter unha maior diversificación do sector industrial.

c) Levando a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de garantir a competitividade do sector e unha continuidade na actividade dunha man de obra altamente capacitada.

d) Elaborando un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña, que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial.

2. Involucrarse nunha Mesa de Traballo xunto ao Goberno do estado, administracións locais, representación sindical e empresarial para a reindustrialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

3. Dirixirse o Goberno de España a:



a) Dotar de carga de traballo inmediata para os estaleiros de Navantia en Ferrol tanto para a plantilla principal como para a industria auxiliar.

b) Desenrolar ao 100% o Plan Industrial pactado e o proxecto de estaleiro 4.0 coa construción do dique cuberto para as instalacións de Ferrol.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/01/2021 18:23:22

Martín Seco García na data 21/01/2021 18:23:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/01/2021 18:23:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/01/2021 18:24:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da nova onda de contaxios por covid 19 e a estratexia de vacinación.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido á alarma social xerada polo aumento dos contaxios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os datos indican que estamos entrando de cheo nunha terceira onda de contaxios por Covid 19, cando aínda non se tiña superado a segunda. A situación volve ser moi preocupante, nos últimos días están evolucionando negativamente todos os indicadores epidemiolóxicos. A día de hoxe a taxa de positividade media en Galiza está chegando ao 10%, a incidencia acumulada por 100 mil habitantes está en 223, lévase varios días superando os 600 contaxios diarios e está aumentando a presión asistencial. Un repunte de contaxios, que todo indica que aínda non está reflectindo os efectos da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relaxación das restricións aprobadas pola Xunta polas festas do Nadal, ao que hai que engadir a preocupación pola constatación da existencia en Galiza de persoas positivas ligadas a chamada “cepa británica”, con maior nivel de contaxio.

Esta terceira onda está xurdindo en parello co programa de vacinación iniciado a nivel da Unión Europea o 27 de decembro coa aplicación de doses da vacina do laboratorio Pfizer-BioNTech, tras ter emitido unha autorización de comercialización condicional por parte da EMA. Igualmente ven de facer o mesmo este 6 de xaneiro coa vacina de Moderna que será a segunda que se administre.

A campaña de vacinación leva 10 días e a información que se está publicando indica que o programa de vacinación estase aplicando con bastante máis lentitude do que se tiña anunciado, mostran un ritmo de inmunización moi por debaixo do planificado, o que fai poñer en cuestión que se vaian cumprir os obxectivos marcados. Os datos tamén mostran que o número de doses que está recibindo Galiza é porcentualmente das máis baixas tanto por poboación como por maiores de 65 anos.

Os atrasos na vacinación, a velocidade dun novo repunte de contaxios están xerando inqueda e preocupación, tanto na poboación como dxs profesionais sanitarixs, especialmente de Atención Primaria que se mantén asfixiada ao ter que atender toda a atención das patoloxías ordinarias, detección de novos casos, petición de PCRs, seguimento dos doentes positivos nos seus domicilios, e agora a campaña de vacinación supón unha presión adicional sobre estes profesionais sen que se coñeza cal é previsión de reforzo de profesionais, nin a formación prevista para xs mesmxx.

Estamos asistindo de novo á opacidade, falta de información por parte da Xunta de Galiza sobre unha cuestión de máxima relevancia, polo que son moitas as incógnitas que xorden e que precisan clarificación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Que medidas ten tomado o Goberno galego para que a coincidencia da terceira onda de contaxios por Covid 19 e a campaña de vacinación contra a mesma non colapsen o sistema sanitario galego?

Cal é o criterio de reparto entre as Comunidades Autónomas do número de doses da vacina contra a Covid 19 que está a recibir o Estado español?

Cal é a porcentaxe que está a recibir Galiza tanto por poboación como por maiores de 65 anos tendo en conta que representa o 25% da poboación galega?

Cantas doses da vacina do laboratorio Moderna ten previsto que reciba Galiza e en que prazos?

A previsión de doses de vacina do laboratorio Moderna vai precisar unha reprogramación da estratexia de vacinación?

Está a Xunta administrando a totalidade das doses que está a recibir ou realiza reserva para administrar a segunda dose ás persoas que recibiron a primeira?

Ao ritmo de vacinación actual cales son as datas de previsión de inmunización da poboación galega?

Con cantos profesionais, e de categorías, se ten reforzada a Atención Primaria para levar a cabo o proceso de vacinación e atender toda a presión asistencial que xa viña tendo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten realizado un proceso de formación e información ao conxunto de profesionais? En que ten consistido,? cal foi a súa duración?

Que medidas vai tomar a Xunta para frear a transmisión de contaxios, que todo indica que o aumento só está empezando tras a relaxación de medidas adoptada pola Xunta durante as festas do Nadal?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2021 12:32:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/01/2021 12:32:08

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2021 12:33:08

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2021 12:33:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2021 12:33:22

Daniel Pérez López na data 20/01/2021 12:33:30

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2021 12:33:39

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2021 12:34:22

Daniel Castro García na data 20/01/2021 12:34:32

María del Carmen Aira Díaz na data 20/01/2021 12:34:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/01/2021 12:34:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/01/2021 12:34:57

María González Albert na data 20/01/2021 12:35:05

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2021 12:35:13

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2021 12:35:20

Alexandra Fernández Gómez na data 20/01/2021 12:35:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2021 12:35:35

María do Carme González Iglesias na data 20/01/2021 12:36:26

Paulo Ríos Santomé na data 20/01/2021 12:36:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o desenvolvemento da campaña de vacinación do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, os centros de discapacidade, centros de día e outros servizos sociais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido á grave situación epidemiolóxica existente en Galiza, a vulnerabilidade das persoas usuarias así como a situación de risco á que están expostas as traballadoras do SAF e outros servizos sociais de axuda á dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2020 comezou a campaña de vacinación fronte á COVID19, apenas dez meses despois de declararse a pandemia. Un fito histórico e científico que permitirá inmunizar a poboación.

As autoridades sanitarias, a través do Plan de vacinación, fixaron alén dun procedemento, grupos de poboación para desenvolvelo de maneira ordenada. As





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiras persoas en recibir as doses foron as persoas usuarias e traballadoras das residencias de maiores, a seguir polo persoal sanitario que traballa na primeira liña fronte ao virus.

Segundo informou o Ministerio de sanidade e tal e como consta no Plan estatal de vacinación, as persoas consideradas grandes dependentes (grao III) e as persoas que as coidan nos seus fogares tamén están incluídas na primeira fase de vacinación (grupo 4) porén, non se especifica cando serán vacinadas e, en ningún caso, aparece recollido como un grupo en si propio o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Cómpre lembrar que en Galiza o SAF presta servizo a máis de 24.000 persoas sendo un dos servizos sociais con máis usuarias e usuarios. As súas traballadoras, persoal sociosanitario como categoría profesional, tamén se enfrenta á COVID19 en primeira liña aínda que non sexa nun centro senón no fogar das persoas dependentes.

O mesmo acontece con outros servizos sociais como os centros de día e centros de discapacidade que, até o momento, non foron incorporados na campaña de vacinación malia representar un servizo sociosanitario fundamental con colectivos de risco.

Polas características do traballo que desenvolven, nomeadamente a asistencia a varios domicilio cada día, deben ser un grupo prioritario na campaña de vacinación.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Cal é a planificación da Xunta de Galiza para a vacinación das traballadoras e usuarias do SAF?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- De que maneira vai desenvolver a vacinación o goberno galego para este colectivo?

- En que prazo temporal pensa vacinar estas persoas?

- E os centros de día e centros de discapacidade?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2021 09:30:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/01/2021 09:30:31

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2021 09:30:38

Mercedes Queixas Zas na data 25/01/2021 09:30:46

Rosana Pérez Fernández na data 25/01/2021 09:31:04

Daniel Pérez López na data 25/01/2021 09:31:12

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2021 09:31:20

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2021 09:31:30

Daniel Castro García na data 25/01/2021 09:31:39

María del Carmen Aira Díaz na data 25/01/2021 09:31:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2021 09:31:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2021 09:32:00

María González Albert na data 25/01/2021 09:32:08

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2021 09:32:15

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2021 09:32:26

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2021 09:32:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2021 09:32:41

María do Carme González Iglesias na data 25/01/2021 09:32:47

Paulo Ríos Santomé na data 25/01/2021 09:32:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre sobre o modelo eólico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste a unha nova fase de expansión ou boom do sector eólico con importantes consecuencias sociais e ambientais froito do modelo fracasado do Partido Popular, enfocado exclusivamente ao produtivismo e baseado nunha normativa obsoleta, aproveitando ademais un baleiro provocado no ámbito da protección natural do territorio e renunciando de forma decidida a calquera tipo de deseño ou participación pública.

Esta cuestión está a traer unha ampla contestación social que o Partido Popular contesta con falta de diálogo e co impulso de reformas normativas unilaterais. Así mesmo, nos últimos meses teñen saído á luz numerosas sentenzas que son absolutamente demoledoras respecto das prácticas abusivas co consentimento e colaboración activa da administración galega, como é o caso de Sasdónigas ou do Iribio.

Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con h 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos. Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacións de desamparo e desigualdade de concidións. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado.

Por todos estes motivos, neste momento de previsión de nova instalación de numerosos parques e de mudanzas normativas sen control por parte do goberno galego, é preciso dar un cambio de rumbo a esta mala praxe e procurar un consenso amplo arredor dun novo modelo eólico con garantías para todas as partes e cunha planificación estratéxica ao servizo dos intereses xerais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a situación do sector eólico en Galiza e o novo boom de parques eólicos con forte contestación social?

Cales son as súas previsións de necesidade de instalación de potencia para o vindeiro lustro?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para deixar de vulnerar as necesarias garantías sociais e ambientais por acción ou omisión?

Que valoración fai das sentenzas xudiciais que tomban proxectos abalados polo goberno galego e con importante contestación social?

Considera o goberno galego adecuado modificar o marco legal vixente sen consenso e debate, a través doutras leis paraugas, para tapar o debate? Por que?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego o auxe de contestación social dos proxectos ao longo do país?

Valora o goberno galego que o INEGA debara ter un papel de asesoramento e fiscalización neste ámbito?

Valora a Xunta de Galiza vincular os novos proxectos eólicos á necesidade de radicar en Galiza parte do seu desenvolvemento innovador e da fabricación das súas compoñentes?

Vai impulsar novas formas de participación pública?

Ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados? Cales son os motivos?

E introducir mudanzas no Fondo de Compensación ambiental? E no canon eólico en particular?

Valora a Xunta impulsar contratos tipo para protexer ás e aos propietarios e Comunidades de montes?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2021 17:33:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/01/2021 17:33:21





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a situación económica galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia do coronavirus e das novas vagas de gromos ten un indubidábel impacto na economía internacional, estatal e galega, un impacto que é dunha profundidade e impacto sen precedentes e de incerta previsión. Esta é, xa que logo, unha cuestión que se debe analizar e atender desde o ámbito galego para así poder deseñar as mellores respostas posíbeis para que esta nova crise económica sexa abordada de forma diferente á crise financeira desatada a partir do ano 2008 e que nin Galiza teña un papel subsidiario nin sexan as maiorías sociais quen asuman as consecuencias máis negativas.

Recentemente, o Foro Económico de Galiza publicaba os resultados do seu Informe de Conxuntura Socioeconómica referido ao III trimestre de 2020 e ás previsións de peche de ano. Segundo indica, atendendo aos datos prevén unha caída do 9% do PIB galego en 2020, entre as comunidades con menor descenso, prevéndose unha caída de até o 11% para o conxunto do Estado, superior en ambos os dous casos á previsión de ámbito europeo cunha media de caída do 4,2%. Así mesmo, este Informe volve sinalar unha cuestión clave: a menor velocidade na caída acompañouse na anterior crise económica, a crise financeira a partir de 2008, dunha menor velocidade nos índices de recuperación.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante a presentación de dito informe, as persoas expertas do Foro facían fincapé na imprevisibilidade do contexto, que dá lugar a previsións moi dispares, e no gran risco da afectación dun desplome económico no primeiro semestre do 2021 aínda que polo momento non se estea a formular a posibilidade dun confinamento homologábel ao de marzo.

Entre outras cuestións, resulta especialmente preocupante a constatación de que esta crise está a afectar máis aos sectores laborais máis debilitados e vulnerábeis. O informe sinala, singularmente, que “ o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese en maior medida no caso das mulleres que no dos homes, así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea”

Así mesmo, fronte á lectura autocompracente que fai a Xunta de Galiza respecto do diferencial galego/estatal do PIB, o Foro Económico sinala que “Ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (-4,2% no primeiro e -21,5% no segundo trimestre)”. Así mesmo, tamén observa que “se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que na economía española. Con todo, cómpre destacar que esta caída da actividade económica é superior á experimentada pola UE-27 e o conxunto dos países da zona euro.”

A Xunta de Galiza debe permanecer alerta respecto da evolución da economía galega con base a estes e outros indicadores, así como do seu impacto na vida dos galegos e galegas, na clase traballadora e nos índices de pobreza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta a situación económica de Galiza nesta nova vaga de gromos?
- Que valoración fai das previsións macroeconómicas referentes ao balance de 2020 e referentes ás previsións para 2021?
- Como valora o impacto económico das novas medidas aprobadas a partir do mes de xaneiro?
- Como valora a evolución de Galiza e a perspectiva dunha recuperación lenta e dun posíbel balance do primeiro trimestre de 2021 crítico?
- Que correccións de orientación económica vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus?
- Considera a Xunta de Galiza que o noso país ten as ferramentas económicas precisas para afrontar esta crise?
- Considera que máis autogoberno facilitaría a concreción e impulso de medidas máis eficaces?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2021 09:48:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2021 09:48:44

Daniel Pérez López na data 15/01/2021 09:48:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a situación do centro de traballo da empresa SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Toman corpo as peores expectativas para o persoal da fábrica de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

A falta de carga de traballo para o presente ano 2021 que a dirección da empresa anunciara ao persoal hai un par de meses ven de concretarse na comunicación formal do peche da fábrica e do consecuente despedimento colectivo.

As causas non se lles escapan a ninguén, os modelos de palas que se fabrican na fábrica das Somozas son pequenos para os actuais requirimentos do mercado, mais nin a propia dirección da empresa oculta que aínda que existiran pedidos do modelo de palas que fabrican nas Somozas a súa produción sería máis rendíbel na fábrica de Vagos, en Portugal. Un proceso de deslocalización empresarial de libro.

O grupo Parlamentar do BNG xa ten presentado con anterioridade a esta iniciativa outra de semellante teor. Naquela ocasión o PP votou en contra por, segundo manifestaron, ter dúbidas sobre a legalidade do contido da parte resolutiva. O PSOE abstívose.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa falta de apoio para coas medidas propostas resultan no presente escenario absolutamente escandalosas, dado o fracaso dos intentos realizados até o de agora por parte dos gobernos estatal e autonómico ante a determinación amosada pola empresa, que veñen demostrar a necesidade de poñer en marcha políticas de promoción empresarial que superen de unha vez por todas a vella (e fracasada) dinámica de ofrecer prebendas, privilexios ou condicións máis vantaxosas para a produción en competencia con outros países ou territorios. As deslocalizacións non deixan de ser unha constante da nosa historia industrial recente e presente.

Pola contra, esixencias de certas cotas produción local para as empresas que queren acceder a un determinado mercado nacional, son actualmente empregadas entre os países da nosa contorna e dentro do mesmo sector de actividade, por exemplo Franza na instalación de potencia eólica mariña.

Por iso, nun momento en que está previsto que a potencia eólica instalada na Galiza pase dos actuais 3.700 MW a 13.700, non é de recibo que a Xunta non tome medidas eficaces para garantir que este novo boom eólico sirva para industrializar o noso país, servindo tal e como se ven anunciando (dun xeito, polo visto, retórico ou meramente propagandístico), de chave de bóveda para a reactivación económica de Galiza.

Galiza ten un enorme potencial eólico, temos os montes e o vento, e o seu aproveitamento non é gratuïto para nós como pobo, pagamos custes ambientais, paisaxísticos, e sociais, pola instalación dos muíños e das infraestruturas necesarias para evacuar e distribuír a enerxía, e resulta absolutamente lexítimo, e sobre todo no actual contexto, absolutamente necesario, poñer estes recursos naturais ao servizo da reactivación económica, e da creación de riqueza para a sociedade galega no seu conxunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Ten pensado a Xunta de Galiza promover unha negociación coa empresa SIEMENS-GAMESA co obxectivo de garantir investimento e ocupación no centro das Somozas que inclúa condicionantes para os proxectos de aproveitamento eólico que se queiran instalar na Galiza que signifiquen priorizar os centros produtivos galegos?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/01/2021 10:16:34

Daniel Pérez López na data 15/01/2021 10:16:38

Ramón Fernández Alfonso na data 15/01/2021 10:16:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os gromos aparecidos nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición de contaxios nas instalacións hospitalarias da área sanitaria de Ferrol ven sendo recorrente desde o inicio da pandemia, mais a súa repetición nos últimos tempos, case son solución de continuidade, é dunha grande gravidade, en canto que evidencia a falta dunha correcta planificación da prevención de riscos entre o persoal sanitario que está a poñer en risco non só ás persoas traballadoras do sistema público de saúde, senón tamén e por extensión, ás persoas doentes ou familiares que por diferentes motivos vense na obriga de acudir as anteditas instalacións hospitalarias.

Unha das medidas que máis insistentemente ven reclamando o grupo parlamentar do BNG é a realización de cribados masivos PCR (e non dobre banda) entre o persoal do SERGAS alén do propiamente destinado ao coidado ou atención directa das persoas contaxiadas de COVID ou sospeitosas. Xa que, salvo mellores ou máis convincentes explicacións que polo de agora a Xunta tampouco ofrece, parece evidente que unha das razóns polas que se espallan os contaxios é a existencia entre o persoal sanitario, igual que en calquera outro ámbito, de contaxios asintomáticos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para rematar coa reiteración de gromos de COVID aparecidos entre o persoal do SERGAS mais tamén entre doentes dos centros hospitalarios da área de Ferrol?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2021 11:27:43

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2021 11:27:47

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2021 11:27:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 15/01/2021 11:28:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** en demanda da ampliación dos estudos de gaita de fol e de música tradicional e popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gaita de fol na Galiza conta con estudos elementais, profesionais e superiores de música. O instrumento está presente en 4 dos 7 conservatorios profesionais (Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo) e en 1 dos 2 conservatorios superiores (Vigo) dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Alén disto, existen arredor doutros 16 conservatorios municipais ou privados, non dependentes da Consellería, que imparten ensinanzas de gaita de fol en todo o país.

No entanto, non existen na Galiza estudos musicais de posgrao relacionados coa gaita de fol ou a música tradicional. Non hai no territorio galego ningún posgrao oficial relacionado coa música en ningunha das súas vertentes: interpretación, investigación, composición ou produción. A USC conta, iso si, cun Curso Avanzado de Especialización Orquestral impartido pola Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, un título propio de posgrao destinado a formar instrumentistas de orquestra sinfónica. Mais sendo un título propio da USC, non ten recoñecemento académico en oposicións nin para o acceso a programas de doutoramento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, si existe a posibilidade nas universidades galegas de cursar doutoramentos en campos de investigación musicais, o que redunda na incoherencia de carecermos de estudos musicais de posgrao.

Ante a dificultade ou mesmo imposibilidade de acceso a esta formación musical académica nos estudos dos nosos instrumentos tradicionais e populares, nomeadamente a gaita de fol, persoas a título individual mais tamén desde a Asociación de Gaiteiros Galegos, fannos chegar a necesidade de inclusión dos estudos de gaita de fol en todos os conservatorios profesionais galegos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Á parte de que semella lóxico pensar que un instrumento patrimonial e identitario para o pobo galego deba estar presente en todos os centros públicos xestionados polo goberno galego, tanto na disposición adicional primeira do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, coma na disposición adicional cuarta do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establécese que as especialidades das ensinanzas de música poderán ser ampliadas para dar acollida a outras en razón do seu grao de interese etnográfico, histórico ou cultural. Coidamos que o estudo da gaita de fol na Galiza presenta interese nos tres puntos e pensamos que presenta o mesmo interese en Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, cuxos conservatorios a teñen incluída nos seus programas, ca na Coruña, Santiago e Pontevedra, onde non pode estudarse nos conservatorios da Xunta.

Entendemos tamén necesaria a inclusión do grao superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular no Conservatorio Superior da Coruña. A pesar de que existen graos similares en Asturias e en Cataluña, por exemplo, por circunstancias históricas e culturais non é o mesmo estudar gaita de fol en Asturias, Cataluña, Irlanda, Bélxica ou Galiza. Coa gaita de fol, cambiar de territorio implica cambiar, por pouco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sexa, a morfoloxía do instrumento, ao contrario do que lles ocorre a outros intérpretes, que poden moverse por toda Europa co mesmo instrumento exacto.

Finalmente, para complementar esta demandada formación musical, cumpriría tomar parte na creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música. Isto evitaría que o alumnado tivese que marchar fóra cursar estes estudos e axudaría a conservar e asentar na Galiza os profesionais formados aquí.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. É coñecedor o goberno galego da demanda de estudos de gaita de fol que fica desatendida nos conservatorios dependentes da Xunta de Galiza?

. Ten planificada algunha proposta académica conducente a ensanchar a oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidade.

. Comparte o goberno a necesidade demandada pola sociedade de crear estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música?

. Entende o goberno que esta oferta evitaría que o alumnado galego tivese que marchar fóra cursar estes estudos e axudaría a conservar e asentar na Galiza os profesionais formados aquí?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2021 12:01:19

Daniel Castro García na data 15/01/2021 12:01:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/01/2021 12:01:30



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un resumo da dotación orzamentaria desde o ano 2019 ata o ano 2022. No ano 2019 aparece un orzamento de 58.833.303 euros e no ano 2020 o orzamento foi de 82.167.231 euros tal e como se recolle no devandito plan.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático dos orzamentos da Xunta de Galicia en materia xacobeá imprescindible neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua de onde se está investindo os orzamentos recollidos no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 e do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é o grado de execución do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 elaborado pola Xunta de Galicia?
2. Cales foron as accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, dentro do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 58.833.303 euros no ano 2019?
3. Cales foron as accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, dentro do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 cos 82.167.231 euros no ano 2020?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:31:27

Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:31:34

Martín Seco García na data 15/01/2021 13:31:45



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021 axude a reactivalo. Non obstante, os novos gromos e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas están xerando unha vez máis gran preocupación.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico conta para a súa reactivación. Os gromos do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades e os orzamentos do Xacobeo 2021.

A Xunta de Galicia elaborou o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, dentro deste plan estratéxico está contemplado un eixe transversal que recolle un plan de mantemento dos camiños, plan de embelecemento do Camiño e da súa contorna, plan de reforma e ampliación dos albergues e un plan de sinalización do Camiño de Santiago.

O Plan Estratéxico Xacobeo 2021 non cumpriu o seu obxectivo porque no noso grupo parlamentario temos moitas demandas por parte dos concellos de sinalización e melloras do Camiño de Santiago e de construción e reformas de albergues.

A antigüidade dos albergues de peregrinos e peregrinas fai necesarios investimentos significativos para a súa adecuación a tódolos turistas que visitan a nosa terra e máximo cando estamos nun ano Xacobeo. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan investimentos e melloras nas súas instalacións.



Dentro deste Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 existe un Plan de investimentos cunha dotación económica de 105 millóns de euros, desde o Grupo Parlamentario Socialista demandamos un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeá neste ano.

O noso grupo reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer relacionado co Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cales foron as actuacións por provincias da Xunta de Galicia onde se investiron os 105 millóns de euros do Plan de investimentos recollido dentro do Plan Estratéxico Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noa Díaz Varela

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/01/2021 13:58:52

Noa Susana Díaz Varela na data 15/01/2021 13:58:58

Martín Seco García na data 15/01/2021 13:59:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.



O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garanten a supervivencia do pequeno comercio en Galiza?
- É consciente o goberno galego de que a falta de liquidez dos negocios os está levando ao peche?
- Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?
- Que medidas prevé a Xunta de Galiza de ámbito económico a través de axudas directas?
- E para garantir o acceso ao crédito?
- É consciente a Xunta de que a liberalización de horarios e descontos beneficia ás grandes multinacionais pero dilapida o comercio local?
- Vai defender a Xunta de Galiza a fin de políticas de oferta abusivas?
- Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir unha nova regulación de horarios que promova unha distribución racional dos tempos e a competitividade do pequeno comercio?
- Vai aprobar a Xunta de Galiza unha moratoria para impedir a implantación de novas grandes superficies comerciais?
- Vai impulsar a Xunta de Galiza un imposto ás grandes superficies comerciais e reverter o recadado no comercio pequeno e de proximidade, toda vez a lexislación europea xa abala a súa existencia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 18/01/2021 09:29:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2021 09:29:54

Daniel Pérez López na data 18/01/2021 09:30:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a demarcación xudicial en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No presente ano 2021 o grupo parlamentar do Partido Popular rexeitou unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para a creación dunha demarcación xudicial na Mariña Oriental de Lugo que posibilítase a creación dun novo xulgado de primeira instancia e instrución na mesma, ubicado na vila de Ribadeo.

Malia que a creación do partido xudicial interesado respostaba a unha demanda unánime, social e política, da comarca, permitía unha mellor correspondencia da estrutura territorial da organización social coa normativa vixente, tería unha repercusión económica positiva na Mariña Lucense, ao tempo que, mellorando o funcionamento da administración de xustiza, permitiría resolver os problemas que padecen os xulgados mixtos de Viveiro, o Parlamento de Galiza rexeitou a proposta perante a posibilidade de que creación dunha nova demarcación na Mariña Oriental puidese condicionar unha futura modificación da planta e demarcación xudicial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta variación na postura mantida ate hai ben pouco, tanto na comarca de Lugo, como no propio Parlamento de Galiza, esta ruptura do consenso e da unanimidade política e social, espertou a inquedaanza perante a posibilidade de que, retomando un proxecto do daquela Ministro de Justicia do Goberno de España -Sr. Ruiz Gallardón-, se estivese preparando a supresión de partidos xudiciais para concentrar a actividade xudicial nas grandes cidades e/ou capitais de provincias, abandonado ás vilas do rural do noso país. En concreto, se poder determinar se foi un “lapsus linguae” ou unha expresión do subconsciente, o grupo popular deslizaba que consideraba un exceso a existencia de partidos xudiciais nos que só existía unha unidade xurisdiccional, desprendéndose a vontade de supresión das mesmas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Considera admisible o Goberno Galego unha modificación da Lei de Planta e Demarcación Xudicial que suprima ou reduza os partidos xudiciais existentes na actualidade?

Entende o Goberno Galego que sería asumible unha modificación da planta e demarcación xudicial ou da estrutura xudicial en Galiza que poda implicar o cese de actividade ou na celebración de audiencias e vistas nalgunha das sedes xudiciais que veñen funcionando na actualidade?

Non cree a Xunta de Galiza que a recuperación do partido xudicial da Mariña Oriental, coa conseguente redistribución e racionalización das demarcacións xudiciais do norde de Lugo, serviría para mellorar e axilizar o funcionamento da administración de xustiza, e respostaría ás demandas e necesidades da poboación da comarca lucense, sendo acorde á normativa vixente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2021 11:26:59

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2021 11:27:11

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2021 11:27:18



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Galicia atópase inmersa nun contexto complexo provocado pola crise dunha pandemia causada pola Covid-19. Dende o mes de marzo do ano pasado, os centros de atención residencial para persoas maiores e dependentes foi un dos sectores máis vulnerables ante o virus, polo que na actualidade, dando comezo o ano 2021 e tendo en conta que os casos de coronavirus se multiplican en Galicia escalando cara a que se prevé a terceira vaga da pandemia, é urxente tomar medidas de calado neste ámbito.

Dende o Grupo Socialista fixemos numerosas propostas neste sentido, a modo de colaborar co Goberno da Xunta de Galicia, dentro dun contexto complexo. Segundo indican os datos, o Goberno autonómico sustentado polo Partido Popular, continúa sen asumir propostas construtivas e coincidentes coas recomendacións que dende o sector e que os propios profesionais demandan

Insistimos novamente na necesidade vital para a seguridade dos nosos maiores de elaborar un Plan de Evacuación de todos os casos de positivos que existan nas residencias de maiores ás residencias intermedias creadas para tal fin, e os casos que o requiran aos hospitais públicos.

A propia Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría demandou en numerosas ocasións esta proposta, co fin de protexer aos nosos maiores e á vez evitar a propagación do propio virus.

Por outra banda, é fundamental que a Xunta de Galicia traslade a este parlamento toda a información requirida polos grupos parlamentarios co fin de poder realizar o traballo como representantes da cidadanía galega, e polo tanto é urxente que se trasladen os datos de contaxios e falecementos de todos os centros de atención residencial separados por centro. Deste xeito será posible optimizar o seguimento e o labor de oposición de xeito construtivo e propositivo.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia elaborar un protocolo de evacuación de todos os positivos por Covid-19 dos propios centros residenciais para protexer ao resto de residentes e evitar a propagación do virus?

2.ª) Ten previsto a Consellería de Política Social aportar os datos de contaxios e falecementos a causa da Covid-19 por cada centro residencial?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/01/2021 12:46:20

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2021 12:46:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda de información sobre o proxecto cultural artellado ao redor do Xacobeo 2021.

A Xunta adoita fiar as expectativas de recuperación económica para Galiza á celebración do Xacobeo 2021.

O Vicepresidente primeiro da Xunta adiantouse a cualificalo mediaticamente como “potentísimo” en caso de ter superadas as limitacións á mobilidade.

Unha marca que se asenta fundamentalmente na mobilización do sector turístico e que adoita esquecer, cando non confundir, os sectores culturais propios.

Un evento que ademais xa contou con partida orzamentaria no exercicio económico de 2020, a pesar de non existir unha planificación coñecida a medio e longo prazo, cunha estratexia de futuro, fóra dos investimentos en infraestruturas para arranxar diferentes lugares do Camiño e, moi particularmente, as entradas en Santiago.

Iniciado xa o ano 2021 case nada se sabe deste proxecto tan agardado polo sector turístico e hostaleiro, máis alá do anuncio de estar orzado con 85,6 millóns de euros no proxecto de orzamentos da Xunta, pendente de aprobación definitiva nesta altura, e da asignación de 35,7 millóns de euros para a contratación de seguros “coronavirus”, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cubrirían gastos sanitarios, transporte, estadía e aloxamento derivados da posíbel situación de contaxio e confinamento, tanto para o viaxeir+o como para o acompañante.

Asemade, tense indicado desde a vicepresidencia primeira que 38 millóns irán destinados á programación que, comezado o ano 2021, aínda descoñecemos, agás a xa celebrada iluminación dalgúns monumentos de diferentes comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago, enmarcado na iniciativa “Acende o Xacobeo”. Como seguimos a descoñecer, igualmente, que se vai facer cos maiores recursos que vai ter a AGADIC para este período.

O Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, presentado no mes de xullo de 2019, non se adapta ao presente epidemiolóxico, polo que é preciso coñecer cal é a reorientación do ano xacobeo, as mudanzas presupostarias e a súa adaptación á prolongación ao 2022, segundo a decisión das autoridades relixiosas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que orzamento executou o goberno en 2020 e en que actuacións concretas?

Que aconteceu coa programación contratada para o festival “O Son do Camiño” adiado en 2020 para 2021?

Que programación prevé e está a deseñar o goberno adaptada ao actual marco epidemiolóxico tan incerto e inestábel?

De que maneira pensa o Goberno aproveitar este momento como unha oportunidade o Xacobeo 2021 para xerar emprego de calidade en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para que o Xacobeo sirva como panca de rescate dos sectores culturais?

Como se van atender os sectores culturais galegos na planificación da nova programación?

Coidarase que o orzamento dispoñíbel se reasigne e teña un retorno maioritariamente nos sectores culturais galegos?

Cales son as accións que se tomarán para manter os sectores profesionais e creadoras/es?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2021 13:46:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2021 13:46:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 18/01/2021 13:46:34



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 26 de xullo de 2019 o Consello de Contas presentou no Parlamento de Galicia unha serie de informes de fiscalización, entre os que se encontraba o Informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016, correspondente ao Plan de Traballo anual do Consello de Contas para 2018.

Nas conclusións contidas no dito informe de fiscalización o Consello de Contas informa de que é responsabilidade do Consello da Xunta autorizar a disolución das sociedades mercantís autonómicas e determinar o destino do haber social a proposta da consellería de facenda e previa iniciativa da consellería e entidade interesada, correspondéndolle tamén autorizar a extinción das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma, así como que é a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Avaliación, a quen lle corresponde elaborar os plans de racionalización e reestruturación co obxectivo de racionalizar o gasto e mellorar a xestión.

Sendo a responsabilidade do Consello de Contas expresar conclusións sobre a adecuación á normativa aplicable e a efectiva consecución dos obxectivos do proceso de extinción destes entes como consecuencia da reestruturación do sector público; así como expresar as recomendacións que se deriven das ditas conclusións.

O informe contén 12 conclusións sobre a xestión dos procesos de extinción, nas que pon de manifesto, entre outras, que a Xunta de Galicia aprobou tres plans de racionalización ou avaliación de entidades dependentes dende abril de 2010 tomando como base o traballo de avaliación das entidades públicas realizado pola Dirección xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e que conduciu á proposta de medidas de extinción, reformulación ou mellora dos organismos analizados, sendo as extincións de entidades só unha parte dos plans, pasando no período referido o sector público autonómico de Galicia de 157 entidades a 112, porén a importancia económica dun gran número das extinguidas é menor polo que en termos económicos o aforro derivado das extincións é limitado e que a



baixa dun gran número de entidades veu acompañada da creación doutras novas, principalmente coa forma xurídica de Axencia, resultando que o volume de recursos públicos xestionados de maneira descentralizada, en termos relativos, estea a aumentar e que os procesos de extinción non deron lugar a despedimentos de persoal, provocando diferencias importantes, principalmente retributivas, entre o persoal asumido provinte das entidades extinguidas e os traballadores do ente absorbente.

Conforme a estas conclusións, o Consello de Contas establece varias recomendacións, entre outras, que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade así como realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno galego asumir as recomendacións feitas polo Consello de Contas no informe de fiscalización correspondente aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016?

2ª) Cando vai o Goberno galego poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade?

3ª) Cando vai o Goberno galego realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 12:15:44

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 12:15:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, establece no seu artigo 5º as funcións do dito consello:

De acordo coa súa finalidade e natureza, correspóndelle ó consello as seguintes funcións, entre outras:

” 1. *Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.*

1.1 Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:

a) *Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.*

Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) *Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten a organización, as competencias ou o funcionamento do consello.*

c) *Calquera outro relativo a materias que teñan que consultárselle ó consello por precepto expreso dunha lei.*

O Consello da Xunta, ó comunicarlle ó Parlamento a aprobación dos proxectos de lei e de decretos legislativos, incluírá o ditame elaborado, se é o caso, polo consello”

Na pasada lexislatura, na tramitación da maioría das leis debatidas no Parlamento galego omitiuse o informe do Consello Económico e Social de Galicia aínda que regulasen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, Lei de benestar animal, Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas ou as leis de medidas fiscais e administrativas da dita lexislatura son algúns claros exemplos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:



1ª) Que valoración fai o Goberno galego desta anomalía legal?

2ª) Considera o Goberno galego que se está a dar cumprimento ao contido do artigo 5º da dita lei?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 12:53:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 12:53:24



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

O Executivo autonómico ten que poñer en marcha medidas máis efectivas que as axudas que sacou para a hostalería. Estas axudas non están salvando a este sector da crise económica tan profunda pola que están pasando.

Segundo os datos publicados o 21 de decembro polo Instituto Galego de Estatística (IGE). A peor rama polos efectos da pandemia é a hostalería. Coincidindo cos primeiros brotes graves de covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu un 42 %. O recorte entre xaneiro e outubro supera o 45 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos. En Galicia no último ano a caída de traballadores en alta foi do 1,7 %, con 16.855 ocupados menos. Deles 12.091 correspondían á hostalería, segundo os datos que acaba de publicar o IGE. O sector destruíu en decembro outros 1.325 postos de traballo e acumula no ano unha redución do emprego do 16 %.

Estes datos confirman que a pandemia está destruindo a maioría dos empregos no sector da hostalería. Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite, por iso desde o grupo parlamentario socialista demandamos á Xunta de Galicia a elaborar un plan de rescate o antes posible para este sector. Así o está reclamando desde fai varias semanas á hostalaría de toda Galicia.



O sector rexistrou unha caída da facturación do 70 % con respecto á campaña de Nadal do 2019-2020. As perdas no mes de decembro para a hostalería oscilaron entre os 15 e os 18 millóns.

O Goberno autonómico ten que elaborar un plan de rescate serio para salvar á hostalería galega, non pode seguir demorando este rescate e debe facelo con axudas potentes e con recursos suficientes, xa que ten capacidade orzamentaria e non pode seguir obviando os grandes problemas económicos polos que está a pasar este sector. A Xunta de Galicia ten que aumentar o orzamento para este ano, e así este sector poda salvar a súa liquidez.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia a elaborar un plan de rescate para o sector da hostalería para garantir a súa supervivencia na nosa Comunidade Autónoma?
2. Vai a Xunta de Galicia a axilizar a tramitación das axudas para o sector da hostalería?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2021 13:09:53

Martín Seco García na data 19/01/2021 13:10:00

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 13:10:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 13:10:20



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local.

Esta crise ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez.

A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia.

Anterior a esta crise o futuro do comercio xa era cada vez máis incerto. Sen lugar a dúbidas, este sector é uns dos grandes damnificados da pandemia provocada pola covid-19. A súa delicada situación no é nova. Antes da chegada do virus o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios, por falta de relevo xeracional, o exceso de oferta, a atomización das grandes cadeas e o auxe do comercio electrónico.

No comercio desapareceron 1073 empresas en Galicia no ano 2019, case tantas como as perdas entre 2009 e 2011, no arranque da recesión financeira.

A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ó longo deste 2021, especialmente cando teñan que devolver as axudas concedidas.

Estes datos amosan polo que esta a pasar o comercio na nosa Comunidade Autónoma. A realidade que está xurdindo nestes meses semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio de Galicia. A metade das baixas dos autónomos é do sector do comercio. Por iso, este sector ven reclamando un plan de rescate do Executivo autonómico.

O Goberno galego ten que acompañar as restricións anunciadas, debidas á pandemia da covid-19, de apoio económico a todos os sectores afectados, especialmente ó comercio.



O sector do comercio non foi un sector prioritario para a Xunta de Galicia, nin antes, nin despois, da crise causada pola covid-19, as axudas para reducir ao máximo o impacto da covid-19 foron moi escasas e chegaron moi tarde.

O Goberno autonómico dedica escasos recursos ao pequeno e mediano comercio tendo en conta as urxentes necesidades existentes deste sector. Isto o podemos comprobar nos orzamentos deste ano onde só aumentaron en 7 millóns a partida orzamentaria.

O Goberno autonómico amosa unha despreocupación total polo Comercio nesta etapa que estamos a vivir, polo que compre apremar á Xunta de Galicia a que leve un maior orzamento para o ano 2021, e así este sector poda salvar a súa liquidez.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia aumentar a partida orzamentaria de comercio para o ano 2021 para salvar a liquidez deste sector de forte implantación en Galicia?
2. Vai a Xunta de Galicia a elaborar un plan de rescate no primeiro trimestre do ano para o sector do pequeno e mediano comercio e deste xeito garantir a súa supervivencia na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2021 13:12:20

Martín Seco García na data 19/01/2021 13:12:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para facilitar o acceso da mocidade ao transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega. Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar ao cabo as actividades cotiás, unha grande parte dos galegos e galegas recorren ao transporte público en formas diversas, como son o tren ou o autobús.

En concreto, o transporte colectivo é un servizo utilizado pola grande maioría da mocidade, xa sexa por non dispoñer dun vehículo particular ou ben pola comodidade no seu uso nos desprazamentos por estudos, traballo ou lecer.

A mocidade galega caracterízase por ser un sector da poboación onde a precariedade é maior, debido á falta de ingresos en períodos formativos ou mesmo polas extremadamente malas condicións laborais de precariedade e temporalidade na que viven as mozas deste país.

Comezamos este ano 2021 cun incremento moi importante no prezo dos billetes de autobús, sendo isto un impedimento para moita xente á hora de acceder ao uso deste servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nun sector da poboación tan castigado como é a mocidade, é necesario que o goberno galego aplique medidas que faciliten o acceso a este servizo. No pasado, a tarxeta xuvenil “Carné Xove” da Xunta de Galiza facilitaba que a mocidade utilizase o transporte público ao aplicar un desconto do 20% no prezo das viaxes.

Actualmente, esta bonificación ou desconto foi eliminada por parte da maior concesionaria do país en termos de transporte, sen ningún tipo de acción ou inxerencia por parte da Xunta de Galiza.

Alén desta cuestión, entendemos insuficiente o rango de idade marcado pola Xunta de Galiza en termos de descontos ou bonificacións no transporte público, sendo este até os 21 anos coa tarxeta “Xente Nova”, que introduce a gratuidade do transporte metropolitano para menores de 21 anos, ou o límite dos 25 anos nos descontos que se obteñen polo uso do “Carné Xove” no uso tren.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é o motivo da non aplicación dos descontos existentes para as mozas de entre 21 e 30 anos posuidoras do Carné Xove? Que vai facer a Xunta para reverter esta situación?

Considera a Xunta de Galiza que a mocidade galega precisa de facilidades para acceder ao uso do transporte público?

Hai previsión, por parte da Xunta de Galiza, en ampliar as bonificacións ou descontos destinados á mocidade no tocante a transporte e mobilidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2021 16:32:18

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2021 16:32:21

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2021 16:32:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a convocatoria de axudas ao aluguer.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, establece un programa de axudas ao aluguer de vivenda, así como un programa coa mesma finalidade dirixido de forma específica á mocidade.

As bases reguladoras de ambos programas foron establecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante a orde de 2 de agosto de 2019, coa que se procedía ao mesmo tempo á convocatoria destas axudas para o ano 2019. Como consecuencia desta orde entre setembro e outubro de 2019 permaneceu aberto o prazo da convocatoria para solicitar unhas axudas que se viñan convocando anualmente.

Dende entón, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non procedeu a unha nova convocatoria para o ano 2020. A única forma de acceder a estas axudas na actualidade é ter sido beneficiario en convocatorias anteriores e non ter perdido o dereito en ningún momento, podendo renovar a axuda por un período máximo de tres anos.

No ano 2019 o prazo de convocatoria destas axudas xa resultaba de por si moi restrinxido e inflexible, xa que obrigaba aos solicitantes a agardar meses para poder





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facer a solicitude nesa fiestra temporal dun mes. No ano 2020 o impacto da pandemia e das medidas adoptadas para frear os contaxios supuxeron a destrución de máis de milleiros de postos de traballo e un aumento brutal da inestabilidade laboral e a precariedade en moitos sectores. Esta situación esixía dunha reformulación urxente das bases reguladoras desta axuda, facilitando o acceso a estas axudas con convocatorias permanentes de forma que a Administración Pública dese soporte e garantías de acceso á vivenda á poboación nunha situación tan difícil e inestable como a que estamos a vivir.

Pola contra, a Xunta de Galiza non só non flexibilizou o acceso a estas axudas, senón que non procedeu á convocatoria destas axudas durante todo o ano 2020. De forma que neste momento a última convocatoria para solicitar as axudas ao alugueiro tanto as de carácter xeral como as dirixidas a xente moza, convocáronse hai 15 meses.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Por que se negou a Xunta de Galiza a convocar as axudas ao aluguer de vivenda libre durante o ano 2020?

Considera o Goberno da Xunta de Galiza apropiado negarse a convocar as axudas ao aluguer de vivenda libre nun ano marcado pola pandemia e a crise económica?

Que impacto cree a Xunta de Galiza que tivo para as familias en situación de precariedade económica a non convocatoria das axudas ao aluguer de vivenda libre durante o ano 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta de Galiza convocar con carácter urxente as axudas ao aluguer para o ano 2021?

Vai a Xunta de Galiza a compensar dalgunha forma a falta de convocatoria das axudas ao aluguer no ano 2020 para aquelas persoas que cumprindo os criterios para recibilas non puideron acceder ás axudas?

Vai a Xunta de Galiza a pór en marcha un programa ao aluguer de vivenda libre específico para dar resposta ao contexto da crise derivada da COVID-19?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2021 16:54:59

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2021 16:55:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2021 16:55:08



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Decreto 166/2018, de 27 de decembro, declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, paso previo para presentar a súa candidatura á Lista do Patrimonio Cultural da Unesco. En marzo de 2020 coñecíase que finalmente a candidatura da Ribeira Sacra será unha das 24 propostas mundiais elixidas pola Unesco para ser sometida a estudo e avaliación.

Entrementres, en maio de 2019 o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, anunciaba en sede parlamentaria a licitación dun plan de xestión da Ribeira Sacra como “instrumento necesario” na estratexia de conseguir o recoñecemento pola Unesco; e sen que nada máis se soubese dese plan, en outubro dese ano anunciábase unha reunión na Cidade da Cultura para avanzar no proxecto que estaría rematado a finais do ano.

Efectivamente, en decembro de 2019, nunha reunión nos Peares, a Xunta de Galicia presentaba a estratexia para coordinar todos os investimentos na zona, que daba en chamar ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da paisaxe cultural’ e que leva consigo un investimento -en 12 concellos ourensáns e 13 lugueses- de máis de 34 millóns de euros a repartir entre os anos 2020 e 2023 nun total de 35 accións distribuídas en sete eixos programáticos nas que participan cinco consellarías.

O Goberno galego asegura que o devandito plan contempla melloras nos ámbitos do patrimonio e a paisaxe cultural, a ordenación do territorio, a conservación dos valores naturais e medio ambiente, o desenvolvemento económico sustentable, a xestión do turismo, a educación, formación, investigación, comunicación e participación.

Nesa xuntanza anúnciase ademais que o plan será posto en coñecemento das persoas avaliadoras da Unesco para que o consideren de cara á decisión final que deberá ser tomada en 2021.

Dada a relevancia dese plan, que debería ser dialogado e consensuado cos concellos e deputacións afectadas, consideramos que o documento debería ser



público, ou cando menos coñecido por todos eses entes locais e provinciais, mais a realidade é que, un ano máis tarde da súa presentación, non dispoñen del.

Suponse que ese documento, que debería conter liñas de acción estratéxicas e orzamentadas de maneira detallada, afecta a moito do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra, e por iso resulta sorprendente que tampouco se coñeza o destino das partidas específicas, canto lle vai corresponder en cada exercicio e a que consellaría pertence cada orzamento.

Tal é a súa inconcreción que o proxecto de orzamentos para 2021 só contempla especificamente para a Ribeira Sacra unha partida -compartida co Xacobeo- da Axencia Galega de Turismo no programa 433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural de 1.850.000 euros de apoio aos plans de sustentabilidade turística. Un orzamento moi afastado dos 34 millóns de euros anunciados.

Ante esta falla de transparencia inexplicable por canto as deputacións provinciais e os concellos deberían coñecer con tempo as accións a acometer pola Xunta de Galicia no seu patrimonio, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten elaborado o Goberno galego o ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’ avanzado en 2019 pero descoñecido por moitos concellos e deputacións afectados?

2ª) De estar elaborado, cales son as razóns dese descoñecemento?

3ª) Cal é o reparto, por concellos e accións concretas, dos máis de 34 millóns de euros do Plan previsto para 2020-2023?

4ª) Quen vai xestionar o ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’?

5ª) Entregouse o Plan Ribeira Sacra ao comité avaliador da Unesco tal e como se anunciou a finais de 2019?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2021 16:54:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2021 16:54:39

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2021 16:54:53

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 16:55:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Carmen Aira Díaz, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe aplicar a Xunta de Galiza para garantir a conciliación e atención de persoas dependentes e con discapacidade en casos positivos de COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia da COVID-19 non afecta a todas as persoas e fogares por igual. Alén da afectación á saúde, a obriga de corentenarse e illarse dos casos positivos provoca multiplicidade de casuísticas en función das características familiares.

Como xa temos sinalado desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para as familias traballadoras que non poden acollerse a unha baixa, supón unha enorme dificultade para conciliar a vida laboral e persoal. Porén, esta situación agrávase cando falamos de familias monoparentais.

Nos últimos días tivemos coñecemento de diversos casos que afectan, ademais de a familias monoparentais, a persoas dependentes e con discapacidade que precisan de asistencia persoal.

É o caso de Montse Fraga, veciña de Narón, que denunciou publicamente nos medios de comunicación a situación na que se atopou despois de dar positivo por coronavirus. O seu fillo, Brais, dependente ficou sen asistencia persoal ao non substituír





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a empresa que presta este servizo a traballadora habitual. Sen alternativa, Fraga tivo que asumir o coidado e atención do seu fillo que rematou contaxiándose tamén.

O seu non é un caso illado e evidencia a falta de previsión á hora de artellar protocolos e medidas específicas desde a Xunta de Galiza para garantir que en casos coma este, os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade así como das súas familias non sexan vulnerados.

Non se trata só da posibilidade de conciliar ou de garantir o cumprimento da corentena, senón de evitar situacións de risco e blindar os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade que, en ningún caso, tampouco por mor da COVID, poden verse mermados.

Para iso, é indispensábel que se dote dos recursos necesarios ás familias, especialmente ás monoparentais, para que poidan cumprir coas pautas que fixan as autoridades sanitarias en casos de illamento así como a atención e apoio que persoas dependentes e con discapacidade precisan para desenvolver a súa vida diaria.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente á Xunta de Galiza das circunstancias nas que se atopan as familias monoparentais para facer fronte ás consecuencias da COVID-19?
- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir o coidado de dependentes a cargo no caso de familias monoparentais nesta situación de pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Esixe ou pensa esixir a Xunta de Galiza ás entidades prestadoras de servizos sociais que conten con equipas COVID-19 para garantir a atención de persoas con discapacidade ou dependentes en fogares con positivos por coronavirus?

- Para casos sen outra alternativa, conta a Xunta de Galiza con centros de referencia que poidan acoller a persoas con discapacidade ou grandes dependentes cando as súas familias non poden asumir o seu coidado temporalmente por mor da COVID19?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2021 18:31:18

María del Carmen Aira Díaz na data 19/01/2021 18:31:21





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2021 18:31:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a incluír ao persoal do (SAF) e aos (TES) no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario co fin de programar a súa vacinación fronte á covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación por parte da Consellaría de Sanidade do “Plan Galego de Vacinación Fronte ao SARS-Co V-2” e a posta en marcha do proceso de vacinación despertaron a preocupación colectivos de profesionais que traballan en servizos sanitarios ou sociosanitarios, pola planificación e desenvolvemento da campaña ao ver que no anexo 2 do Plan no que se establecen a orde de vacinación non son considerados prioritarios a pesares de desenvolver labores esenciais e ter un alto nivel de risco tanto de contaxiarse ou de contaxiar.

Dous destes colectivos son as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar (SAF) e xs Técnicxs de Emerxencias Sanitarias que realizan o seu traballo no servizo de ambulancias non urxente. Os dous colectivos trasladaron escritos aos grupos con representación no Parlamento galego demandando ser incluídos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O persoal sociosanitario do SAF denuncia que están na primeira liña de atención a persoas dependentes, polo que é necesario que teñan medidas especiais de protección contra o contacto directo coas persoas usuarias que poderían estar infectados e que compoñen tamén, a poboación máis vulnerable e con maior risco da sociedade. Non traballan nun ambiente controlado, como unha residencia ou un centro de día, xa que realizan os seus servizos en diferentes fogares, realízanlle trámites (médico, farmacia, supermercado...) e moi especialmente porque non hai control sobre a relación que poidan manter as persoas ás que atender con convivintes, veciñanza ou visitas que poidan recibir. Denuncian así mesmo a inexistencia de protocolos de actuación unificados nos casos persoas infectadas ou sospeitosas de covid, cada empresa concesionaria e cada concello xestionan esta cuestión segundo os seus propios criterios. A maioría das traballadoras non teñen o material de protección axeitado e, son moitas ás que nunca se lle realizou unha PCR, a pesares dos meses transcorridos desde o inicio da pandemia.

Pola súa banda os TES do servizo de ambulancias non urxente mostran a súa discrepancia con que non teñan a mesma consideración que o persoal sanitario e sociosanitario que traballa en residencias de persoas maiores e de atención a persoas con gran discapacidade, xa que fan os traslados destxs usuarixs, ao igual que os dos servizos de coidado non intensivo onde se realicen procedementos que poidan xerar aerosois ou servizos e unidades con pacientes de alto risco (oncoloxía, hematoloxía, diálise, etc.). Teñen contacto cxs doentes á hora de asistilos, manipulalos, acomodalos, sentalos, deitalos etc. nun espazo reducido como é unha ambulancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a razón de non incluír ás persoas que traballan no Servizo de Atención no Fogar (SAF) e aos Técnicxs de Emerxencias Sanitarias (TES) no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario co fin de programar a súa vacinación fronte ao SARS-Co V-2?

-Non consideran que a súa é unha labor esencial con persoas altamente vulnerábeis e con alto risco de contaxialas e ser contaxiadas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/01/2021 10:21:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 20/01/2021 10:21:24

Olalla Rodil Fernández na data 20/01/2021 10:21:33



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo.

O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo.

A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicoloxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

Tradicionalmente a idade na que as persoas se iniciaban no xogo era de media os 28 anos, pero estudos recentes afirman que na actualidade a idade concéntrase entorno aos 18 anos.

Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

A pandemia trouxo consigo unha redución da vida social, o que afectou notablemente á mocidade, que ao ter que permanecer máis tempo na casa aumentou o consumo de tecnoloxía dixital e por ende tamén aumentaron os xogos e apostas on line, ata o punto de incrementarse un 11 % a cifra de galegos que pediron de forma voluntaria á ordenación xeral do xogo, ser excluídos do xogo “online”.

A regulación autonómica do xogo está obsoleta, e aínda que a Xunta de Galicia leva varios anos anunciando unha nova lei do xogo, a realidade é que a tramitación non chega.



Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten pensado o Goberno galego, iniciar a tramitación parlamentaria do proxecto de lei do xogo de Galicia?
2. Cree a Xunta convinte establecer unha regulación, que poña o foco nos colectivos máis vulnerables en consonancia coa normativa estatal vixente?
3. Ten previsto o Goberno galego, realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, e dotalas presupostariamente, con proxectos dirixidos a menores nos que incorporen a perspectiva de xénero?
4. Vai o Goberno galego expor na Comisión de Xogo de Galicia, o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración, para que se establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento, priorizando os intereses da sociedade en xeral e non só os intereses dos axentes económicos?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/01/2021 18:17:29

Pablo Arangüena Fernández na data 20/01/2021 18:17:35

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2021 18:17:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Intepelación**, relativa á demanda de información sobre a situación de incerteza creada a raíz da saída da Xunta de Galiza do Padroado da Fundación Sargadelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Sargadelos é máis que un centro de traballo, é todo un emblema da cultura galega.

A factoría de Cervo, na comarca da Mariña, foi fundada en 1806 por Antonio Raimundo Ibáñez con quen comezou a produción de louza nesta localidade mariñá, mais foi da man de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane cando se converteu en máis que unha fábrica de cerámica para ser espazo de creación artística e rexurdir cultural do país após a ditadura fascista.

Un proxecto de tal calado histórico non asombra que atravesase diferentes etapas históricas, marcadas polos avances no deseño e policromía da louza, chegando a traballar na fábrica orixinaria en 1849 máis de 1.000 familias na coñecida como época dourada do primeiro Sargadelos. Un tempo que contrasta coa decadencia progresiva que se vivirá nas décadas seguintes e que levará ao peche en 1875.

Haberá que agardar a 1949 en que Isaac Díaz Pardo inaugure un taller cerámico que acaba converténdose no complexo industrial de Cerámica do Castro. A súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incansábel vocación artística e espírito empresarial, para alén do seu contacto cos exiliados galegos en terras arxentinas, contribuíu para cadrar, xunto a Luís Seoane, a vontade común de traballar nun proxecto de recuperación económica e cultural de Galiza, que se plasmou en 1963 coa creación do Laboratorio de Formas.

Ao tempo que o Castro recuperaba a produción de louza enraizada no simbolismo artístico e histórico de raíz propiamente galega, en 1970 os dous piares fundacionais deste proxecto cultural e económico vitalmente galego reinauguran o novo Sargadelos de Cervo, abrindo a porta a unha concepción cultural revisionista do que significaba Galiza.

Deseño e calidade, asentadas nunha marca de identidade persoal galega, converteron este produto nun referente de recoñecemento interior e exterior.

Nos últimos anos a empresa estivo ás portas da quebra, atravesou un longo concurso de acredores e o cadro de persoal viuse atinxido por un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) imposto pola dirección, co visto e prace da Xunta de Galiza, que sería declarado nulo polo TSXG en xaneiro de 2018. Un tempo que, no entanto, abriu a porta a represalias sindicais contra algunha traballadora e foi oficializando despidos progresivamente.

Unha actitude do actual administrador de Sargadelos que puxo en risco a viabilidade da produción e da propia factoría, cuxo complexo de Cervo foi catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC) a través do Decreto 171/2014, do 26 de decembro, na categoría de monumento; e con ela o futuro dun dos símbolos culturais de Galiza.

Trátase, pois, dun complexo que para alén de factoría é un monumento, unha mostra material do inmenso patrimonio artístico e cultural de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Razóns de máis para que desde a Xunta de Galiza se atenda ao presente e futuro dun valor cultural referencial.

O 26 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba na súa web oficial que “a Xunta pasará a formar parte do Padroado da Fundación Sargadelos, tras o acordo acadado coa dirección da firma. Un acordo co que o Goberno galego dá un novo paso na reactivación do legado cultural de máximo nivel dunha da firmas máis simbólicas do país e unha oportunidade fantástica para poñer en valor, impulsar e promocionar a innegable transcendencia de Sargadelos na cultura galega”, en palabras do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez.

Informábase tamén que o propio conselleiro e o secretario xeral de cultura serían os representantes do goberno no padroado da Fundación Sargadelos.

Na folia de ruta comprometida polo goberno destacaba “a reactivación do complexo de Cervo, como primeiro paso dun ambicioso proxecto autonómico”, entre varias iniciativas nas que “a Xunta de Galicia vai estar implicada co obxectivo de poñer en valor e difundir o legado cultural de máximo nivel de Díaz Pardo e Luís Seoane, tendo tamén en conta a súa pegada tanto no Castro (Sada) como en Santiago de Compostela”.

En decembro de 2020, mes e medio despois, fíxose público na prensa, e non nas canles oficiais da consellaría, que a Xunta renunciaba a continuar a facer parte do Padroado da Fundación Sargadelos para “evitar susceptibilidades” ao se confirmar a incorporación profesional como asesora externa da parella do presidente da Xunta.

Resulta moi sorprendente que en tan pouco tempo aquel reseñado e mediático pacto para un ambicioso proxecto compartido fose anulado sen máis explicación oficial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e con estrañas correlacións empresariais, políticas e familiares próximas ao presidente da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- . Que argumentos valorou o goberno para se incorporar ao Padroado da Fundación Sargadelos?
- . Que razóns xustifican a inesperada saída no prazo de mes e medio?
- . Que importe de axudas públicas e para que conceptos leva recibido a empresa?
- . Que avaliación de seguimento das mesmas realizou o goberno da Xunta?
- . Que valoración fai o goberno sobre a necesidade de protexer o legado de todo tipo de bens e creacións que conforma Sargadelos?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/01/2021 18:25:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/01/2021 18:25:59

Mercedes Queixas Zas na data 20/01/2021 18:26:06





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGms.JIKVFH7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

